

# CADAQUÉN FALA COMA QUEN É

## REFLEXIÓNS VERBO DA FRASEOLOXÍA ENXEBRE

DISCURSO LIDO NA RECEPCIÓN PÚBLICA  
DO 4 DE MAIO DE 1996 POR

DON XESÚS FERRO RUIBAL

E RESPOSTA DE

DON CARLOS CASARES MOURIÑO



DISCURSO

DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XESÚS FERRO RUIBAL

## Na memoria de Enrique Vidal Abascal (1908-1994)

Aínda foi onte, en Compostela, cando viamos cruzar unha figura esvelta e impecablemente vestida, e díxenlle á miña muller: *Este que atravesa agora é Vidal Abascal*. Nada podía suxerirme que esta Real Academia Galega me había chamar para substituí-lo gran xeómetra.

Dende unha aldea de Rebón, en Moraña, traen, Señores Académicos, ás portas deste senado cultural alguén que mira para si e non entende por que a Academia reparou nel. Repítolles en público o que en privado e por escrito xa lles manifestei: convocan a entrar en substitución dun gran matemático a quen nin é doutor nin leva trazas de selo; convocan a un aprendiz de moitas cousas e mestre de ningunha. Dígolle-la miña verdade: os méritos que esta Academia quixo ver en min redúcense a saber disimula-la miña ignorancia, ou con horas de traballo, ou laborando man con man con xente de valía. O resto fíxoo este País, que me deu os medios para estudar e que, por mor da nosa lingua, deume unha paixón pola ecoloxía lingüística que, unida á que teño polos meus, é a que me bota fóra da cama cada mañá. Eu non lles son outra cousa. Só a xenerosidade desta Academia explica que eu estea agora aquí.

O profesor Vidal Abascal, en cambio, foi e será sempre unha gloria da ciencia galega. A súa obra *Geometría integral sobre las superficies curvas*, de 1952, levou o Premio Alfonso X do Consello Superior de Investigacións Científicas, e a do ano seguinte, *Fundamentos de la Geometría Integral* mereceu o premio da Academia de las Ciencias de Madrid. No mesmo ano publicou *Cálculo de órbitas de estrellas dobles visuales*. Precisamente para o cálculo desas órbitas, tema da súa tese, acabou inventando o *orbígrafo*, aparato que permite trazar no papel a curva que representa os ángulos de posición en función dos das distancias, respectando rigorosamente a lei das áreas.

Foi o introductor dos estudos de Xeometría Diferencial na nosa Universidade, e en particular, os estudos sobre foliacións, que soubo irradiar a outras universidades españolas. Así, no 56 publicou a *Introducción a la Geometría Diferencial*. No 61, *Problemas de Matemáticas*. No 66, *La nueva matemática*. No 67 *Curso de matemática para ingenieros, físicos y químicos*. No 70, *Cálculo infinitesimal*.

Que a matemática internacional denomine os espazos case-foliados como *Espacios de Vidal* ou que dous tipos das estruturas case-hermíticas se coñezan como *G1* e *G2*, onde o *G* é por *galegas*, revela o seu nivel científico e o amor a Galicia.

Vidal Abascal practicou unha virtude esencial do galeguismo: ergue-lo rango da nosa terra facendo un traballo de alta calidade en Galicia e dende Galicia. Por iso organizou en 1963 en Santiago (antes ca en Madrid) o Primeiro Coloquio Internacional de Matemáticas. Por iso impulsou e presidiu a Real Academia Galega de Ciencias. Por iso é autor de setenta e sete publicacións, dirixiu quince teses de doutoramento, trouxo sempre a Santiago os mellores matemáticos do mundo e predicou a eficacia multiplicadora do traballo en equipo: lembren que el repetía que *Un e un non fan dous, fan once*: axioma que, formulado por un matemático, debe de ser certo. E a proba é que naceu o que se coñece como Escola de Xeometría Diferencial compostelá, á que se debe o 70% do que nese eido se fai en España. Isto é vivir en harmonía coa nosa paisaxe excepcional, co mellor da nosa historia, coa arte de Compostela. Vidal Abascal irradiou a súa ciencia a Institucións ou Congresos de Lausanne, Paris, Niza, Estrasburgo, Oberwolfach, Bruxelas, Edimburgo e Moscova; foi membro das máis prestixiosas Sociedades Matemáticas do mundo; e o Goberno de Francia concedeu unha condecoración, que raras veces concede a científicos non franceses: *Officier dans l'Ordre des Palmes Académiques* (1974).

O doutor Vidal Abascal, eixe da Facultade de Matemáticas de Compostela, dende o ano 70 fixo patente a súa preocupación polos problemas da Universidade, á que consideraba formadora de homes novos. No ano 1971 ingresou nesta Academia, substituíndo o seu profesor D. Ramón M. Aller Ulloa, cun discurso sobre A crisis da Universidade Europea. No 72 publicou *La ciencia y la Universidad socializada*. Deu a lección inaugural do curso 75-76 sobre *Influencia de algunos matemáticos y universitarios en el renacimiento cultural de Galicia*. No 79 publicou a biografía do matemático e astrónomo lalinense Ramón M. Aller e mais un ensaio *Sobre a Universidade e a pintura galegas*.

Este lalinense, que casualmente naceu en Uvieu, recibiu, se cadra, o primeiro estímulo pictórico na barbería de Laxeiro, aquel outro lalinense que deixou a navalla de afeitar polo pincel, e nos anos trinta el, Laxeiro, Maside, Colmeiro, Souto e Virxilio Blanco, ordenaron de mira-lo mundo dende a realidade diferencial de Galicia. Outra vez

o galeguismo. Desa mirada, entre académica e expresionista, Vidal Abascal deixounos en cen cadros unha Galicia idílica e sufrinte.

Os seus fillos defíneno como *pintor, científico, intelectual e universitario, motivado fundamentalmente polo desenvolvemento social de Galicia*. Por iso lle gustaba repetir que a Universidade é busca incondicional da verdade, sentido artístico, interclasismo, amor á liberdade. Gustáballe repetir que o esforzo científico educa a vontade, revitaliza a razón e forxa o carácter. Gustáballe repeti-la idea de Jaspers de que a Universidade non é para formar conductores sociais, que estes saen de calquera capa social e de calquera profesión, senón a de formar unha personalidade nova, acorde co espírito do noso tempo. E engadía:

*Eu procedo do campo científico, despois diso e contrariamente ó que lle ocorre á maioría dos técnicos e científicos, concédolle enorme importancia ás cuestións lingüísticas e literarias, pois poden provocar doencias psíquicas colectivas tan graves ou máis cás doencias físicas.*

Por esa mesma razón, o alto matemático, pintor e crítico de arte non tivo por baixeza descender ás páxinas dos xornais, para polemizar cos miopes que, extrapolando o presente, agoirábanlle ó galeguismo un futuro de morte; desmarcouse dos que xa vivían na hipótese dunha Galicia definitivamente sucursal e castelá.

¡Era ben telo aínda aquí! Porque Galicia, mal como pode, vai roendo as súas penas: en xurdindo dun intento de asolagamento, xa a ameaza unha ruindade nova e distinta. Si. Podíamos aplica-la lei de Toynbee: quen non sucumbe á traxedia é máis forte ca ela. Visto así, Galicia vai sobrevivir porque ten enerxía, porque é aceiro ben temperado; pero ¿cando vai saltar Galicia do *ir indo* ó saber *bate-lo pé* e usar con intelixencia e solidariedade as súas forzas? ¡Quen nos dera a capacidade intuitiva e analítica de Vidal Abascal para interpretar este tempo bretemoso, no que muros de hostilidade ó galego empezan a esbarroncarse, mentres aliados cos que contabamos resultan ineficientes! ¿Como poñe-lo reloxo da liturxia, da publicidade e da prensa en hora con esta lingua que día a día lle come terreo ós prexuízos e reconquista terreos secularmente vedados? A fluidez do río de Heráclito non nos deixa ver en que punto estamos.

O que, si, sabemos certo é que a vida e a obra dun home excepcional nunca é inútil. O listón do seu pobo queda máis alto. ¡Xa podemos ter garbo os galegos de compatriotas coma Enrique Vidal Abascal!<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> E. VIDAL ABASCAL: A Universidade, a cultura galega e outros ensaios. Edicións do Castro, Sada 1990. J. M. GARCÍA IGLESIAS: Vidal Abascal, matemático - pintor, universitario - artista. Fundación Pedro Barrié de La Maza, A Coruña 1995.

## LITERATOS NA ALDEA

Tamén teño a honra ser fillo de Xesús Ferro Batallán, un carpinteiro morañés, que Deus levou, e que fixo un dos seus derradeiros traballos como carpinteiro no que hoxe é Facultade de Xeografía e Historia en Santiago. Tres anos despois de se xubilar, pasaba comigo por diante dela e dixo *¡Para aí, para aí!* Nunha aula, que el coñecía táboa por taboa, volvía a haber obras de reforma e pola parede baixaba un tubo que deitaba os cascallos nun camión. Deulle á cabeza e comentou coa boca pequena: *¡Esta vaca moito leite dá!*

Meu pai non estudiara preceptiva literaria, morreu, ou, como el dicía, *encartou a gaita*, sen sabe-lo que era unha figura retórica pero ¿quen lle negará vontade de estilo<sup>2</sup> a ese comentario?

Prudencio sobrepasou os límites máximos de peso e agora está a rigurosa dieta para salva-la vida; Manuel da Costa vai e dille: *Se comeras, como comes, non comías, como comes*. Semellante virtuosismo estilístico nun home analfabeto deixoume fachado<sup>3</sup>.

Arsenio, home da aldea, e Xurxo, licenciado galeguista, perderon xuntos a primeira man de tute. O licenciado comentou *Non ten importancia*; pero o seu compañeiro aldeán matizou: *O primeiro millo é dos paxaros*. Xurxo sabe o que é unha metáfora pero, cando fala, non lle saen as metáforas; a Arsenio sáenlle, aínda que non sabe o que son. O estudiado fala plano; o sen estudos fala floreado.

Cando falamos, combinamos palabras que collemos do dicionario para dici-lo que queremos dicir. É o que se chama *sintaxe libre*. Pero, se eu digo que *Xa non cozo a primeira fervura*, querendo significar que "xa non son un meniño", estou collendo da memoria colectiva un grupo de palabras que nos veñen enganchadas coma os pares de cereixas. Estas combinacións fixas de palabras é o que se chama a *sintaxe fixa* ou *fraseoloxía*, da que forman parte o *refrán* (pensamento completo) e a *locución*, o

---

<sup>2</sup> Quero xa, antes de máis nada, confesa-la miña devoción polo discurso de ingreso de Rafael Dieste nesta Academia, que se titulaba precisamente así: A vontade de estilo na fala popular. Edicións do Castro, Sada 1971.

<sup>3</sup> Xogos metalingüísticos hainos en ditos como Ter unha leira en Toledo ("estar tolo"). E hai creacións que sorprenden, coma que un estrábico é o que ten un ollo que mira para onte e outro para mañá.

*modismo* e a *frase proverbial*<sup>4</sup> (pensamento incompleto): iso que en Galicia hai anos que se vén denominando popularmente *un dicir* ou *un dito*.

Sobre o significado da palabra *enxebre* direi algo na nota 128.

Aínda que os ditos son productos da fala (productos dun simple acto de fala, ocasional e individual), a repetición convérteos en construcións prefabricadas, elementos preexistentes, fraseolóxicos funcionan como palabras simples, están suxeitos a modificacións gramaticais para se insertaren nas frases novas do noso discurso, a súa evolución semántica chega a crear polisemias e, en moitos casos, o que significan non é a simple suma dos significados dos seus elementos (*Machacar en ferro frío* significa "insistir inutilmente". *Nunca lle levantei un ollo a meu pai*, significa "sempre fun obediente e respectuoso").

O carácter figurado que teñen moitas das unidades fraseolóxicas implica que falante e oínte se comunican nun nivel superior de lingua, no que entre o valor semántico das palabras usadas e o da frase final hai unha certa distancia. Quen oe debe mover momentaneamente o dial da súa sintonía a outra lonxitude de onda para captala intención metafórica do que fala ("insistir inutilmente", "ser obediente e respectuoso") e volver lixeiro á sintonía anterior. E, se a impericia do oínte o levare a entende-la expresión figurada en sentido literal ("levantarlle un ollo ó pai"), esta resultarlle disparatada, improcedente ou aldraxante: nese caso o falante tería que restablece-la comunicación explicando que o dito non se pode tomar ó pe da letra, que *é un dicir*<sup>5</sup>.

Se unimos isto ó feito de que a fraseoloxía tamén é discurso repetido, fragmentos floridos e brillantes de discursos anteriores, que, virtuais, dispoñibles para novos actos de fala; e nese sentido forman parte da lingua coma a gramática e o léxico<sup>6</sup>. Porque, ademais, moitos grupos mentres a literatura convencional é flor cultivada, a

---

<sup>4</sup> Hai un conto popular no que unha cobra esmagada por unha pedra suplicalle a un home que a libere e, despois de liberada, dille que o vai morder. Este consegue primeiro consultarse co raposo que lle aconsella volverlle a poñe-la pedra enriba á cobra. Liberado da cobra, o raposo pídelle, por lle da-la consulta, as mellores pitas que teña no curral. Vaise o home á casa e a muller aconséllalle enganalo metendo no saco non as pitas senón o can. Cando lle dá o saco ó raposo, este di ¡Pitas serán pero cheirar chéirame a can! E nisto o home abre o saco e o can bótase a persegui-lo raposo que se salva por velocidade. A expresión ¡Pitas serán pero cheirar chéirame a can! é unha frase proverbial (que mesmo circula como ¡Ser será pero chéirame a can! ou simplemente como ¡Chéirame a can!).

<sup>5</sup> Manuel-Luís Casalderrey dicía hai unhas semanas que tal pasaría (en castelán) se un ecoloxista nos mandase a freír monas ou se alguén descoñecese a intención metonímica da canción Muñequita linda, de cabelos de oro, de dentes de perlas, labios de rubí, que nos daría unha moza rica, pero que non podería mastigar nin darnos un bico, xa que o rubí só é máis brande có diamante ("Labios de rubí", La Voz de Galicia 5.1.1996).

<sup>6</sup> A lingua é algo virtual e abstracto. A fala é algo actual, concreto. O sistema é o funcional, o formal. A norma é o usual, o xeral. As unidades fraseolóxicas pertencen á norma da lingua, son coñecidas previamente á fala. A fala creounas pero a repetición converteunas en construcións prefabricadas, consabidas, dispoñibles.



fraseoloxía é chorima, conxunto de flores ventureiras e anónimas<sup>7</sup>, entenderemos que, en calquera lingua, o maior nivel de destreza lingüística estea no dominio da fraseoloxía.

E, se isto é así, os mellores mestres de galego están na aldea. O labrego ou o mariñeiro galego, mesmo se non está ó tanto das novidades normativas da nosa lingua, non só comprende os requintes fraseolóxicos, senón que fala cunha riqueza literaria que os filólogos non valoraron aínda debidamente. Descodifica e codifica. É literato sen sabelo. Eu son dos que pensan que lles hai que da-la palabra. E por iso escollín este tema para falar neste selecto xuntoiro.

---

<sup>7</sup> Disto falarei máis en diante, cando diga algo sobre a oralidade, patrimonio galego dos séculos escuros.

## DITOS POPULARES

Se a primeira condición dun dito popular é que sexa *dito*, é dicir, que estea fixado, que esa unión de varias palabras sexa inalterable, a segunda é que sexa *popular*, é dicir, que sexa anónimo e consabido, quero dicir, que o saiba a colectividade, que o entenda ou que o use<sup>8</sup>. Ténolle oído a Manuel María que a primeira vez que Otero Pedrayo colleu o avión para ir a América, mandoulle unha postal dende o aeroporto de Madrid dicindo que xa estaba listo para *colle-lo castromil do aire*, é dicir, o avión. O *castromil* é en boa parte de Galicia sinónimo de autobús, nun claro proceso de toma-la parte polo todo ou a especie polo xénero, e Otero Pedrayo referíase con esa súa creación ó autobús aéreo, o avión. Don Ramón estaba facendo en galego o mesmo experimento que en inglés por aqueles anos facía algún anglófono. O caso é que o experimento inglés callou (o *airbus* é un tipo ben coñecido de avión) pero o galego, non. A creación de don Ramón abortou, non pasou de Manuel María, non é dito popular.

Isto lévanos a recordar que non toda creación feliz chega a ramo; que tan imprescindible é o inxenio do creador, coma a asunción e repetición por parte do pobo. Cómpre, logo, ter tino con expresións usadas polos literatos, que poden ter tódalas trazas de seren ditos populares e non pasaren de creacións do autor que non teñen máis uso ca esa cita literaria. Deste xeito, a cita de autor nun diccionario de ditos só vale se exemplariza un contexto, pero non xustifica a existencia do dito, que só se constitúe como tal polo uso popular e, por tanto, nin un diccionario francés precisa citar a Proust para atestar *¡Fermez la porte!* nin nós temos que citar a Celso Emilio para xustificar *¡Pecha a porta!* Pero, en cambio, é pertinente a cita dunha cantiga ou conto popular, no que apareza un dito, porque, estes si, demostran a popularidade da expresión, o seu carácter de *consabida*.

Son moitos os ángulos dende os que se debe estudia-la fraseoloxía. A recolleita semella ser traballo inacabable (tal é a creatividade popular). Unha clasificación alfabética permite en momentos de dúbida consulta-lo significado dunha expresión que non sabemos ben o que significa. Unha clasificación ideolóxica permite, en cambio, ó escritor ou ó falante saber que posibilidades ten de expresar, coma tal, un concepto

---

<sup>8</sup> O uso é a forma normal de transmisión. Lembremos que Rosalía de Castro, no prólogo a *Cantares Gallegos*, falaba con devoción dos xiros nunca olvidados que tan doçemente resoaron nos meus oídos desd'a cuna, e que foron recollidos pó-lo meu corazón como harenca propia.

como "alegre" sen utiliza-la palabra *alegre*. Nun caso teriamos un diccionario de uso pasivo (¿que significa?), no outro, un diccionario de uso activo (¿como se di?). Pero hai na fraseoloxía asuntos como o deslinde de extensión do uso (ditos de uso común a toda Galicia, ditos locais, ditos xa arcaicos) ou o deslinde de niveis (culto, normal, coloquial, vulgar). No campo teórico, temos aínda innúmeras facetas de análise metalingüística e con inmensa bibliografía<sup>9</sup>. Queda a etimoloxía das expresións (¿por que se di *En tempos de María Castaña, Cando Betanzos ardeu, Mandar a un a Noia?*), queda a análise estilística, a psicolingüística, a antropolóxica; quedan aínda as complicadas cuestións da traducibilidade e a da aprendizaxe académica.

A fraseoloxía, que como dixemos é sintaxe fixa, compite coa sintaxe libre en ser, ata agora, o ámbito menos estudiado da lingua galega, por máis que os lexicógrafos que nos precederon levaron a cabo un labor precioso e fundamental de recolleita. Xa sei que están pensando que, non tendo eu capacidade nin tempo para abordalo todo, hoxe aquí voume referir a catro cousiñas. Atinaron. Unha é a que fraseoloxía espella o pobo. A segunda é que a fraseoloxía evolúe e o proceso de creación segue activo. A terceira é que a desconstrución de unidades fraseolóxicas é fonte de orixinalidade non abondo utilizada en galego pero moi viva noutras linguas e na publicidade. E cuarta, que precisamos un movemento de recuperación da fraseoloxía no ensino, na literatura, no xornalismo, proceso que felizmente xa está iniciado.

---

<sup>9</sup> A. ZULUAGA: Introducción al estudio de las expresiones fijas. Verlag Peter D. Lang. Frankfurt am Main, 1980. Aínda hoxe parece a mellor.

## I

### A LINGUA, ESPELLO DO POBO

A lingua, en por si, xa transmite información sobre nós, antes de que nós transmitamos algo con ela. É coma a nosa letra. A letra vale para transmitir mensaxes pero a feitura da letra, a inclinación, tamaño, amplitude ou encollemento da letra revélalle a un grafólogo informacións subliminais, datos do noso carácter, por veces incluso íntimos. Pois así fai a lingua.

Lembro un divertido artigo de José María Gironella<sup>10</sup> no que comentaba a estrañeza de tradutores doutros países polo feito de que *llevar una vida de perros* sexa "levar mala vida", se o tradutor é dun país que mima os animais. Ós alemáns, que teñen a honra non fuxirle ó traballo, estrañálles que dun a quen o traballo non lle senta ben se diga en castelán que *é un vivo* (eles dirían que *é un morto*) e tampouco entenden -digo eu- que ten que ver *coger el toro por los cuernos* con "afronta-los problemas". Un sueco non entende que de dúas persoas que están a mal se diga con toda naturalidade que *están a matar*. E resúltalles arrepiante o sentido tráxico da vida latente na expresión *No tiene donde caerse muerto*. Nos Estados Unidos, onde é habitual que os avós se retiren a vivir en cómodas residencias, sorpréndense de que haxa expresións burlescas sobre os vellos e que *carcamal* e *fósil* sexan sinónimos de *viejo*. A tendencia castelá á esaxeración desconcerta os tradutores de países menos apaixonados e emotivos que non saben que facer nas súas linguas cando traducen adxectivos como *fenomenal*, *fantástico*, *fabuloso*, *colosal*, *tremendo*, *superguay*, que aquí se usan para designar cousas simplemente boas. Ou cando *seguramente* significa só "probablemente".

Cando os romanos falaban de casamento, se se referían a que casara unha muller, dicían *nubere* "cubrirse, velarse", porque a muller casaba cuberta cun pano da cor do lume; e nas linguas romances, por veces, aínda se designa a cópula sexual co verbo *cubrir*. Pero, se miraban o casoiro do lado do home, dicían *uxorem ducere* "leva-la muller", porque, trala festa da voda, á noitiña el levaba a muller da casa dos pais dela para a casa onde ían vivir. No galego, en cambio, nin dicimos *cubrir* nin *leva-la muller*, senón *casar*, e falamos de *casoiro* e de *casamento*, porque, para nós, no casoiro a casa é o máis chamativo, a casa na que mozo e moza van iniciar unha vida nova e

---

<sup>10</sup> J.M. GIRONELLA: "El idioma y el temperamento", La Voz de Galicia 3.IV.1987.

independente: *o casado casa quiere*. Como ven, a lingua dá informacións moi precisas sobre o ser dun pobo.

É tan importante isto, que, moitas veces, certas expresións traducidas a outra cultura poden resultar incomprensibles. Vamos a un caso. A moita xente do século XX, incluso cristiáns, desconcértaa a ascensión de Xesús ó ceo *ata que unha nube llelo quitou da vista*<sup>11</sup>. Moita xente, afeita a viaxar en avión por riba das nubes, pregúntase que quere dicir que subiu ó ceo. Incluso lembrámo-la frase provocadora do primeiro cosmonauta Yuri Gagarin: *Fun ó ceo e non atopei a Deus*. Para nós hoxe as nubes son un fenómeno físico que coñecemos e que, nalgún caso, mesmo podemos controlar; pero non son a porta do ceo onde viviremos despois de mortos. Mesmo a expresión *Estar nas nubes* é sinónima de "andar despistado". Moi distinta era a mentalidade xudía hai dous mil anos. Para os antigos semitas, queimados polo sol, a presenza dunha nube era sempre un alivio de sombra que acollían como un regalo de Deus, como símbolo da presenza de Deus. E así a nube que os conducía polo deserto no éxodo viña ser para eles o sinal de que era o mesmo Iavé que os guiaba. Por iso crearon o modismo de *vivir á sombra do Altísimo*<sup>12</sup>. Disque os persas se saúdan desexando *¡Que a túa sombra nunca diminúa!*; e os chinos, preguntando *¿Comeu ben o seu arroz?*<sup>13</sup>

### 1.1. LINGUA E HÁBITAT

Na lingua pódense detectar precisos detalles da distribución das casas<sup>14</sup>. Unha das moitas diferencias entre a Galicia rural e a urbana e que na rural (e mariñeira) a morte non é unha ruptura, porque non oculta a morte, fala dela e pon os mortos en lugar céntrico e de paso obrigado. De aí que, entre as moitas maneiras de dicir *morrer* cunha miga de humor, para endulza-lo amargo da morte, o galego teña estas dúas: *irlle garda-la pitas ó cura* ou *irlle coida-las pitas ó cura*. E cando se ve unha persoa con aire de pouca saúde, que ande a morrer de pé, coméntase: *Parece que quiere irlle garda-los pitos ó abade*. Eses ditos reflecten un feito do hábitat. Os mortos en Galicia non están apartados. Están no adro da igrexa, coma na Bretaña. Pero a igrexa é o centro dun lugar con casas. A casa máis próxima é a rectoral, de xeito que moitas veces a horta do cura

---

<sup>11</sup> Feitos 1,11.

<sup>12</sup> X. CHAO REGO: "As nubes e A Nube", La Voz de Galicia 6.5.1989; p.24.

<sup>13</sup> V. BOTELHO DE AMARAL: Mistérios e Maravilhas da Língua Portuguesa. Livraria Simões Lopes, Porto 1950; 16.

<sup>14</sup> En castelán, cando alguén comete unha imprudencia verbal grave, os amigos dinlle: Te has pasado varios pueblos, que quiere dicir moito, porque os pueblos en Castela están distantes; e pasar varios é moita distancia.

estrema co camposanto. Por iso só na Galicia rural se podía imaxinar con humor que os mortos están gardando as pitas que andan ceibas pola eira do cura. Esta expresión tamén vive no portugués miñoto<sup>15</sup>.

Hainos que fan referencia a un lugar de Galicia, como *Andar no tren que vai a Carral* ("Estar distraído"), *Mandar a un a Noia (sen baixar do Castromil)* ("deixalo a cero nunha partida, maiormente de cartas ou dominó"), *¡Tantanrantán que vai para Noia!* (que se di de alguén que non ten moito sentido), *Saí-lo río Anllóns polos ollos* ("chorar moito"), *Cargar para Navia* ("estar bébedo"), *Buscar un de capa negra en Santiago* ("busca-lo que dificilmente pode acharse por imprecisión dos datos", hoxe xa arcaico, referido ós tempos nos que había moitos curas e eles e mailos estudantes levaban capa negra). *Medir polo ferrado da Guarda* é "esaxerar". *Facerse de Angrois* "desentenderse das obrigas".

Mentres na España seca a insensatez se expresa con *Estar mal de la azotea*, en Galicia dicimos *Andar mal do tellado*. Un clima distinto produce un tipo de casa distinta e isto espéllase na lingua. Non están moi lonxe desta realidade outros sinónimos como *Andar mal da parrumeira* e o consecuente *Choverlle a alguén* ("estar mal da cabeza, non ter moito sentido"). *Estar na aldea e non ve-las casas; estar na horta e non ve-las verzas; estar na parra e non ve-las uvas* ("Estar distraído") son fotografías do noso hábitat. *Afogar coa xente*, que significa "haber moita xente nun sitio", demostra que o natural é a dispersión do hábitat e que as nosas vilas, pequenas felizmente no conxunto das grandes aglomeracións urbanas do mundo, son un fenómeno ben recente (semellante valoración está implícita en *Haber un formigueiro de xente*).

Outras fotos do noso hábitat poden ser *Oír campás e non saber onde as tocan* ("ter informacións vagas e imprecisas e, polo tanto, impertinentes"); *Ser veleta de campanario* ("ser persoa que cambia de humor ou de opinión facilmente"). *Durmirse nas pallas* ("descoidarse, non saber aproveita-la ocasión"). *Corre-la engrada para o muíño dun* ("aproveitarse, busca-la propia comenencia"); *te-lo muíño picado* ("ter fame e comer con ansia"). *Ser coma as pitas que poñen fóra* (non traer proveito"); *Ser un can merendeiro* ("ir de casa en casa levando contos a horas propicias para que o conviden a tomar algo").

---

<sup>15</sup> Sobre estes ditos, vivos en Cenlle e en Maceda, escribiu hai anos F. BOUZA-BREY TRILLO "Ir gardar os pitos ao señor abade" (Cuadernos de Estudios Gallegos I,2,1944; 296-297). Ver tamén X. ALONSO MONTERO: Lengua, literatura e sociedade en Galicia. Akal, Madrid 1977; 60-63.

## 1.2. LINGUA E CLIMA

A lingua tamén reflicte o clima. O clima dominante en Galicia é oceánico húmido, a diferenza do clima seco dominante na maior parte de España<sup>16</sup>. Por iso, mentres para designar indiferencia total ante algo, en castelán se exclama *¡Salga el sol por donde quiera!* ou *por Antequera!*, en Galicia exclamamos *¡Por min que chova!*: quere dicir que non nos importan as consecuencias que poida traer un feito, porque non lle imos dar máis importancia da que lle damos ás cousas de tódolos días. Aquí o habitual é a chuvia, alá é o sol, por iso se utiliza para expresa-la indiferencia: *Face-lo mesmo caso que se estivese chovendo*<sup>17</sup> (que é sinónimo de *coma se cantara un carro*). E en Cospeito matizan: *¡Por min que chova ata que beban os cas dereitos!*<sup>18</sup> E noutras partes din *¡Que chova ata que afoguen os peixes!* Xa vimos que *Choverlle a alguén* é natural consecuencia de *Ter mal o tellado*.

No Castro Caldelas dise *¡que chova, que neve!* para indicar que algo se fará a pesar de tódolos pesares. Xusto cando en castelán se di *¡que caigan rayos!*<sup>19</sup>

Que o galego é lingua de clima húmido tamén se ve nestes dous ditos: *abundar máis cá lama*<sup>20</sup> e *haber* (algo) *coma as chuvias*, porque en Galicia o que hai é chuvia. Este dito, que non existe en castelán, lingua de país seco, é un modismo. Tampouco poderá existir na lingua dun pobo que viva en clima seco a expresión *Non facer lama nun sitio* que significa "botar pouco tempo nel", nin a expresión de compaixón *¡Na casa do pobre todo son pingueiras!* nin a de expulsión *¡Vai mirar se chove!*<sup>21</sup>. Observen, en cambio, que en castelán a maior ameaza é *¡A ese, ni agua!*, porque se lle nega a alguén o ben máis valioso, por ser necesario e moi escaso. Predomina unha clima húmido alí onde se di: *¡As cousas non choven do ceo!*, para indicar que nada se consegue de balde.

*Poñer neve no mes de agosto* significa en Vilalba "facer unha cousa fóra de horas ou dicir algo que non vén ó caso". Naturalmente, isto só é posible porque no

---

<sup>16</sup> Xa Azaña caricaturizaba a Xeración do 98 dicindo que tanta preocupación por España non producira máis ca este aserto: En España llueve poco.

<sup>17</sup> Mais facendo o mesmo caso,/ que s'estivese chovendo,/ pol-a calle adiant'eu iba,/ marchando teso que teso".

<sup>18</sup> No Tío Marcos da Portela do 10.6.1877, p.195, dise Veña o sol por santa Euxea, / vaya o sol por Piliquín que parece querer dici-lo mesmo.

<sup>19</sup> V. LLÓPIZ MÉNDEZ: Refraneiro galego (manuscrito inédito de Bibliófilos Galegos; loc. 1,695).

<sup>20</sup> Llopiz (Ibidem loc. 1,1151).

<sup>21</sup> Pode, en cambio, haber noutra lingua o dito *¡Vírsele encima un chaparrón!* ("ter problemas").

agosto en Vilalba, coma en toda Galicia, sempre é verán; e o verán de clima oceánico de costa oeste sempre é temperado<sup>22</sup>.

*Quere-lo sol na porta e a auga na horta* é "quere-las vantaxes e ningún inconveniente.

*Pola fresca* é "nas primeiras horas da mañá ou á tardiña, cando menos aperta a calor", dito que revela que o pobo que fala galego vive nun clima no que as calores do verán nos resultan insoportables. *¡Deixa que chova e que vaia sol!* é expresión de indiferencia que convida a deixar pasa-lo tempo e que cambie a situación: tamén este dito revela que vivimos nun clima variado e cambiante.

### 1.3. LINGUA E PAISAXE

A paisaxe condiciona unha maneira de pensar. Se o refrán castelán *La verdad no tiene más que un camino* define o carácter castelán e é inseparable dunha paisaxe horizontal na que a mellor ruta é sempre a liña recta, a paisaxe galega, en cambio, chea de inclinacións, de curvas e de planos diferentes, crea un ser humano matizador, relativista, que pensa que *todo é asegún*; que mesmo nas cousas malas pode haber algo de bo (*Deus é bo e o demo non é malo*); e que nas boas pode haber algo de malo (*Deus é bo pero non é bo para todos*)<sup>23</sup>.

Unha lingua que, para dicir que hai dificultades dispón en Caritel da expresión *Non todo é terra chan*, espella a paisaxe ondulada e matizada onde habita o pobo que a fala. E compréndese que nesa lingua a locución "a través de" se poida dicir *A valmontes*.

Di o romance galego que don Gaiferos de Mormaltán<sup>24</sup> tiña ollos *verdes coma a auga do mar*. Esta comparanza só a pode inventar un pobo que viva ó pé do Atlántico. Verde é a tonalidade fundamental do noso mar, posiblemente pola riqueza de algas. O noso *verde mar* oponse ó mediterráneo *azul marino* xa que azul é a tonalidade básica do Mediterráneo. *Azul marino*, é unha cor elaborada no Renacemento a base de lapislázuli

---

<sup>22</sup> Incluso unha expresión aparentemente común ó galego e ó castelán pode non selo. Non estar o alcacén para gaitas é "estar un incomodado ou estar nunha situación apurada que non permite bromas". En cambio, o castelán *Estar ya duro el alcacer para zamponas* é "Non estar xa unha persoa en idade de aprender ou facer algo; e antigamente era "Non estar xa en tempo nin sazón para conseguir algo". Bouza-Brey, nunha "Nótula sobor do alcacén" (Nós, 122,1934,34-35) dá outra explicación. Porque, se preguntamos cando estaría o tal alcacén para gaitas, resultaría que en Galicia ten que estar ben seco, porque hai un refrán galego que di: "Alcacén mollado non toca a gaita"; mentres que en Castela ten que estar tenro, porque o refrán di "Está ya duro el alcacén para zamponas". A razón, segundo Bouza-Brey, sería que o alcacer castelán é "cebada verde y en hierba", mentres que en Galicia o alcacén pode ser de cebada, de centeo ou de avea e a nota característica é que sexa seiturado en verde para ferrán do gando.

<sup>23</sup> Véxase Marcial GONDAR PORTASANY: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Edicións A Nosa Terra, Vigo 1993;45-58.

<sup>24</sup> Duque de Aquitania no XII que non ten nada que ver co don Gaiferos que aparece no romance de Melisendra do Quixote.



traído do Mediterráneo oriental. Na antiga Roma, cando Plauto falada de ollos verdes tiña que dicir "*cum oculis herbeis*" (da cor da herba); non os podía comparar, coma nós, coa auga do mar.

Un labor inútil pode ser levarlle algo a quen ten de sobras do que lle levamos. Aí aparece a nosa paisaxe. Porque, mentres nós dicimos *Botar auga no mar*, en castelán din *Llevar hierro a Vizcaya*, en inglés *To carry coal to Newcastle* ("carregar carbón para Newcastle"), en francés dise *Porter des feuilles au bois* ("levar follas á fraga"), en italiano *Vendere il miele a chi ha le api* ("írlle vende-lo mel a quen ten as abellas") e en ruso dise *Levar samovares a Tula*<sup>25</sup>. Antigamente os gregos dicían *Levar curuxas a Atenas* (a curuxa é o símbolo de Atenas e por algo sería) e tamén *Levar cerámica a Samos* (illa que destacaba pola súa produción oleira).

*Poñerse coma o mar do Orzán* é incomodarse moito, poñerse furioso. O mar do Orzán, na Coruña, é mar moi bravo e perigoso. E disto temos tristes probas.

*Vir a Galicia e non ver toxos* é "non saber onde un está", e unha maneira de dicir "nunca" é *cando os toxos boten uvas*. A lingua galega, xa antes de que nós nacesemos, espellaba a paisaxe galega. ¿Por que, se non, dicimos nós *¡Pouca la e polas silveiras!* para lamentármola sucesión inacabable de desgracias? Esa metáfora evoca as silveiras, ese elemento omnipresente na nosa paisaxe en canto un se descoida, nas que queda enganchada a la das ovellas, cando se lle achegan, e que é moi mala de recuperar.

¿Por que dicimos *Saír dun souto e meterse noutro*, co significado de "empeorar", e non dicimos *\*saír dun labirinto* ou *\*saír dun palmeiral*? En castelán, *Salir de Guatemala y meterse en Guatepeor*. O souto, bosque de castiñeiros, é lugar de moita sombra e, para quen ande mal calzado, lugar perigoso, porque se pode pinchar nos espiñentos ourizos que queden no chan<sup>26</sup>. Quizais por iso o souto simboliza no dito unha situación chea de dificultades. Semellante a *Estar na bouza sen zocos nin zapatos*. Os soutos eran moi abundantes en Galicia, como testemuña a toponimia pero foron perdendo importancia, primeiro cando a conquista de América substituíu o caldo de castañas polo caldo de patacas, e despois cando a enfermidade da tinta secou moitos soutos da beira do mar e a xente, antes de que lles chegase o mal, cortou os castiñeiros sans para, polo menos, aproveita-la madeira.

---

<sup>25</sup> Cidade, a 180 km de Moscova, na que se fabrican as famosas teteiras rusas, que funcionan co mesmo sistema tubular das locomotoras, fervendo a auga con pouco combustible.

<sup>26</sup> Llópiz cita este dito *Levar castañas a Galicia* por "facen un traballo inútil", que non levar (e non traer) parece leva-la marca de ser un dito oído fóra de Galicia e, se cadra, non galego.

*Forte coma un carballo* ou *coma un buxo*. Carballo e buxo son paos ben duros. Un bo vendaval, coma o de 1976, poderá tronzarlle algunha póla pero é difícil que o arrinque, como arrinca os pinos. *Ter máis anos que un carballo vello* é ser moi vello. E o carballo medra moi a modo, por certo, de xeito que en Galicia aínda se atopan algúns case milenarios<sup>27</sup>. O máis venerado que coñezo é o do Pelete (concello da Lama): precísanse os brazos de seis homes, para abrazalo, e tódolos veráns é obxecto dunha festa báquica.

¿Por que dicimos *Torto coma unha cañota* pero *Dereito / Alto / Lanzal coma un pino* ou *coma un piñeiro*? O pino, comparado a carballos e castiñeiros, é árbore lanzal: os espectaculares castiñeiros de Quintela (en Catasós, Lalín), considerados os mellores de Europa, son tamén lanzais, pero son unha excepción<sup>28</sup>. A esveltez compárase con máis cousas: *Dereito coma unha faia*<sup>29</sup>, *Máis dereito ca unha cana*; pero tamén se consideran paradigma de esveltez cousas pequenas que o son pola súa proporción (*Esvelta coma unha abrotia*, *Dereito coma unha agulla*, *Dereito coma un fuso*, *Teso coma un carabullo/ esteo/ fungueiro/ parafuso/ pau viradoiro*) e o mesmo concepto vai implícito no adxectivo *espigado* aplicado a un ser humano.

## 1.4. LINGUA E HISTORIA

### 1.4.1. A PISADA DA EMIGRACIÓN

Xa dixen que a lingua é coma a nosa letra e que a feitura da nosa letra xa di cousas, por veces sen que nos decatemos. A lingua ten combinacións fixas de palabras que revelan capítulos da historia de Galicia. Poida que o *viúdas de vivos* acuñado por Rosalía, e hoxe case popular, sexa o primeiro que teñamos que recordar.

---

<sup>27</sup> Falando do case milenario carballo de Santa Margarida en Pontevedra (Adral. Edicións do Castro, Sada 1979; 194-196), Filgueira Valverde lembra un carballo de Cervantes que, cando o cortaron, disque deu cento cincuenta travesas para o ferrocarril.

<sup>28</sup> Un meu tataravó fixo en 1881 unha lista das árbores que el tiña nas súas 28 parceliñas de monte en Moraña. Eran por xunto 239 carballos, 166 castiñeiros e 22 salgueiros. Non figura nin un pino, de onde parece poder inducirse que o pino é de introducción recente en Moraña, aínda que pola mesma época e a pouca distancia a padronesa Rosalía vía os montes galegos cheyos de pinos, de robres e salgueiros (prólogo a Cantares Gallegos). Non oín aínda o dito \*Lanzal coma un eucalipto e o eucalipto si que é lanzal. E isto explica a lentitude na creación do dito popular. Meu pai contaba que, cando el ía á escola, alá polo 1920, o Día da Árbore plantaban sempre un eucalipto pero non daban prendido e tiñan que volvelo intentar ó ano seguinte. A difusión masiva do eucalipto é obra do rexime de Franco.

<sup>29</sup> LLÓPIZ (Ibidem; 1, 321). A comparanza da faia significa tamén "vello pero robusto e firme". No Simposio In memoriam de Bouza Brey ten Claudio González Pérez algúns datos sobre a antigüidade do pino en Galicia.

## *A emigración á América*

Mentres co valor de "facen un bo negocio" en castelán se di *Hacer su agosto*, referido á sega, en Galicia dicimos *Facen unha América*. ¿Por que? Porque o primeiro negocio do pobo galego só foi posible coa capitalización que permitía a emigración, tradicionalmente americana (como tamén castelá, portuguesa e recentemente centroeuropea). Co mesmo valor din en Vilalba *Facen unha Habana*. Como ven, a lingua galega manifesta que o pobo galego emigrou a Cuba; e tamén no español de Cuba quedan marcas da nosa presenza: Neira Vilas reuniu os datos<sup>30</sup>.

E ¿por que ningún galego di *\*facen unha Asia* ou *\*facen unha Oceanía*? Porque a nosa historia di que os galegos non emigramos a estes continentes senón a aquel. Observen, sen embargo, que *facen unha África* existe en galego e en portugués, pero mentres en portugués é sinónimo do noso *facen unha América*, en galego significa "facen unha falcatruada".

A experiencia americana deixou máis pegadas na nosa fraseoloxía. *Antón Peruleiro* foi o que volveu rico do Perú e *Valer un Perú*, común polo menos no Ribeiro, significa "ter moito valor"<sup>31</sup>. As linguas veciñas dino de forma parecida: o castelán di *Vale un Potosí*, aludindo á sonada terra boliviana que deu prata a fartar; o portugués di *É um Brasil*<sup>32</sup> ou *É um negócio da China*<sup>33</sup> para significar un negocio no que se gaña moito diñeiro, porque os emigrantes portugueses enriquecidos volvían xeralmente do Brasil e do Extremo Oriente.

A emigración a América era en moitos casos a única posibilidade de redención económica, a única de saltar da miseria á riqueza. Pero se dramática e desgarradora é a partida dos mellores mozos, que estremeceu a Rosalía naquel poema titulado *¡Pra a Habana!*<sup>34</sup> e a Curros naqueloutro que titulou *A emigración*, máis tráxico é o regreso dos que volven fracasados. Ningún emigrante, despois do dramático sacrificio de

---

<sup>30</sup> X. NEIRA VILAS: A lingua galega en Cuba. Consello da Cultura Galega, Santiago 1995; 151-158. Entre as palabras galegas vivas en Cuba, inserta a expresión a rente.

<sup>31</sup> Lémbrese, do castelán, *Valer un Potosí* (terra boliviana sonada porque deu prata a fartar).

<sup>32</sup> A. de CARVALHO COSTA: Gente de Portugal. Sua linguagem, seus costumes. Edição da Assembleia Distrital de Portalegre, vol.II, 1983; p. 236.

<sup>33</sup> CARVALHO COSTA: *Ibidem*; vol I, tm III; 1982; p. 192.

<sup>34</sup> Aínda o 13.9.1920, baixo o título *Esto se despuebla*, publicaba *El Tea* de Pontearreas estas liñas: La emigración a Cuba nos lleva toda nuestra juventud. Nos quedamos sin hombres. Para el próximo año no habrá quien trabaje la tierra, faltarán brazos para dar las labores necesarias y consecuentemente subirán los jornales y se reducirá la producción ya bastantes escasa. Y el dinero que nuestros hermanos emigrados remitan a los suyos no será suficiente para jornales y adquirir los productos que disminuyeron en las cosechas normales. De nuestras aldeas desaparece la mocedad, en el Ayuntamiento un empleado resulta insuficiente para cubrir las numerosas cartillas de emigración y de nuestros puertos salen los barcos abarrotados.

marchar e de penar en terra estraña, quere volver sen aparentar éxito<sup>35</sup>. Volver finxindo, vivir nunha realidade ilusoria, ser actor dunha peza teatral que un mesmo vai redactando día a día, máis que paranoia parece sedante. Esta incapacidade para pousa-los pes na terra da que un quixo voar, coma se a terra queimase, fixo nace-lo dito *ten moita terra na Habana* para falar con retranca do que se gaba de riquezas que non ten ou que ninguén puido aínda comprobar

Pero, insisto, ¿por que se di *na Habana* e non *\*en Australia* nin *\*en Pekín*? Porque a estes lugares non emigraron masivamente os galegos, mentres que Cuba é un importante capítulo da nosa historia, a *habanera* é un dos ritmos tropicais que mellor prenderon no folklore musical de Galicia, e de Cuba volveron moitos, uns ricos e outros aparentándoo. Por iso exclamamos *¡Manda truco na Habana!* ¡Ollo!: *na Habana*, non *\*en Moscova*. E todos nos consolamos nun desastre dicindo *¡Máis se perdeu na guerra de Cuba!*<sup>36</sup> Isto é historia, e en Crecente aínda cantan os vellos:

*Carmiña Carmela*  
*¡que pena me dás!:*  
*na guerra de Cuba*  
*morreuche o rapás*<sup>37</sup>.

*Ter un tío na Habana* é "ter delirios de grandeza" *¡Todos temos unha leira en Cuba!* expresa que todos sentimos algunha vez a necesidade de presumir un pouco, porque ninguén se libra do pecado da presunción.<sup>38</sup>

*¡Manda chover na Habana!* é expresión de asombro<sup>39</sup>. En cambio é ameaza *¡Vai arder Troia na bahía da Habana!*

---

<sup>35</sup> José L. Roca Martínez cita estas palabras dun emigrante internado nun sanatorio da Habana: las penas de los que emigramos han de quedar entre nosotros. Nunca mandes a España malas noticias. Aquí triunfamos todos. Hasta los que estamos muertos ("Emigración y literatura hispánicas", en Galicia y América: el papel de la emigración. X Xornadas de Historia de Galicia. Jesús de Juana e Xavier Castro eds. Deputación de Ourense 1990; 73-94). Pódese ver tamén na mesma obra "El proceso inmigratorio gallego en Cuba en el siglo XX" de Consuelo Naranjo Orovivo (233-252).

<sup>36</sup> Chámame a atención que, sendo común a loc. exclamativa de resignación *¡Máis se perdeu na guerra de Cuba!*, non atope nada referido ás nacionalizacións realizadas por Fidel Castro, que significaron unha perda máis directa para familias galegas.

<sup>37</sup> En Muros continúa así: *Morreu, morreu,/ deixalo morrer, /para ti, Carmiña, /rapaz ha de haber*. Na Limia Baixa recolleu X. Lorenzo cantigas como estas: *Dende que fuches a Cuba/ quéreste dar moito tono/ e por malas lengoas sei/ que o estás debendo todo* (p. 69). *Marchas pra Cuba, meu ben,/ que Dios che dí saudíña:/ cando de volta te veñas/ toparasme casadiña* (p. 93). *Téñome de ir á Habana/ de volver teño intención:/ se é que te atopo casada/ retórzoche o curazón* (p. 150). Ou esta de certo saibo racista: *Unha mulata na Habana/de pícaro me tratou:/eu de pícaro saín,/ela de mulata non* (p. 158).

<sup>38</sup> É dito de Fisterra que tamén recolle, sen explicalo, Zamora Mosquera. E da Limia é esta cantiga: *Dende que fuches a Cuba/ quéreste dar moito tono/ e por malas lengoas sei/ que o estás debendo todo* (p. 69).

<sup>39</sup> Parecía parvo e foi casar coa rapaza máis rica da vila. *¡Manda chover na Habana!* -recolleu Armando Requeixo en Abadín

*¡Andandiño, che, que vas para a Habana!* é forma de recomendar calma e vagar.

De Lubre déronme este dito: *Foi a Cuba gañar prá pucha e mandoulle os cornos*, aludindo a quen foi infiel na emigración.

*¡Tenche moita terra na Habana!* acaba sendo que non ten nada do que di; e por aí resulta sinónimo dun dito que corre por Guitiriz: *¡Ten casas na Coruña!*; esta locución deixa ve-la desconfianza con que se recibe aquí o emigrante retornado, cando se empeña en nos meter polos ollos o seu éxito na aventura da emigración. En Moraña dise *xoga-las casas da Coruña*, por "xogar só unhas pesetas" nunha partida de cartas. Aínda que as casas da Coruña hoxe teñan moito valor, o dito, que non é coruñés, alude á fachenda por propiedades inexistentes que, non sei por que, sempre se poñen na Coruña. A min isto acórdame que os franceses neste caso din que teñen *châteaux en Espagne* "castelos en España": a ironía aquí é sarcástica porque debe aludir a castelos en ruínas, eses pardiñeiros que abundan pola xeografía española, xa que, postos a falar de castelos, toda Francia está inzada de castelos en perfecto estado de conservación. Por certo que a expresión pode tamén te-lo senso de facer proxectos quiméricos, irrealizables se se di *Faire des châteaux en Espagne* ou, como dicían xa no séc. XIII, *Faire des châteaux en Asie/ en Albanie*<sup>40</sup>. Pero, como se ve, sempre en terras de lonxe.

A emigración aínda deixou outro dito curioso. Os que marchaban para a América producían unha ruptura afectiva pero tamén económica, porque había que endebedarse para paga-la viaxe. Por iso, cando por primeira vez chegaba aquí unha carta na que o emigrante dicía que chegara ben e que atopara traballo, a familia sabía que atrás quedaban as débedas para merca-la pasaxe do barco, a angustia de saber que alguén da familia estaba no mar inmenso, a incerteza de entrar nun país estraño á busca de sustento. O peor xa pasara e a familia respiraba na espera de tempos mellores. A iso chamábanlle *Mandar recado*. Por iso, cando, ós poucos días de enterrar un membro da familia, os parentes xa dan sinais de non sentiren a morte de quen vai aló, en Caritel din que o defunto *xa mandou recado*. O drama non é pequeno: reparen que *Chegar a Venezuela* significa "desaparecer para sempre".

---

<sup>40</sup> M. RAT: Dictionnaire des locutions françaises. Larousse, Paris 1957; 90-91; s.v. "châteaux"; A. REY, S. CHANTREAU: Dictionnaire des Expressions et Locutions. Robert, Paris 1985; 181-182.

## A emigración andoriña a Castela

*Pasa-la Cruz de Ferro* é un dito que ten que ver con estoutra migración e que ten unha explicación castelá e outra galega. A explicación castelá cóntaa o P. Sarmiento. Di el:

*En lo más alto de el Puerto de Foncebadón hay una llanura en la cual hay un montón de infinitas piedras, y en su cumbre está elevada una viga de madera, y clavada en ella una cruz de yerro; y este sitio, este montón y esta cruz se han hecho célebres por muchas razones. Redúcese el chasco a que los caleseros, mozos de mulas, y otros que no lo son, persuaden a los gallegos que vienen a Castilla, que deben prevenirse antes con una piedra, para echarla en el dicho montón, y aumentarle; si vienen mujeres mozas las dicen que hagan allí voto, y propósito de no volver a Galicia, con la pura ignocencia, que han sacado de sus casas. Pero si los gallegos y gallegas se resisten a las dichas ceremonias, suele armarse una camorra que para en desmoronar el montón de algunos morrillos con que unos a otros se saludan. Después en Castilla prosigue el chasco importunando a los dichos gallegos con la pregunta de si echaron la piedra en la Cruz de Ferro, y si allí hicieron el dicho voto<sup>41</sup>.*

A explicación galega é distinta. Recóllea na Limia Xaquín Lorenzo. Di que, aínda que a Cruz de Ferro é a que está no Porto de Foncebadón, entre Ponferrada e Astorga, parece que tamén se lle aplicaba ese nome á Cruz da Portela do Padornelo, a 37 km da Gudiña, polo tanto máis ó sur<sup>42</sup>. Nesta, que era monolítica, os segadores *facíanlle o bautismo* ós que ían por primeira vez a Castela (e á volta deixaban os fouciños vellos como exvoto na ermida da Virxe de Tuiza, en Cabaos de Zamora, que está preto).

Naqueles tempos difíciles en que ían segar a Castela, e mesmo a Andalucía<sup>43</sup>, facendo a viaxe a pé e en grupos, cantaban<sup>44</sup> e bromeaban, falándolles ós novatos da

---

<sup>41</sup> Fray Martín SARMIENTO: "Origen del chasco que a los gallegos se da en la Cruz de Ferro", en Escritos sobre "el Meco" y la "Cruz de Ferro". Edición y Estudio crítico por J.L. Pensado. Universidad de Salamanca 1992; 93-99. Cruz de pau, cruz de ferro, o que minte vai pró inferno, disque era fórmula infantil para tomarlle a palabra a alguén. Tamén o hai en francés (Croix de bois, croix de fer, si je mens je vais en enfer): nesta fórmula unha cruz de ferro sinala tamén unha fronteira entre esta vida e o inferno. E no castelán de Cervantes había a expresión Pasar crujía ("correr de proa a popa entre os galeotes recibindo deles xostrazos a manta").

<sup>42</sup> X. LORENZO FERNANDEZ: Cancioneiro popular da Limia Baixa. Galaxia, Vigo; n. 563. Comentando a cantiga Ó pasar a Cruz de Ferro /a Gudiña ben a sei /i agora voume chegando /aos aires de Monterrei.

<sup>43</sup> De aí nos debe de vi-lo dito Ser unha triana "ser un traballo complicado e inacabable".

maxia daquel cruceiro que, se un achegaba a orella a el, coma quen quere escoita-lo mar nunha caracola, disque escoitaba o que quedaban a dicir e facer a tal hora os seus na casa. Tanto lles falaban da tal Cruz de Ferro, que os novatos fervían por chegar aló e comprobalo. Cando tal intentaban, aproximando a orella ó esteo do cruceiro, un veterano pegáballes un violento empuxón na cabeza que así batía coa pedra e a orella quedáballe quente ata Zamora. A broma é coma a que lle fai o Lazarillo de Tormes ó seu amo cego.

A novatada é pervivencia do rito cruel con que as tribos primitivas decidían a admisión dun mociño no mundo dos adultos. *Pasa-la Cruz de Ferro* era paga-la novatada. Xaquín Lorenzo di que despois disto os novatos *xa se contaban como afeitos á sega*, e o dito define, a quen a pasou, como persoa "afeita a aventuras". A variante *Xa pasou a Cruz de Ferro* tamén a encontra Noriega Varela na fala dos brañegos e defínea como "estar *acostumbrado a las vicisitudes*"<sup>45</sup>. Non di onde está a tal Cruz de Ferro.

*Xa pasou a Cruz de Ferro* quere dicir, polo tanto, que un "xa ten experiencia, xa non se deixa amolar por exceso de confianza, xa está escarmentado". E estas cousas, como é sabido, cando se aplican a mulleres, collen todas un significado sexual: lembren o diferente significado de *Está escornado* ("incomodado", "a mal con outro") e *Está escornada* ("non é virxe"); ou o de *Ser un home honrado* ("traballador e formal nos negocios ou contratos") e *Ser unha muller honrada* ("virxe ou casada fiel"); ou de *Home da rúa* ("un home calquera, un cidadán medio") e *Muller da rúa*; ou o de *Home público* e *Muller pública*. Outro tanto se pode dicir de *Andar coa lúa* ou *Andar daquela maneira* (aplicado á muller, "te-la menstruación"). Unha muller que *xa pasou a Cruz de Ferro*, polo tanto, é unha que xa non é virxe.

O significado da versión castelá é parecido ó da galega, pero é distinto. Se se aplica a homes, parece que consiste en sufrir unha burla; pero segundo os casteláns, son casteláns os burladores; segundo a versión galega, son os galegos veteranos os que embroman ós novatos. En canto ás mulleres hai coincidencia en que perden a virxindade en Castela, pero na versión castelá pérdena porque xa van decididas a iso; e na versión galega, porque abusaban delas.

---

<sup>44</sup> Agora que vén o vraue, /vén a miña regalía, / para cantar e bailare / nos camiñor de Castilla (D. SCHUBARTH e A. SANTAMARINA: Cancioneiro Popular Galego. Fundación P. Barrié, A Coruña 1984. Vol I, t. II; p. 11).

<sup>45</sup> A. NORIEGA VARELA: Como falan os Brañegos. Locucións, frases, modos adverbais, unha leria pr'os rapaciños, refráns, cantares i-adiviñanzas. Nós, A Coruña 1928; p. 50.

¿Cal das dúas versións é a auténtica? Non o sei, pero os ditos, coma as palabras, tamén teñen evolución semántica e, nos usos máis recentes desta expresión, o significado refírese xenericamente ó "conxunto de desgracias, fracasos e penurias, que ben se poden simbolizar no que supoñía pasa-la Cruz de Ferro para a sega", episodio no que os abusos están documentados, ou mesmo "morror"<sup>46</sup>. A sega en Castela *volvía negros* os galegos que *foran alá coma rosas*, como denunciou Rosalía Castro: a sega era dura, mal paga, había quen os obrigaba a facer alí o servicio do rei. Nun informe do Conde de Campomanes en 1764 xa se denuncia que os galegos segadores padecen *maltrato en Castilla tasándoles el jornal e incluyéndoles en las quintas a que no están obligados*. Houbo mesmo algunha sublevación e folga dos galegos<sup>47</sup>. Máis dunha vez os segadores, ó volveren, perdían a mans de salteadores o que traían gañado e debía ser frecuente que as mozas perdesen a virxindade, porque di a cantiga

*Mozas que van á seitura,  
mozas que á seitura van,  
mozas que van á seitura  
lévana e non a tran.*

Por iso tamén se dicía que as galegas *ían castas e volvían castillas*, é dicir, "menos castas". Pero, se a violación era lamentable, máis o era o sarcasmo de inventar que eran as propias galegas as que ante a Cruz de Ferro xuraran non volveren a Galicia como saían (*si salían vírgenes prometían no regresar doncellas*<sup>48</sup>). Esta é a versión que reproduce e combate o P. Sarmiento.

Por algúns sondeos que levo feito, mesmo entre os oíntes da *Radio Galega*, teño a impresión de que este dito vai xa un pouco esquencido. Posiblemente empezase a declinar cando en 1883 se abriu a liña de ferrocarril A Coruña-Madrid e moitos segadores empezaron a trasladarse en tren ou mesmo despois en camións, ata fin dos

---

<sup>46</sup> No Barqueiro Pasa-la Cruz de Ferro é "pasa-la porta do camposanto" é dicir, "morror", porque, alí, esa porta ten no alto unha cruz de ferro.

<sup>47</sup> Véxase Paloma de VILLOTA GIL-ESCOIN: "La hambruna de 1853. Un acontecemento a resaltar en la obra de Rosalía de Castro", en Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo. Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela 1986; II, 71-72.

<sup>48</sup> Pensado (Ibidem p. 41) cita xa, do século XVII, a Tirso de Molina (¿Pasaste la Cruz de Ferro?), a Castillo Solórzano (esta es aquella Cruz de Ferro tan conocida de todos los de nuestra tierra, a quien las doncellas de allá, que pasan por aquí, hacen su oración, pero no el voto que dicen de no volver como pasaron) e a F. Machado da Silva (otros las dezían quatro mil disparates del perdón del Meco, del ladrón de Mondín, y como avían pasado la Cruz de Ferro, las dexaron corridas y avergonçadas de tal modo que de buelta a Galizia al pasar por la Cruz, arrodillándose ante ella, hizieron voto a Dios de no bolver a Castilla).



anos 50 que é cando a mecanización do campo castelán fai innecesario o traballo dos segadores galegos e esta migración desaparece e se abre a emigración a Europa<sup>49</sup>.

Pero aínda hai pouco tempo se lles preguntaba por Verín *¿Seique foches a Castilla?* ou *¿Fuches a Castilla?* ós que aparecían desmellorados, aludindo á mala cara que traían os que regresaban da sega en Castela, esgotados polo traballo e as privacións<sup>50</sup>. Non lle faltaba razón a Rosalía.

Sorprende que a emigración andoriña a Portugal, que non foi irrelevante<sup>51</sup>, non aclimatara, en cambio, ditos que a testemuñen<sup>52</sup>.

#### 1.4.2. A FAME

Que *Botar pan ó caldo* signifique "ser rico" é un feito dramático que alude á extrema miseria, a que en tempos chegou o pobo galego, de ter falta de pan: de maneira que botarllo ó caldo era xa un paradigma de riqueza. Destas grandes fames deixou testemuño Rosalía Castro e hai un luminoso ensaio de García Sabell no que, partindo das experiencias médicas nos campos de concentración nazis e nos experimentos de fame voluntaria en Minnesota, chega a perfila-la psicoloxía do famento ou do que pasou fame. E despois de analiza-la dieta tradicional do proletariado galego, que en casos estaba por baixo das 2.000 calorías, chega a interpretar certas constantes negativas do carácter galego (a desconfianza, o escepticismo e a nugalla) como secuelas da fame; e a explicar tamén a actual obsesión de comer máis cantidade ca calidade (visible, digo eu, nos banquetes de voda), como comportamento de *antigos famentos*, como *memoria da fame*<sup>53</sup>. Obsesión pola comida que está presente en ditos como *Comer coma un cura, comer en mesa de frade*, por "comer moito e exquisito" ou en maldicións coma *¡Non che dea Deus máis mal ca moitos fillos e pouco pan!*

---

<sup>49</sup> M. X. FERNÁNDEZ SANTIAGO: "Da Terra Cha a Castela. As migracións estacionais dos segadores galegos no século XX", *Estudios Migratorios* 1, 1995, 170-201.

<sup>50</sup> J. M<sup>a</sup> PEREDA: "Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega", *Douro Litoral* quinta, VII-VIII, 1953, p. 28.

<sup>51</sup> Parece ser que boa parte do esplendor da viticultura en terras do Porto, incluída a construción dos moitos quilómetros de socalcos, é inseparable do traballo estacional de xornaleiros galegos. E nunha das súas cartas o P. Sarmiento testemuña o cumprimento do preceuto pascual de 45.000 galegos en 1748 en Lisboa (FR. MARTÍN SARMIENTO: *Epistolario*. Disposto por Xosé Filgueira Valverde e M<sup>a</sup> Xesús Fortes Alén. Consello da Cultura Galega 1995; carta 8, p. 43); e repárese tamén en que daquela dentro das murallas de Lisboa non pasaban das 150.000 persoas (A.H. DE OLIVEIRA MARQUES: *História de Portugal*. Palas Editores, Lisboa; vol II, 277). Houbo mesmo preocupación en Madrid polas dimensións desta emigración, da que os galegos non volvían frustrados polos malos tratos, frecuentes en Castela, ata o punto de que o conde Campomanes fixo un informe para o Goberno do rei en 1764 (J.L. PENSADO "Emigración e promoción económica de Galicia no século XVIII", *Grial* 42, 1973, 417-429).

<sup>52</sup> En Caritel, parroquia que aínda hoxe ten emigrantes en Lisboa, cántase: *Lisboanos de Lisboa, ¿que vindes facer ó eido?/ Vindes engana-las mozas/ coa sona do diñeiro*.

<sup>53</sup> D. GARCIA-SABELL: "Notas sobre a fame galega", en *Ensaio I. Galaxia*, Vigo 1963; 191-275.

A historia de Galicia está empedrada de grandes fames que explican non só a nosa emigración, senón tamén a nosa psicoloxía<sup>54</sup>.

*Parece que ten a fame do 41*, que se di en Mos co valor de "ter moitísima fame", alude a 1941 e 1942, que foron en España anos de fame como consecuencia da postguerra franquista. *Longo e estreito coma o ano famento* aplícase a cousas incomodas e duradeiras. *Saca-la barriga de mal ano* é "fartarse despois de pasar fame".

*¡Así dure o ano da fame!* ou *¡Tanto dure a fame na terra!* dise cando algo remata moi axiña ou antes do que se quería ou esperaba. Pero *Ano da fame* chamouse por antonomasia o ano de 1853, ano do que fala estremecida Rosalía de Castro<sup>55</sup>.

Hai máis ditos das fames históricas. Hoxe son xa pura historia os que aluden á fartura na mesa dos curas e frades e á miseria dos ensinantes (*pasar máis fame ca un mestre de escola*, do que falarei na n. 107). *Ir como nunha voda sen caldo* "ir a un sitio e pasar fame nel" é dito felizmente arcaico, porque hoxe os casamentos fixéronse paradigma de enchenta de manxares caros nos que xa nin o caldo ten cabida. Aínda hai outro: en Santiago colleron de adoito dicir *¡Pareces un pelengrín!* para comentar que o interlocutor ten cara de fame, pero ademais anda esfarrapado e con cara de enfermo, porque os peregrinos chegaban a Compostela talmente coma os segadores, sucios, esfarrapados, enfermos. Lembra que por cousa deles crearon os Reis Católicos o Hospital (hoxe hotel de luxo) e, se cadra, por cousa deles se inventou o botafumeiro<sup>56</sup>. A frase é común en Santiago pero oína tamén no Porriño. Por certo que este dito evoca un dos elementos máis exclusivos da nosa historia: o Camiño de Santiago. Supoño que só por ese camiño nos puido chega-la experiencia que deu lugar ó dito de *Rir como choran en Francia* ("medio rir, medio chorar"), que llelo din as nais ós cativos.

Cando alguén insiste en que quere comer e a comida aínda non está lista ou non hai que comer, por Vigo din *¿Queres comer? Vai a Peinador*. É sabido que o primeiro aeroporto de Peinador fíxose con prestación obrigatoria de traballo dos veciños, que tiñan que levalo todo: ferramenta e comida. Incluso corría unha cantiga: *Se vas a Peinador, / mira o que vas facer, / colle-lo pico e pala / e porrón para beber*.

---

<sup>54</sup> Filgueira Valverde deu datos de como se remediaron as grandes fames de 1519 e a de 1620 en Pontevedra (Adral. Edicións do Castro, Sada 1979; 204-208).

<sup>55</sup> MURGUÍA: Los Precursores; pp. 263-265. Véxase tamén P. de VILLOTA GIL-ESCOIN: Ibidem 53-74.

<sup>56</sup> Aínda que, se cadra, non ten que ver, porque tamén existe a tradición de que se lavaban no río de Lavacolla, para chegaren limpos a Compostela, e porque botafumeiros hóuboo igualmente noutras catedrais coma Ourense e Tui, iso si, ligadas ós peregrinos.

### 1.4.3. OS NENOS EXPÓSITOS

Houbo fames aínda anteriores moi sonadas, coma a de 1768-1769. Un dos dramas destas fames callou, ou tal mo parece, no dito *Ir coma un rei nunha cesta*, que quere dicir "ir ben", "ir cómodo", "salvarse dun apuro", "vivir moi ben". Tendo en conta que a vida dun rei ten moitas regalías e que en francés, no XVIII, dicíase ser feliz coma un rei (*être heureux comme un roi*), podía ser que o dito aludise á cobizable vida do Xefe dun Estado. Pero ¿que rei é este que vai nunha cesta? Ou a palabra *rei* ou a palabra *cesta* deben de estar aí con sentido metafórico. Tendo en conta que ás veces o dito continúa así ... *e a cesta polo río abaixo*, un pensa que pode ser Moisés que de abandonado no río chegou a se-lo gran líder de Israel. Sen embargo unhas palabras do Cura de Fruíme no século XVIII lévanme a pensar nun rei ben distinto. Nese século houbo unha enorme cantidade de nenos expósitos, ben por seren ilexítimos (e teño visto *Libros de Bautizados* que documentan que llelos poñían nunha caixiña á porta do presunto pai, case sempre acompañados dun pouco azucre ou algo así), ben porque naceran sifilíticos, ben porque non había con que mantelos (¡tal era a fame!). O caso é que alguén acababa levando estes meniños nunha cesta ó Hospital dos Reis Católicos en Compostela, coa boquiña untada de manteiga. E, aínda que un 25% deles morría antes de chegar á Inclusa, alí a caridade pública salvaba a moitas destas criaturas dunha morte segura, bautizábaas, poñíalles un nome e buscáballes nodriza nunha aldea para os primeiros cinco anos. Para a distribución polas parroquias máis ou menos próximas a Compostela, catro meniños compoñían unha *cesta*<sup>57</sup>, pero antes de entregalos marcábanos co selo do Hospital, para evita-lo fraude de traeren as nodrizas un rapaz distinto do que lles encomendaran, cando viñeren cobrar.

Consta que o problema tiña unhas dimensións asombrosas, xa que había días de entraren no Hospital a dezaseis ou dezasete criaturas por este sistema, e na segunda metade deste século XVIII, o marqués de Piedrabuena calculaba que en Galicia debía haber uns 2.000 destes nenos expósitos, que popularmente se coñecen como *Fillos achadizos* ou *da arquíña, da pedra, da terra, das herbas* ou *do mundo*<sup>58</sup>. Por este tempo

---

<sup>57</sup> Houbo violentos enfrontamentos dos aldeáns que recibían obrigatoriamente estas encomendas, porque dicían que os da cidade facían os fillos e eles tiñan que crialos. A mediados do XVIII repartíanse os meniños nunha área distante de Santiago 20-25 km; pero a fins dese século, xa nunha de 60-75 km. Pode ser mesmo que o dito Mandarlle a cesta a alguén co significado de "defraudar a alguén faltando a unha cita" (Xan mandoume a cesta, quedou de vir ás doce e non apareceu), que recollín nas Pontes, teña que ver remotamente con isto.

<sup>58</sup> Sobre o tema dos expósitos pódese ver A. EIRAS ROEL: "La Casa de Expósitos del Real Hospicio de Santiago en el siglo XVIII", Boletín de la Universidad Compostelana 75-76, 1967-68, 295-335. D. GARCÍA GUERRA: El Hospital Real de Santiago. Fundación Barrié de la Maza, Barcelona 1983; 315-379.

é cando escribe o Cura de Fruíme. Pero o problema aínda seguiu e apértaselle a un o corazón pensando que o Hospital de Santiago recolleu en 130 anos (1791-1920) ó pe de 50.000 criaturas<sup>59</sup>

¿Que e o que di o Cura de Fruíme? Di que a estes nenos expositos que pasaban polo Hospital de Santiago chamábanlles popularmente *reis*<sup>60</sup>; e que de aí debe vi-lo dito *Ir como in rei nunha cesta*, porque eran nenos que, na obra asistencial aquel Centro atopaban a única posibilidade de esquivar unha morte segura.

Se esta for a verdadeira etimoloxía do dito, cumpriría, sen embargo, recoñecer que o dito modificou non pouco o significado inicial; xa que é xusto recoñecer que, se a fins do XIX 1 de cada 4 destes meniños daba chegado ós sete anos, en tempos do Cura de Fruime só daba chegado 1 de cada 9, polo que a Junta de Médicos de Galicia e Asturias dicía en 1835 que este Centro máis ca Hospital era *pila bautismal y sepulcro de niños*<sup>61</sup>.

Non quita, por último, que aluda ó feito de que na agricultura tradicional é habitual que a nai leve con ela os meniños pequenos e que os teña na veiga metidiños nunha cesta.

*Estar botando as mantas no Hospital* e "ser un entremetido" en Abadín; en Ferrol, en cambio, e en Cospeito *Botarlle as mantas ó Hospital* (ou *para o Hospital*, como din en Guitiriz, ou *Poñerlle as mantas no Hospital*, como din en Muxía) é "criticar a un acerbamente, maldicilo", ou, como tamén se di, *poñelo a feder*, coma quen lle di *¡por min xa podes morrer!* En Ferrol explicáronme que antes o enfermo que ía a un Hospital tiña que levar consigo as mantas. Nunca puiden comproba-la veracidade desta explicación, pero recentemente oín en Caritel *Iso é coma buscar mantas no*

---

<sup>59</sup> Á enorme cantidade de fillos ilexítimos alude, se cadra, aquela cantiga que di  
O meu maridiño foise por pobre.  
Deixou un filliño atopou dezanove.  
Gracias a Dios e a tódolos santos  
siquera me dixo de quen eran tantos.

<sup>60</sup> Comentando uns versos de Quevedo que din Zampuzado en un banasto /me tiene su Magestad / en un callejón Noruega, /aprendiendo a gavilán. /Enmohecendo la vida, /vivo en esta obscuridad, /Monge de zaquizamies, /Ermitaño de un desván, Diego Cernadas elabora unha glosa que empeza así: Si me corriese la Qüesta, /conforme á la intencion mia, /entonces ya yo estaría, /como un Rey en una cesta. Esta expresión aparece en cursiva e cunha nota a pe de páxina que di: Así se dice proverbialmente en Santiago, aludiendo á que traen y llevan al Hospital en una cesta á los Niños Expósitos, que llaman Reyes. Polo contexto, este dito significa "estar ben, estar abastecido de todo o indispensable", porque opón estar como un Rey en una cesta a zampuzado en un banasto: a glosa continúa así pero si para la fiesta /no me hacen de cera el gasto, /con la falta del abasto, /me estaré en mi albergue rudo, /como un Diógenes barbudo /zampuzado en un banasto (Obras completas 7, 60, n.).

<sup>61</sup> J.M. PÉREZ GARCÍA: "La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los RR. Católicos de Santiago", Liceo Franciscano 1976, 171-197. Os datos son relativamente semellantes ós que na mesma época se recollen en Valladolid, Sevilla, Rouën, Reims ou Saint Laurent.

*Hospital* ("busca-lo que non hai"), coa mesma explicación de que o enfermo que ía a un Hospital tiña que leva-las mantas. Así que debía de ser certo.

#### 1.4.4. AS INVASIÓNS PADECIDAS

*¡Vai chorar a Cangas!* é exclamación con que nos desentendemos dos que piden seguido, piden de máis, ou nos queren facer ver que o traballo deles foi moi difícil e por iso tivo máis mérito.

O dito, semánticamente moi evolucionado, tamén ten o seu porqué. Cóntase que 18 barcos turcos e berberiscos entraron no ano 1617 na Ría de Vigo e fondearon diante de Cangas. E, como acontecería máis tarde na maldita batalla de Rande, en 1702, aquela xente saqueou, queimou, violou, roubou, matou canto lle petou entre Domaio e Cangas. Disque moitas mulleres quedaron sen homes, sen fillos ou sen fillas; e que tolearon; e, cando a memoria, sempre tan fraca en Galicia, foi minguando, a imaxinación popular, allea a tanta dor, tomounas por meigas e vías ir a aquelarres sabatinos á praia de Areas Gordas. ¡Botade de conta que pranto habería en Cangas e canto se debeu de chorar aínda no cabodano! A tradición di que, segundo o tempo ía cicatrizando a ferida, os de Cangas contrataban choronas que mantivesen a tensión do pranto. E que de aí debe de vi-lo dito *¡Vai chorar a Cangas!* que se oe por toda a costa atlántica galega, para rexeitar a un pedichón. Quizais a paga das pranxideiras fose en especie, porque en Tui engádenlle isto: *e danche unha cunca de caldo* (nas Neves din *¡Vai pedir a Cangas, que che dan unha taza de caldo!*). E en Cambados engaden *que che dan un traxe de augas*<sup>62</sup>.

*Tesouro de Rande* é toda "riqueza ficticia ou que, por non podela utilizar, é inútil; e tamén se di, en sentido irónico, *Grande, grande coma o tesouro de Rande*, aludindo os galeóns que os ingleses afundiron na ría de Vigo o 23.10.1702. Ten a súa razón a ironía do dito, porque os 40 barcos da Frota de Indias chegaran un mes antes e descargaran a prata para levala en 1.600 carros a Lugo e de alí a Madrid, de xeito que, cando os ingleses chegaron, os carros xa ían en Padrón e só puideron queima-los nosos barcos (dous afundíronos) e saquearon o que atoparon en Redondela en casas particulares e igrexas<sup>63</sup>.

---

<sup>62</sup> Un mariñeiro explicoume que os traxes de augas, que hoxe son de produtos sintéticos, eran antigamente de lona embreada.

<sup>63</sup> X. FILGUEIRA VALVERDE: "Unha relación inédita do combate de Rande", en VI- Adral. Edicións do Castro, Sada 1990, 168-177. Ver tamén "Os papagaios de Rande", en Segundo Adral. Edicións do Castro, Sada 1981;349-350.

*Impío coma un francés* era dito aínda común en 1886 pero, se cadra, recente, da época da resistencia antinapoleónica, na que participaron activamente os curas: a crónica local acusou daquela os franceses de cometeren numerosos actos sacrílegos<sup>64</sup>.

#### 1.4.5. AS INVASIÓNS REALIZADAS

A perda de poder e o carácter defensivo dos últimos séculos da nosa historia escureceron a nosa participación en operacións de conquista (da que Santiago é símbolo esencial) e que tivo, por poñer algún caso, capítulos importantes como Sevilla ou Almería. Queda tan lonxe todo isto, que xa non vexo rastro na lingua. *Darlle coma Santiago ós Mouros* ("golpear violentamente a outra persoa") ou *Ser coma Santiago para os mouros* ("ser agresivo") son os escasísimos elementos da tradición oral galega que fan alusión ó Santiago bélico da historia mítica de España<sup>65</sup>. Daquelas lonxanas operacións bélicas queda a frase proverbial: *Somos galegos e non nos entendemos*.

O P. Sobreira<sup>66</sup> di que foi Xoán de Barveyra en Sanabria o primeiro que llelo dixo ós discordes galegos defensores do seu defunto tío D. Pedro. Nalgún lugar lin, sen embargo, que foi Paio Martínez Barbeito quen tal dixo primeiro, cando entre Sanabria e Benavente ían os tercios galegos á conquista de Almería, en 1412, porque non se entendían os xefes entre eles sobre cal tiña que ir diante e disque sortearon e tocoulle ó señor de Moscoso.

O dito é tristemente de perenne actualidade. En Galicia aplícase a esa atávica dificultade para unirmos forzas culturais, políticas, empresariais, comerciais, eco perenne da economía de subsistencia na que a familia controla o proceso enteiro, pero que frustra tantas cooperación ben nacidas. *Somos galegos e non nos entendemos*. É unha especie de maldición prerromana. Miren un castro: cada casa orientada como lle cadra, ó vultuntún, sen plan de urbanismo. Non é moi distinto hoxe, xa que parecemos impotentes ante a mala fada de que aquí haxa máis Plans de Reordenación ca Plans de Urbanismo ou que haxa minorías entregadas á libertinaxe ortográfica por non teren aínda conciencia de que un código de circulación debe ser único.

---

<sup>64</sup> E hai cantigas coma esta que recollen Schubarth e Santamarina: Un mosquito foi a Francia / preñado de trinta meses / e na barriga levaba /cento cincuenta franceses (Ibidem IV,II,286).

<sup>65</sup> Para dici-la verdade hai outro, este algo groseiro: Telos coma o cabalo de Santiago ("ser moi valente e atrevido").

<sup>66</sup> J.L. PENSADO - X.L. AXEITOS: Cartas del Padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide. Edición do Castro, Sada 1983, carta V, 96-98. (...Juan de Barveyra; porque este es el caballero que en Puebla de Sanabria dijo a sus discordes paisanos defensores de su difunto Rey D. Pedro, estas palabras: ¡Ah! señores, parece que "Todos somos galegos e no'nos entendemos"; según que así lo refiere un cuaderno impreso y escrito por un sobrino de Florián de Ocampo, cuyo nombre ignoro).

Gonzalo Korreas, no século XVII, oe o dito en Salamanca e recolle estas variantes *Todos somos negros y no nos entendemos* e *Somos griegos y no nos entendemos* e explica que se di *cuando hay bulla y grita* e que se comenta *Están como unos griegos; tienen muy grande greguería*.

Nun exemplo de como os ditos orixinan novos ditos (do que falarei despois), en Anceu (Pontecaldelas) oín a exclamación *¡Somos galegos e entendémonos todos!*, precisamente para indicar que non se precisan moitas palabras ou para indicar que o interlocutor entendeu o que se lle quería dicir, aínda que a expresión era velada e resultou parcial ou totalmente opaca a outra persoa. Un exemplo de locución desautomatizada.

#### 1.4.6. XAN DO OUTEIRO

*Tede paciencia, que tamén a tivo Xan do Outeiro*. O vello dito é enigmático pero empeza a ter sentido, cando alguén a completa: ... *que estivo tres días solteiro*. E a cousa clarea máis cando nos dan outra formulación: *¡Tede paciencia, que tamén a tivo Xan do Outeiro, que levaba tres días viúvo, e durmiu dúas noites coa criada*.

A paciencia, vista así, revélase unha paciencia especial, madia leva: é a paciencia do que soubo leva-la pena con picardía.

Aínda hai unha terceira versión que explica de diferente forma que estivese tres días solteiro. *Hai que ter paciencia, que tamén a tivo Xan do Outeiro, que enviudou tres veces e durmiu dúas noites coa criada*. E engádese que a cada muller só lle gardou un día de loito.

Parece extraña tanta vida nun ser humano, maiormente nun home, porque é sabido que regularmente vive máis a muller có home. Pero o P. Feixoo, no seu *Theatro Crítico*<sup>67</sup>, fálanos de dous galegos que viviron moitos anos. Foron **Domingo de Ons**, veciño de Muxía (124 anos) e **Xan do Outeiro**, de Fefiñáns (146). Deste sábese que morreu en 1726 e que el traballara, chamando os bois, nos carros que levaban pedra para construí-la igrexa de San Francisco de Cambados (que se acabou en 1588): así que, supoñendo que polo menos tiña que ter seis ou oito anos para se lembrar, saen 146 anos. O P. Feixoo informa tamén de que comía *pan de Maiz, y berzas cocidas, tal vez alguna sardina, ù almeja: su regalo extraordinario puches de leche, y harina de Maiz: carne*

---

<sup>67</sup> Tomo 1, discurso XII, pp. 244-245. Ver tamén J.L. PENSADO: "Dos records de longevidad: Juan de Outeiro y Domingo de Ons", *La Voz de Galicia* 6.3.1986. Ver tamén Galicia en su lengua y sus gentes (Ensayos). *La Voz de Galicia*, La Coruña 1991; 545-547.

*de vaca solo la comia algun dia muy festivo: vino (aunque le bebia) rarisima vez por su escasez de medios le lograba.* E por fin, para que non nos estrañemos de tanta lonxeidade, engade outros casos: como unha certificación do cura de san Xoán de Poio, Fr. Veremundo Negueruela, dada o 30.9.1724, conforme tiña naquela data trece fregueses con máis de cen anos que xuntos sumaban 1499 anos. Visto isto, compréndese que Xan do Outeiro enviuvase tres veces, porque lle deu tempo, abofé. E así se comprenden os ditos referidos.

Xoán do Outeiro parece que é quen ergueu o cruceiro que en Portosanto (Poio) está par da casa de Colón. Ata aquí chega a historia.

Pero o histórico Xan do Outeiro entrou no mundo da fama e a tradición oral transformouno nun ludópata. Así aparece un segundo Xan do Outeiro, que emigra á vila en busca de nova vida pero non lle vai ben e volve para a aldea. Claro que agora retorna co vicio urbano da xogueta metido no corpo. Empeza a xogar para beber, despois para desempeñarse e chega á miseria. Só lle queda o traballo para rexenerarse.

A sona deste Xoán do Outeiro enviado no xogo pode supera-los lindeiros de Galicia. Nas Illas Azores, concretamente na de São Miguel, onde incluso ten adicada unha rúa, recolleuse un refrán que di *Ao João do Outeiro cresceu-lhe a vida e faltou-lhe o dinheiro*. Paremiólogos azorianos explicano dicindo que o tal João do Outeiro debeu de ser un señor de bens que se arruinou por mala administración<sup>68</sup>. Pode ser que ese João do Outeiro sexa o noso Xoán do Outeiro, porque aí están sintetizados os dous elementos da nosa tradición: a lonxeidade do cambadés (*cresceu-lhe a vida*) e a ludopatía que leva á ruína (*faltou-lhe o dinheiro*).

De cantos antropónimos perduran na tradición oral galega poucos tan enraizados coma *Xan do Outeiro* e ningún ten perfil tan definido: porque aparece como prototipo da paciencia, da picardía, da lonxeidade, da ludopatía e, como aínda habemos ver, da gula.

Cando unha figura como Xoán do Outeiro entra na lenda, pasa a ser propiedade dos transmisores. De xeito que por aí anda un terceiro Xan do Outeiro, capaz de xantar media ducia de cuncas de caldo ben basto e cáseque unha cachola enteira de porco para, á noite, cear patacas con turriscos, unha ducia de ovos estrelados e dous litros de tinto; capaz tamén de suicidarse, estando aínda solteiro e con corenta e tantos anos<sup>69</sup>. Ignoro

---

<sup>68</sup> A. CORTES-RODRIGUES: Adagiário Popular Açoriano. Antília. Secretaria Regional da Educação e Cultura. Angra do Heorísmo 1982; 1º vol., p. 99.

<sup>69</sup> X. COSTA CLAVELL: "O Xan do Outeiro", La Voz de Galicia 16.9.1987.



se esta versión é creación literaria moderna de X. Costa Clavell ou é tamén popular. Sexa como for, nada ten que ver co Xoán do Outeiro lonxevo e austero, do que nos fala a historia.

Pero verbo de Xan do Outeiro aínda hai máis ditos, en parte referibles a esta tradición.

*¡Tede paciencia, que tamén a tivo Xan do Outeiro! /e mais facíanlo agradar (é dicir, "ir coa grade"). ¡Tócalle a gaita a Xan do Outeiro!* Equivale a "¡Hai que amolarse!"

*Xan do Outeiro toca a gaita  
e a muller o violín;  
os fillos andan dicindo:  
¡miña nai, nunca tal vin!  
(ou ¡Vaia unha cousa ruín!<sup>70</sup>.*

Velaí como un feito histórico pode deixar múltiples marcas na lingua común<sup>71</sup>.

Hai ben ditos que aluden a feitos históricos, coma *Nos tempos de María Castaña, Cando Betanzos ardeu, Máis embusteiro ca Turpín, ¡Arde Troia!* etc. Vou lembrar só aquel de *¡Se queres cartos, vai a Xubia!*, forma de denegar unha petición de diñeiro, aludindo á fábrica de moeda que houbo nese lugar de Narón en tempos de Fernando VII e de Isabel II. Bateu moeda entre 1811 e 1868: pezas de 1,2,4 e 8 maravedís, todas de cobre, de medio real en 1850, e dende 1866 de medio, 1, 2'5 e cinco céntimos de escudo.

## 1.5. LINGUA E TRADICIÓNS

### 1.5.1. VAICHE NA MISA EN CONXO

Hai tradicións tan enraizadas na memoria colectiva que tamén deron orixe a expresións proverbiais.

Contan os picheiros de Santiago que o arcebispo, hai disto centos de anos, prendouse dunha moza e que dela conseguiu o que un sacerdote non debe conseguir. E

---

<sup>70</sup> E aínda hai aquel xogo infantil que di Xan do Outeiro ten un can / que lle chaman capitán, / tamén ten unha cadela / que lle chaman Micaela / tamén ten un boi / que lle chaman Turroi. / Tamén ten un galo / que lle chaman Santiago; / tamén ten un gato / que lle chaman escribano; / tamén ten unha galiña, / que lle chaman Mariquiña; / tamén ten unha ovella / que lle chaman cotorella.

<sup>71</sup> Non quero acabar sen lembrar que Outeiro ou do Outeiro foi o apelido galego máis castelanizado. Dificilmente atoparán na Guía telefónica alguén que se apelide Outeiro; todos quedaron castelanizados en Otero (lembren a Otero Pedrayo ou a Camilo Otero) aínda que se conservaron os derivados Outeiral e Outeiriño. É dicir que un nome tan común coma Xoán do Outeiro corre hoxe como Juan Otero.

que os irmáns dela gardáronllas, para cando o atopasen descoidado. E, cando a procesión do Corpus pasaba pola rúa da Balconada (unha rúa que segundo os santiagueses corría paralela entre a do Vilar e a Nova), botáronse a el e que alí o deixaron morto. Unha cantiga santiaguesa di:

*Pretiño da rúa Nova,  
na rúa da Balconada,  
mataron o arcebispo  
por celos dunha madama.*

A tradición engade que, ó chega-la noticia a Roma, o papa mandou pechar para sempre a tal *rúa da Balconada* e decretou o interdicto, que consiste en que se pechan tódalas igrexas e a xente ten que ir a lonxe en busca de misa e sacramentos. Algo así coma un peche patronal eclesiástico, que daquela era unha pena severa, porque, por non ir á misa, podían poñer multa e á hora dela a policía da época tiña que patrullar por tendas e tabernas á caza dos díscolos<sup>72</sup>.

Conxo daquela aínda non era Santiago e en Conxo estaba a igrexa aberta que caía máis preto de Santiago. Así que a Conxo tiñan que ir os santiagueses á misa. Entre ir, oí-la misa, parolar no adro e volver, botábase a mañá enteira. E naceu o dito de *Vaiche na misa en Conxo* como resposta para cando preguntan por alguén que non está e inda vai tardar.

Pero o dito quedou para sempre e tivo vida propia, porque por moitos lugares de Galicia dise *Vaiche na misa* para dicir que alguén non está e vai tardar ou, coma en Cazás (Vilalba), "iso xa hai moito tempo que foi". E en Salceda e Tui din *Vaiche na misa e logo vén*, co valor de "non che creo nada do que me dis". En Moraña *ir na misa co recado* é "tardar; ir a un recado e non dar vido ou facerse o olvidado; dicir que si a unha encarga pero non pensar facela; ou non facela porque a un non lle acorda máis ou porque un non fai por se acordar".

Sen embargo, este dito, un dos que teñen a súa propia vida e evolución, consérvano-lo eco dun feito histórico (asasinato do arcebispo Sueiro Gómez de Toledo

---

<sup>72</sup> O Sínodo compostelán de Lope de Mendoza de 1436 ordena no seu punto 2 o seguinte: Item por quanto he dito a o dito sennor que alguus frigreses ennos domingos festas solenes, en quanto se çelebra a misa mayor estan ennos cimiterios ante as portas das iglesias parlando e fasendo outras cousas que en tal tempo deven çesar, por ende manda a os frigreses, so pena descomioion, que vaan a sua iglesia e esten a as ditas misas, por quanto todo frigres segun dereito he obrigado ennos domingos e festas de oyr conpridamente toda la dita misa de seu capelan e rector. E as Constitucións Sinodais do bispo de Mondoñedo, Antonio de Guevara, de 1541 penan o mesmo desvarío con multa so pena que los tenderos y carniceros y taverneros o otros que esten vendiendo cosas los execute el alguazil del pueblo, a cada uno por medio real, la mitad para si y la mitad para la fábrica de la iglesia (1; ed. de Antonio García y García. Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid 1981; p. 328 e 73 respectivamente).

nunha praza lindante coa catedral o 29.6.1366), pero deformado por unha tradición literariamente interesante aínda que non documentada: nin hai documentación que acredite que o móbil do crime foi o mal de amores, nin foi na tal rúa, nin á hora da previsible procesión do Corpus, nin o Corpus cadra tan tarde<sup>73</sup>; e, en cambio, parece ter moito que ver coas simpatías que D. Sueiro manifestaba ó rei D. Enrique na pugna que este tiña con D. Pedro. O único punto de apoio da tradición é que buscaron para sicarios a xente inimiga do arcebispo e ofrecéronse Fernán Pérez Churruchao e Alfonso Gomez Galinato<sup>74</sup>.

### 1.5.2. EMPREÑAR DO AIRE E PARIR DO VENTO

Este lévanos a máis antigas tradicións. Téñollo oído a meu pai, cando quería dicir que alguén "está facendo castelos no aire" ou "cismando sen motivo" ou "ventando problemas que non existen": vaia..., facendo fume sen lume, como se di. ¿De onde viría esa cousa tan estraña de *empreñar* e *parir* nada menos que do *vento*? ¿Que vento ou que preñado poden ser eses? Ben mirado, ese imposible estaba indicando que a frase era feita dalgún literato. En libros grecolatinos pode esta-la resposta.

É sabido que para os antigos gregos o vento do norte era *Bóreas*, o do sur era *Noto*. O do leste era *Euro*; e o do oeste era *Zéphyro*. Hai algo de fecundante no vento. O Céfiro, aínda que tamén trae tempestades<sup>75</sup>, era para Homero o que trae a chuva<sup>76</sup>, sonoro e fresco<sup>77</sup>, e a auga é símbolo da fecundación; e mesmo hai antropónimos que aluden á auga. E, se para os latinos Virxilio<sup>78</sup> e Horacio<sup>79</sup> o céfiro era o vento que derrete a neve e trae a primavera, empreñar do céfiro sería aplicar ó mundo animal á polinización do mundo vexetal<sup>80</sup>.

O céfiro colabora na fecundación vexetal; pero ¿pode el fecundar animais? Os antigos gregos e romanos dicían que si e que iso explicaba a inusual velocidade de

---

<sup>73</sup> A data máis alta para a Pascua é o 25 de abril, feito que, segundo teño lido, só se dá unha vez en cada século (1666, 1734, 1886,1943 e, previsiblemente, 2038 e 2190). Ora, como o Corpus é 60 días despois (xoves despois da octava de Pentecostés), a data máis alta posible para o Corpus é o 24 de xuño. López Ferreiro asegura, ademais, que no 1366 o Corpus caeu no 4 de xuño, polo tanto a morte do arcebispo non puido ser na procesión do Corpus.

<sup>74</sup> Véxase A. LÓPEZ FERREIRO: Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela. Santiago, Imprenta del Seminario Conciliar Central, 1903; tomo VI, 166-176. E. GONZÁLEZ LÓPEZ: Historia de Galicia. La Voz de Galicia 1980; 159-160.

<sup>75</sup> Odisea 12,426.

<sup>76</sup> Odisea 14,458.

<sup>77</sup> Odisea 4,567.

<sup>78</sup> Xeórxica 1,43.

<sup>79</sup> Oda 1,4,1.

<sup>80</sup> Disque o Bóreas tamén tiña este poder fecundador: del eran fillas as eguas de Erictonio (Ilíada 20,223-229).

certas eguas que se criaban nalgúns lugares, coma a Capadocia, Creta e o occidente da Península Ibérica, maiormente por terras de Mérida, Lisboa e Galicia. ¡Eguas fillas do vento! Boten de conta o que as estimarían, cando facían a guerra corpo a corpo e o cabalo dáballe ó cabaleiro nos desprazamentos rapidez e na loita a vantaxe da altura. E para explicar aquela inusual velocidade cismaron que os cabalos de Aquiles, o dos pés lixeiros, eran fillos do vento Céfiro<sup>81</sup>.

Velaí teñen algo que, si, *empreñaba do aire e paría do vento*. Sendo *fillas do vento*, a rapidez víñalles de caste.

Fagamos unha breve paréntese. ¿El virá o nome dos *cebros* (ou *cevros*), cabalos bravos de proverbial rapidez e frecuentes en tempos no occidente da península ibérica, da palabra grega *zéphyros* ou *céfiro*, antigo nome grego do vento do oeste. Poida que si e asísteme, polo que me parece, a autoridade de Menéndez Pidal. Se tal etimoloxía *zéphyros* > *cevro* for certa, teríamos aquí no propio nome do animal (*cevro*) o nome do vento (*céfiro*) e no nome do vento a xustificación da rapidez do animal e a pervivencia do mito das eguas fecundadas polo vento.

Non hai aínda moitos anos o profesor Rosado Fernandes glosou nun luminoso traballo as fontes clásicas e mailos ecos posteriores deste tema<sup>82</sup>, pero nada citou comparable ó dito galego *Empreñar do aire e parir do vento*. E aínda témo-lo refrán *Se empreñas do aire, parirás do vento*, que se lle di con retranca ás preñadas que ocultan un embarazo.

Eu non lles sei por que camiños aquel mito clásico chegaría ás aldeas de Moraña, onde eu aprendín de meus pais a última versión. O máis interesante é que miña nai tenme dito que nunca oíra falar deste mito clásico, antes de que llo eu contara, pero ela testemuña a vitalidade da expresión *Empreñar do aire e parir do vento*. Isto é moi interesante, porque revela (e non é o único caso) que hai fíos conductores ocultos entre a tradición grecolatina e a tradición oral galega de hoxe. Máis aínda, revela que a tradición oral galega reelabora esa herencia, transformándolle libremente o significado ("concebir proxectos quiméricos", "converter un contratempo insignificante nun gran problema") e mesmo creando sobre ela expresións novas, coma *Empreñar polas orellas* ("crer polas boas todo o que a un lle contan").

---

<sup>81</sup> Ilíada 16,149-151.

<sup>82</sup> "O vento, as eguas de Lisboa e os humanistas do Occidente peninsular" en Primera Reunión Gallega de Estudos Clásicos. M. C. Díaz y Díaz editor. Secretariado de Publicacións de la Universidad de Santiago, 1981; 369-381.

Velaí como unha expresión aparentemente ordinaria, como *empreñar do aire e parir do vento*, nos remonta a tradicións con máis de 2.000 anos de antigüidade e ás obras de prestixiosos escritores. Velaí outra proba de que na fala da aldea hai máis arte e máis creatividade da que parece. Estean logo preparados para a sorpresa, porque, cando oían a unha vella contar un conto, de xeito que para introduci-lo estilo directo diga *E faloulle así.*, poden estar oíndo un eco, aínda, do *hòs fáto* da épica de Homero. E a Homero remóntase a popularísima expresión *¡Ardeu Troia!* ("houbo un conflito ou axitación grande").

### 1.5.3. VAI FEITA UNHA BERENGUELA

A emperatriz Berenguela, esposa de Afonso VII o Emperador, enterrada na capela das reliquias da catedral de Santiago, foi muller de beleza senlleira. Otero Pedrayo di que o acredita a proverbial fermosura, recato do rostro e elegancia do tocado e indumentaria da súa estatua xacente<sup>83</sup>. Unha tradición, que algunha vez oín, asegura que ten permiso de Deus para saír do seu sartego unha vez por ano, na noite dos Fogos do Apóstolo, a noite do 24 ó 25 de xullo, e pasear entre a xente; e que Deus tamén lle dá o poder de, esa noite, contaxia-la súa beleza ás santiaguesas.

É moito o cariño que Deus lle ten ás santiaguesas para facer tal milagre. E indirectamente tamén ós santiagueses, testemuñas e destinatarios de tanta beleza. De feito o máis grande piropo que se lle pode botar en Santiago a unha moza que pasa é o de *¡Vai feita unha Berenguela!*

### 1.5.4. ÉCHE PAN EMPRESTADO

Para afronta-lo inevitable trance da morte, a Galicia tradicional dispón dunha sabedoría ancestral e de terapias complementarias pero independentes das crenzas e das liturxias cristiás socialmente omnipresentes<sup>84</sup>. Xa aludín a isto falando do hábitat.

A luz que fixo o traballo antropolóxico de Marcial Gondar é abonda, como para dicir eu cousa ningunha<sup>85</sup>. Só quero lembrar algún dito que ten que ver con isto. Na Galicia rural *Ter unha boa morte* é "estar acompañado por xente que fala con un e que

---

<sup>83</sup> Guía de Galicia. Galaxia, Vigo 1964; 595.

<sup>84</sup> ¡Saque Deus unha alma en pena e a min non me esquezna! é o que se di no campo cando se ve pasar unha estrela fugaz, xa que se cre que é a execución dun mandato luminoso de Deus de sacar unha alma do Purgatorio.

<sup>85</sup> Marcial GONDAR PORTASANY: A morte. Museo do Pobo Galego, Santiago 1987. Romeiros do alén. Antropoloxía da morte en Galicia. Xerais, Vigo 1989. Mulleres de mortos. Cara a unha antropoloxía da muller galega. Xerais, Vigo 1991.

ofrece auxilio espiritual"; é obriga social acompaña-las familias a quen lles morreu alguén. E aínda está algo viva a tradición de ofrecer despois do enterro pan e caña. De aí nace a expresión *Éche pan emprestado* para dicir que un vai ó enterro do parente de alguén que tamén veu ó enterro dun parente do que fala. *Eu voulle ó enterro do pai del, que tamén el veu ó enterro de miña nai, que en gloria estea. Éche pan emprestado.*

Para a morte inesperada dise máis: *Estaba de ser, Estaba de Deus, Tiña alí o seu sino, Era a morte que estaba alí esperando por el*, maiormente se é por accidente. Case sempre incluso aludindo ó caso de alguén que ordinariamente non ía a onde ese día foi e atopou a morte. Velái a morte como un ser persoal, que tamén aparece en *Vin a morte ós ollos*, cando un estivo en gravísimo e repentino perigo de morte.

Dise que *hai unha vella morta* nos tremesiños dos camiños ou das estradas, aqueles puntos nos que sempre hai unha fochanca, que, por máis que a reparen, sempre reaparece. Todos coñecemos algún lugar destes. Pois aí, segundo oín preto de Carnota, disque hai unha vella morta (non me souberon explicar máis); coma se fose unha vinganza por pasar unha estrada por riba dun sartego e así profanalo. Non o sei.

Hai unha maldición, *¡Antes o vexa cos pés pra diante!*, que denota que un quería mellor ver a outro morto antes que verlle facer tal ou cal cousa. E o dito nace do feito de que os mortos (non sendo curas) sácanse da casa e entran na igrexa cos pés pra diante. Obsérvase esta tradición con tanto mimo, que é seguro que detrás do dito está a crenza de que facelo contra esta tradición traería problemas a alguén (morto ou parentes).

*Estar entre o caldeiro e a crus* significa "estar morto", porque no velorio á cabeza dos mortos colócase a cruz e ós pés un caldeiro con auga bendita. Tamén o teño oído co valor de "estar entre a vida e a morte". Igual orixe ten o dito *Estar entre dúas velas*, que significa "estar morto pero aínda sobre terra, de corpo presente". *Estar coa candeia na man* é "estar agonizando", polo costume, en parte aínda vivo no mundo rural, de poñerlle unha vela acesa nas mans ó que está nas últimas.

*Pilla-lo aire do morto* significa enfermarse gravemente por emanacións dun cadáver. Un non galego pode pensar que o dito procede da época, non moi remota, na que se enterraban descubertos os mortos e, por veces, sen caixa ningunha, de xeito que, cambiado o costume (hoxe hai mortos que van en caixas metálicas soldadas), esmorecería o dito. A impresión do forasteiro queda na tona das cousas, porque *o aire do morto* é moito máis; é un complexo xogo de símbolos, mitos e profilaxes; e remito outra vez ós estudos citados de Marcial Gondar.

## 1.6. LINGUA E HUMOR

Falemos agora do humor, esa característica que recoñecen finos observadores a un pobo tan pouco propenso a escachar coa risa, coma o galego. Non é casual que en galego teñamos dous ensaios extraordinarios sobre o humor: un de Celestino Fernández de la Vega<sup>86</sup> e outro inédito de Siro<sup>87</sup>. Póñanse por un instante na pel dun pobre, dun zarabeto, dun coxo, dun inmigrante, dunha prostituta, dun homosexual: ante unha situación socialmente problemática, coma esas, a comicidade busca divertir, a sátira combater, o humor compadecerse e solidarizarse co débil. O cómico mira o lado divertido da vida; o satírico destrúe o que lle desagrada; o humorista mira a vida dende o sentimento. Por iso o cómico provoca a gargallada; o satírico, a ira; e o humorista, a solidariedade. Di Siro que a risa non ten peor inimigo cá emoción e por iso o humorista non ri: sorrí.

O humor é poliedro de moitas caras, pero a máis auténtica, para min, consiste en estar de volta das grandezas alleas, para que non nos esmaguen, e das miserias propias, para que non nos depriman. Pero tamén é a viceversa, estar de volta da grandeza propia e da miseria allea, porque o humor auténtico nunca é soberbia nin crueldade. Nin masoquismo, nin sadismo, senón todo o contrario. Humor é ve-lo mundo do revés, coma quen mira un tapiz por detrás. E por iso é humor o noso Entroido (tan distinto do carnaval carioca, do veneciano ou dos seus imitadores): porque é simpatía co débil e burla da cara oculta e fea do poder. Di Siro nese ensaio inédito que o humor máis sutil é o das minorías oprimidas. E, por ser incompatible co fanatismo, pode ser arma, moi eficaz, de combate pacífico.

Sendo o galego un pobo vello e á defensiva, que mira o mundo dende abaixo, o seu carácter produciu e produce innúmeras xoias de humor quimicamente puro, feito sorprendente para quen, vendo o mundo dende o alto, confunden humor con chistes á conta de prostitutas, homosexuais, aldeáns, inmigrantes e zarabetos, é dicir, os que confunden humor con face-la risa dos débiles, os que confunden humor con crueldade. Por veces humor e chiste + gargallada parécenme antitéticos (como acontece con certos chistosos de televisión), cando se fai rir só coa vulgaridade ou coa burla do débil: para min iso é sarcasmo, crueldade, prepotencia.

---

<sup>86</sup> O humorismo non é amigo do pranto nin do riso. O seu elemento é o sorriso di Celestino Fernández de la Vega no seu libro *O segredo do humor*. Galaxia, Vigo 1995; 102.

<sup>87</sup> Sobre Castelao humorista.

Este distanciarse dos acontecementos é autodefensa e autocrítica; ten moito que ver coa *ataraxía* ou imperturbabilidade dos antigos estoicos; require madurez e intelixencia. O humor require un plus de intelixencia e de humanidade e, sen dúbida, é un dos máis altos niveis de elegancia espiritual. Por algo Fernández Flórez dicía que un poeta ou un novelista poden ser precoces, pero un humorista, non. E Siro di que o humor é unha forma de sabedoría e madurez espiritual que tarda en aparecer en calquera pobo.

Esa é a gran diferenza que en España marcan Castelao e algúns dos *humoristas* galegos fronte a moitos humoristas de fóra.

Moitas veces humor é rebaixa-la grandeza allea, porque nacer todos nacemos igual e todos nos igualamos na morte. Hai recursos lingüísticos que protexen do ventimperio da vida. O primeiro é a **cautela da resposta interrogante**. Subiu o galo á póla dun carballo e díxolle o raposo: *-¿Que fas aí, meu vello?* e respondeulle o galo *-¿Que fas ti aí? ¿A quen non salvou dun apuro este recurso? -¿Por quen votaches? -¿E por que mo pregunta?* Responder cunha pregunta é cautela que nos permite adiviña-la intención da pregunta, tan importante, por veces, coma a mesma pregunta. Desconcerta os non galegos a forma en que xogamos coa **resposta intencionadamente vaga** e imprecisa: *Cada un sabe o que sabe*. Ou *Por un lado ti xa ves e por outro ¿que queres que che diga?* Boten de conta que lle queren axustar un traballo a un carpinteiro e que lle preguntan *¿canto me vai custar?*, e que el responde *Eu hei de gañar un peso e Vde. non ha de saír mal*; ben, nese caso non lles queda máis remedio ca poñerse confiadamente nas mans del. Resposta intencionadamente vaga deuna Iglesias Corral trala crise do goberno de Fernández Albor, cando tivo que subir ó estrado a explicarlle ó Parlamento Galego o que todo o mundo sabía de sobra. E dixo, con maxistral brevidade e humor: *Aquí pasou o que pasou*<sup>88</sup>. O importante é que a frase non a inventou Iglesias Corral para ese momento; xa existía e el sóboa usar no momento exacto e con considerable éxito, converténdoa en proverbial e mil veces citada.

Atopamos humor **na ironía sobre a falsa grandeza allea**, que ataca os pes de barro da estatua coa pobre arma dunhas palabras ben ditas. Así, cando o enriquecemento leva a actitudes disparatadamente cursis, como *facerse os finos* e non coñece-la xente ou renegar do galego, sendo que un aínda leva a broa na cara, díselles que son *Señores de*

---

<sup>88</sup> Véxase estotra cantiga recollida por X. Lorenzo na Limia Baixa: Esta noite no múño/ ha de haber o que ha de haber:/ as telliñas do tellado/ han de ir ó río beber (Ibidem; p. 77).



onte pra acá (é dicir, nobres sen historia) ou *Señoritos de caldo á merenda* ou *Aristocracia do pan de millo*; e pode ser fulminante que alguén diga de alto a frase proverbial: *Farruco foi á América e, cando veu, era don Francisco*. Así, cando alguén aparenta unha riqueza que non ten, dise que *Ten moita terra na Habana*, ou que *Come sardiña e arrota pescada*, como din en Vigo, ou que *Come polo e arrota galiña*, como din no Ribeiro. Ou dise de alto unha frase proverbial como *¡Moitas olas ó lume e un garabanzo a cocer!* ou *¡Encheivos, miñas vacas!* e, coa lingua pequena, *herba nin vela*, no que o segundo sintagma é un comentario destructor. En Cazás (Vilalba), cando pasa alguén moi fachendoso que parece que non ha de haber quen se lle poña diante, din en alto: *¡Coidado comigo!* como léndolle e ridiculizándolle o pensamento.

Atopamos humor na **intención ridiculizante do uso do castelán**, como acontece nalgúns debuxos de Castelao, ou cando nun conto popular fala o demo, ou cando o uso do castelán implica menosprezo da orixe. Xa o P. Sarmiento contou no século XVIII como conto galego moi antigo o conto do angazo<sup>89</sup>. Trátase dun mozo que marcha de Galicia por desgracia súa e, cando volve, xa non fala máis có castelán. E crendo que lle dá máis señorío finxe *que ya le esquenció el gallego*, preguntándolle á nai polo nome disto e daquilo. Dunha vez pregúntalle polo do angazo, que estaba en posición inclinada apoiado na parede. E a nai díxolle: *-Písalle os dentes, que xa cho el di*. E pisoullos e o mango do angazo veuse a el e deulle na testa e coa sinceridade da sorpresa exclamou: *¡Dó demo o angazo e o anguizo e o demo que o fixo!* Acordoulle. Casos semellantes, non sei se históricos ou fábulas moralizantes, son o daquel mariñeiro que *traballa en Perro Flota* (andaba embarcado nun barco de Camboia); ou aquel que volve da Arxentina e ó chegar a Santiago colle un taxi e dille que o leve *a Toro Fallesío* (é dicir, a Boimorto); ou o daquel que dixo na aldea que marchaba *en el tren cerilla* (naquel que chamaban *mixto*); ou aquel barbeiro, convertido en peluquero, que referíndose á peluxe da caluga (en castelán *vello*), dicíalle ós clientes que só ían afeita-la barba: *-¡Quiere que le corte el viejo de la caluga?* A todos estes meu pai definíaos como xente que *fala con hache intercalado*, aínda que el metía neste saco tamén ós que, para impresionar, abusan de palabras minoritarias que o galego normativo recuperou para o estándar e que agora teñen un certo aire libresco.

---

<sup>89</sup> Hoxe sabemos que o mesmo conto existe tamén noutras culturas europeas. Polo menos parece haber versións en múltiples dialectos de Francia e do N. de Italia. Véxase CORTELAZZO, M.: *Curiosità linguistica nella cultura popolare*. Milella, Lecce 1984; 99-100. Véxase tamén a anécdota que conta Ramona de la Peña, en *Literatura gallega con extensos apéndices bibliográficos y una gran antología...* cit. por CATEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA. Universidade de Santiago: Prosa Galega I. Galaxia, Vigo 1976. 174-175.

Atopamos humor na maneira de **reprender pero cun sorriso**. Así cando se reclama a outros atención e que poñan os cinco sentidos nunha cousa, díselles: *-¡Hai que sacar da cabeza algo máis ca piollos!* Ou cando se quere reprender a alguén porque chega a onde hai xente e non saúda: *-O can, cando entra, polo menos dálle ó rabo*. E ós que son lentos en face-los recados, que sempre chegan tarde, díselles que *son bos para mandar pola morte ou pra ir pola morte*. E ós que se erguen tarde de máis díselles *¡Non píse-lo sapo!*: dito irónico, porque os sapos andan de noite (a lúa é o sol dos sapos) e recóllense ó abri-lo día, de xeito que só os moi madrugadores poden pisalos ó saíren da casa. E ó que escacha a rir cos seus propios chistes, dicimos que *fai a festa e bota os foguetes*.

Atopamos humor na **crítica** ós preguiceiros, cando en Santiago lles preguntan *-¿Seica está aí posto polo Axuntamento?* ou *polo señor abade* (como din en Maceda) ou cando en Ferrol lles chaman *Músicos de Mondoñedo* (aludindo a unha gripe que meteu na cama media vila e a banda de música, para completa-lo número de músicos vestiu de músicos algúns homes que quedaban a pe, atuíndolles con cortiza os instrumentos e mandándolles incha-la moufar talmente coma se tocasen), ou cando en Belesar (Vilalba) din que *ese pra percha vale ben*, porque non se move, xa que a unha percha, se a bambeamos moito, cáelle a roupa; ou cando dos que se desentenden de algo, maiormente dunha obriga colectiva, se di que *se fan de Muros* (se cadra por aquel dito enigmático, do que hai varias explicacións, *Somos todos galegos, menos o patrón que é de Muros*<sup>90</sup>), feito que en Catoira din *chamarse de Covas* e en Moraña *chamarse Andreses*. E é moi vello o dito *A min plin: eu son de Lalín* (que en Monforte rematan doutro xeito: *eu son de Verín*) e que xa corría entre os estudantes galegos de Salamanca no século XVII.

Atopamos humor no **eufemismo** con que encubrimos con palabras delicadas unha realidade fea. Coma tal, cando criticámo-la mala conducta dalguén, dicindo que é nel algo conxénito porque *foi amasado en mala artesa; foi cocido en mal forno; é fillo de trala silveira* ou *é inxerto bravo*. Ou, cando queremos dicir que alguén está tolo, que

---

<sup>90</sup> Uns din que se refire a Muros de Nalón en Asturias; outros, que procede dun temporal que houbo no mar e, cando os mariñeiros estaban todos desesperados, o patrón tranquilizounos dicíndolles que el dábaos levado a terra. E, cando arribaron a unha praia descoñecida, os veciños preguntáronlles de onde eran e deron esa resposta, como dicindo que os de Muros son máis mariñeiros ca todos.

usa xenialidades e rarezas, e dicimos que *Ese acorda un día en Conxo*, onde, como todos sabemos, está o máis importante hospital psiquiátrico de Galicia<sup>91</sup>.

Atopamos humor en certas **hipérboles**. Como cando, para falar dun mentireiro, dicimos que *por cada verdade que di cáelle un dente e inda os ten todos* (frase que corre tamén substituíndo o *dente* polos *ollos* ou polos *ombros* e remata: *e inda ten os dous*). Ou cando dun adicto ó alcohol, dicimos que *ten a cama na taberna* ou que *pecha tódolos bares pola noite*.

Atopamos humor na **picardía** con que o enterrador ou calquera outra persoa con oficio mal considerado exclama *¡Dios lle dea a cada un ganancia polo seu oficio!* ou con que un pobre das portas pide *¡Esmoliña a este pobre que quer falar e non pode!*

Atopamos humor na **gracia** con que, cando petan á porta, alguén di: *Ábrelle só se peta cos pés*, é dicir, se trae algo para nós nas mans e por iso ten que petar cos pes. Ou cando os pais queren negarlle a un fillo permiso para ir á festa pola noite, din: *Ti has de ir cos que quedan* ou *Ti has de ir á verbena das "sábanas" brancas*: é dicir, para a cama. Ou cando alguén reprende a un mal guiado ou a quen non hai quen o convenza de nada, dicindo que *fai máis caso un porco que levas prá feira* (quen tivese que levar algunha vez a pé un porco á feira sabe perfectamente que o caso é paradigma da desobediencia). Ou cando en Bergantiños denominan *-Xa te vin* e en Caritel *roupa vella* as sobras da comida que volven á mesa con outra feitura (*-Mamá ¿que hai hoxe de comer? -Xa te vin*; e, se non queren revela-lo menú, responden: *-Lingua de preguntadores* ou *Lan con pelos* ou *Bifes de cabalo*). Ou cando alguén está sobrevalorando a capacidade leiteira dunha vaca e o paisano comenta: *-¡Ui, si, dá leite polos cornos!* Ou cando unha muller para facerse máis nova di que ten trinta anos, e oe polo baixo *¡Trinta en cada brazo!* Ou cando ante unha proposta disparatada dicimos que *non che quería máis o demo pra rir*.

Atopamos humor na **escasa ambición e resignación** con que á consabida pregunta *-¿Que tal che vai?* un responde *-Imos indo*, así, nun plural que situa o falante no seu contexto familiar ou profesional e, se cadra, envolve socialmente a quen pregunta. O *ir indo* é confesión de que non damos progresado ou conciencia de que non nos deixan progresar outros, contra os que non temos forzas para rebelarnos, pero tamén é conciencia de que, no peor dos casos, sobrevivimos e satisfacción porque aínda

---

<sup>91</sup> Cfr. E. MONTERO: El eufemismo en Galicia. (Su comparación con otras áreas romances) (Anexo 17 de Verba. Anuario Galego de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela 1981).

estamos aquí para contalo. A historia de Galicia é a historia dun pobo que camiña por un campo de minas. Por iso se repite tanto en Galicia este dito, que así, máis que un dito, é xa unha categoría socioeconómica étnica e que se formula así: *O caso é ir indo*<sup>92</sup>.

Atopamos humor na **melancolía**, con que un vello nos di que *xa lle vai chegando o tempo de durmir fóra* ou que *vai soltando ferro*, coma un carro que vai perdendo pezas (como dixen na nota 114), ou cando nós, vendo un xuntoiro de pobres ou vendo que se axuntan almas que pasan moita necesidade, dicimos que *axuntan a fame coas ganas de comer*, ou cando en Fisterra exclaman *¡Deus nos dea ira, que paciencia xa a temos abondo!*

Pero é igualmente certo que a lingua galega ten moitos recursos, como é lóxico, para vivir en actitude de superioridade. Superioridade por exemplo ante un que se queixa por pouca cousa (*¡Pouco mal e ben xemido!*). Ou ante alguén que nos desexa mal (*¡Patadas de burro non chegan ó ceo!*). Ou cando alguén fachendea por algo que lle saíu ben (*O meu can pillou unha mosca. ¡Cando pillaré outra?*).

O humor é poliedro de moitas máis caras, porque non hai situación para a que a lingua galega non teña a súa lente humorística; non hai ferida para a que ela non teña a balsámica herba dos magos. Pero debemos abri-lo ollo ante a crise de humor en Galicia: empeza a haber xente galega que non reacciona co humor galego ou que non entende o humor de expresións galegas. A castelanización que a televisión acelerou é algo máis ca unha cuestión gramatical e léxica.

## 1.7. LINGUA E OUTROS MATICES DA PSICOLOXÍA GALEGA

Se a proximidade lingüística de galego e castelán permite un regreso ó galego sen os traumas que esixe o regreso ó vasco (ou o regreso ó irlandés dende o inglés), é tamén certo que a lingua garda matices que, de entrada, un non percibe. Se un non sabe que na aldea está moi viva unha opinión que expresa o refrán *Se o fillo sae ó pai, saca de dúbida á nai*, seguramente non comprenderá por que ante un meniño pequeno se di case sempre que *é seu pai cuspidiño*. É mesmo posible que a un principiante lle pase desapercibido que acaba de asistir a un xesto de cortesía.

Nas aldeas teño oído dicir que a xente da vila *é moi rachada falando*, querendo apoñerlle que "é descortés e desconsiderada". Claro, na aldea non se usa a palabra

---

<sup>92</sup> Aínda hai outra fórmula de resposta, igualmente popular pero de maior resignación: O caso é ter saúde e non levar un golpe.

*descortés* porque o concepto de cortesía é esencialmente urbano (máis aínda, metropolitano, capitalino), pero na aldea entenden que hai normas de boa crianza que a xente da vila non usa, quizais -digo eu- porque non coñece cales son esas normas. Elas son tan numerosas, que ben merecen que alguén recupere ese código. Cando alguén espirra, se non lle dicimos *¡Deus te axude!* ou polo menos *¡Xesús!*, esa persoa séntese tan desatendida que pode darse o caso que rosme polo baixo *¡Seica estou entre porcos!*

En moitas aldeas aínda ninguén ousa beber sen desexar primeiro a todos *¡saúde!* e sen que os outros respondan *¡Bon proveito!*; nin se serve, como na cidade, primeiro ós de fóra empezando pola muller, senón ós homes empezando polos de máis idade. E poucos brindes haberá máis sentidos ca este de Caritel: *¡Se de hoxe nun ano non somos máis, que non sexamos menos!*

*O requisito do galego* (que din en Salvaterra) *a cortesía* ou *a vergoña do galego* (que é máis común) é un rito intocable, por moito que sobre el se ironice. Esa abstención do derradeiro bocado que queda dispoñible na mesa para que o tomen outros tamén ten vixencia en Portugal<sup>93</sup>.

## 1.8. LINGUA E SOCIOLOXÍA

Na fraseoloxía espéllanse moitos aspectos da socioloxía galega. Sinalarei só dous: a diferenza campo-mar e a oposición campo-cidade.

### 1.8.1. OPOSICIÓN CAMPO-MAR

Mariñeiros e labregos teñen experiencias distintas e teñen diante dos ollos referentes distintos. Iso espéllase na fraseoloxía, que é distinta. Así no campo é común o dito *Comer coma un abade /cura* pero en Marín *Comer coma unha draga*<sup>94</sup>.

Entre mariñeiros "enganar" é *Meter unha boa xarda* pero en terra é *Darlle a castaña a un* ou *Armarlle a gaiola* ou *Levalo ós alpibardos*.

---

<sup>93</sup> Na zona de Viana do Castelo chámanlle Cerimónias do Cunha, cerimonia dos Cunhas, mentres na zona de Estremoz, distrito de Évora, chámanlle Honra de Veiros (freguesía de Estremoz). Segundo Carvalho Costa (Ibidem. Vol. I, t. I, 163-164), os Cunhas foron uns veciños da Meadela, especialistas na mata do porco, que sempre deixaban "uma simples batata, um pedacinho de carne ou un solitário bolinho de bacalhau" na comida que lles ofrecía a familia que promovera a matanza.

<sup>94</sup> Coido que aínda no século XX se dragou a ría de Pontevedra que tivo que resultarlle ós marinenses como paradigma de máquina de comer.

Entre mariñeiros "ter un contratempo" é *I-lo aparello á hélice ou Meterse o arau na cala*<sup>95</sup>; entre labregos é *Estalarlle a alguén unha castaña na boca; Torcerse o carro; Saí-la galiña choca; Saí-la porca mal capada.*

Entre mariñeiros "andar despistado" é *Non ve-la boia; Non ve-la boia nin os toletes*; entre labregos é *Estar na aldea e non ve-las casas; Estar na horta e non ve-las verzas; Ir cabaleiro no burro e andar ó seu procura.*

Entre mariñeiros "correrlle ben as cousas a un, acontecerlle todo de forma vantaxosa e favorable" é *Ir na crista da onda* ou *Marchar vento en popa*; entre labregos é *Ir na grade* ou ben *Ser de casa grande, Te-la alforxa chea, Ter millo no cabazo, Ter montes e moreas*; pero un afiadador de Nogueira de Ramuín propenderá a dicir que *lle anda ben a roda.*

Entre mariñeiros "pretender un imposible" é *Querer mete-lo mar nun puño*, dito que evoca a anécdota de santo Agostiño querendo comprende-los misterios de Deus; entre labregos é *Querer atranca-lo ceo coas pernas.*

Entre mariñeiros "ser fino e delicado", no sentido pexorativo que ten en galego é *Ser peixe de cocer en branco*, pero entre labregos é *Ser un perexil; Ser un pousame a xeito; Ser coma un figo; Ser delicado coma unha pomba.*

Entre mariñeiros "ser persoa descarada e sen escrúpulos" é *Te-la cara máis dura ca un lorcho*; entre labregos é *Te-la cara máis lavada cás pedras do río.*

Entre mariñeiros "andar despistado" é *Andar aboiado*; entre labregos pode ser *Andar mirando para os labercos.*

Entre mariñeiros "nada" é *Nin rabo de peixe*; entre labregos pode ser *Nin argallo.*

No mar "finxir méritos inexistentes" será *Falar do mar e estar en terra* ou *Falar do mar e nel non entrar*; en terra será *Falar da caza e mercala na praza.*

No mar "chover moito" será *Chove-lo mar chovido*; en terra será *Chover a caldeiradas, a varrer, a regos*".

No mar "traballar seguido" será *Estar sempre ó remo*; en terra será *Estar dálle que dálle.*

---

<sup>95</sup> Con parecido significado ("ter un contratempo, non pescar") dise tamén ou *Levar un bo polbo/ un branco/ un calote/ un capote.*

No mar "facер algo inútil, en balde" será *Arar no mar, Facer regos na auga, Facer unha raia na auga para que non se desfaga, Botar auga no mar, Darlle golpes ó mar Tirarlle pedras ó mar*; en terra pode ser *Mallar en ferro frío, Contarlle os pelos a un can, Apañar auga coa peneira, Atar moscas polo rabo, Escornarse contra a parede, Ter tose e raña-lo lombo.*

No mar "non prosperar" será *Nadar en seco*; en terra será *Estar sempre na neve.*

No mar, para desfacerse de quen importuna pedindo o que non se pode ou non se quere dar, exclámase: *¡Vai reza-la Salve Mariñeira!*; en terra exclámase *¡Vai por herba prá bicicleta!*

No mar "ter fachenda" será *Inchar coma un chopo*; en terra será *Inchar coma o fol dunha gaita, coma unha besta; Ser un sapo inchón; Ser inchado coma o leite fresco.*

No mar chámase eufemisticamente *Gamela de dúas popas* á caixa dos mortos; en terra chámase *Hucha de pau* ou *Traxe de pau/ de pino* (e mesmo *Pixama de pino*).

No mar dise *¡Para mariñeiros, nós!* co mesmo significado con que en toda Galicia se di *¡Terra a nosa!* ou case como en terras do Deza se di *¡Eu son de Lalín. A quen me dea un pau, doulle un peso!*

Dirá o mariñeiro *Hai mar de fondo*, e dirá o labrego *Non está o forno pra bolos.*

Dirá o mariñeiro *Pasar leste* ou *andar á miñoca*, por "pasar fame"; e dirá o labrego *Ladra-lo estómago* ou *Choverlle no pesebre ó faco.*

Dirá o mariñeiro *Parecer un arenque*, por "estar moi fraco"; e dirá o labrego *Parecer un pau de virar tripas.*

Dirá o mariñeiro *Ter pernas de talete /de tolete*, por "te-las pernas moi delgadas"; e dirá o labrego *Ter pernas de cabra /de carneiro. Ter patas de galo.*

Dirá o mariñeiro *Estar coma un congro*, por "estar bébedo"; e dirá o labrego *Estar coma unha uva.*

Dirá o mariñeiro *Se-lo negocio da ameixa*, por "ser un negocio ruinoso"; e dirá o labrego *Cambia-los ollos polo rabo.*

Dirá o mariñeiro *Canta-lo peixe*, por "berrar moito"; e dirá o labrego *Berrar coma xuvencos / Bruar coma touros.*

Dirá o mariñeiro *A pouco que te achegues, cheiras a peixe*, querendo criticar a un novo rico que ten maneiras groseiras; e dirá o labrego *Por pouco que te rapas, sempre che sae a la*.

Dirá o mariñeiro que *come sardiña e arrotada pescada* quen finxe ter riquezas que non ten; e dirá o labrego que *come polo e arrotada galiña*.

Mesmo nos refráns. Se o mariñeiro di *A marea non agarda por ninguén* querendo pedir que apuren, o labrego dirá *Para o muíño non se agarda por ninguén*.

Poden ben ser que unha expresión tan mariñeira como *Capéalo vento*<sup>96</sup> proceda do dito terrestre *Poñela capa como vén o vento* ou *de onde vén o vento* "adaptarse ás circunstancias", que tamén se expresa como *Ouvear coma todos na terra dos lobos*.

Podíamos seguir, aínda que hai menos ditos mariñeiros ca terrestres, non sei se porque os mariñeiros teñen a súa familia en terra e a terra volven sempre (e por iso tamén usan os ditos de terra) ou porque sempre se fixeron menos observacións fraseolóxicas entre mariñeiros ca entre labregos.

### 1.8.2. OPOSICIÓN CAMPO-CIDADE

Xa vimos que campo e mar afrontan a morte de forma contraria á que estila a cidade. A vila, afeita a encontra-lo leite e a froita e o viño e a carne e a verdura no andel dun supermercado, tenlle unha teima irracional á chuvia, que sempre lle parece *innecesaria*. Mesmo en situacións idénticas, o tempo psicolóxico é oposto no campo e na cidade: nesta dise *Pasa máis rápido có mes de maio*, porque este é o mes da agonía estudantil, dos programas atrasados, das horas en vela recuperando materias sen estudar fronte a un reloxo que corre máis do que un quería; no campo, en cambio, dise *Dura coma o mes de maio*, "dura de máis", porque é o mes das inacabables vesadas, que esgotan as vacas, e por iso as animan a tirar polo arado dicíndolles *¡Ei pra diante, miñas velliñas! ¡Bo San Xoán vos veña!* Xuño, mes de san Xoán, é outro mes de moito choio no campo, hai que sacha-lo millo, pero iso faise á man e as vacas descansan<sup>97</sup>.

---

<sup>96</sup> ¡Moi ben capéalo vento,/miña lanchiña de vela!/¡Moi ben capéalo vento!/¡Ai, non vin lancha coma ela/ nin penso volver a vela!, di a cantiga.

<sup>97</sup> Longo coma o maio é unha locución aparentemente sinónima pero que nada ten que ver coa dura do mes de maio (que leva trinta e un días coma outros meses), senón coa altura do maio que fan os rapaces no primeiro dese mes, estrutura cónica revestida de fiuncho e adornada con cascas de ovos, laranxas e sementes de eucalipto, que dentro leva un rapaz, e que, polo tanto sempre é máis alto ca unha persoa. Longo coma o maio quere dicir, polo tanto, "moi alto", significado que xa tiña longus en latín.



Naturalmente, a mecanización do campo e a crise da nosa agricultura vai influír en facer arcaicas certas expresións.

Se mar e campo se ven reciprocamente distintos, os dous se ven antagónicos da cidade, porque esta ten intereses contrarios ós deles: eles producen, esta consume. Pero como as producións, aínda que imprescindibles, son do sector primario, páganse e valóranse menos. De por parte, os animais impiden o pleno lecer da fin de semana; a chuvia, a sarabia, a xeadada, vindo a destempo, queiman o beneficio e mailo salario. Mar e campo son pouco apetecibles e o antagonismo resólvese en beneficio económico e psicolóxico da vila. E isto espéllase na fraseoloxía, cando oímos *Vi-los do monte correr cos da corte*, por "insolentarse, insubordinarse, querer toma-lo mando os subordinados"; ou cando se di *Ser do monte*, *Ser un pailán* ou *Ter cara de pailán*, por "ter aspecto de persoa da aldea, carecer das maneiras ou convencións que a cidade considera propias e elegantes"<sup>98</sup>; ou cando na cidade se preguntaba, con certa aquela, *¿E, logo, onde paxe a vaquiña?* por "¿de onde é o paisano?".

Pero a aldea retruca con expresións como *Ser un señorito* "ser un parásito social, ser insolidario"<sup>99</sup> ou como *Estar posto aí polo Estado / polo Axuntamento*, para indicar que alguén, en vez de traballar nun posto, está ocupando un posto de traballo; ou denomina a fatuidade como *Aristocracia do pan de millo*, dos *Señoritos de caldo á merenda*, dos *Señores de onte pra acá*; e ten a súa teoría mordaz sobre a vida señorita<sup>100</sup> e desleigada da cidade, que expresa en contos como o xa mentado do angazo.

Sei ben que unha parte da vila volve os domingos pola tarde á cidade coa maleta do coche cargada de ovos da aldea, de lacóns afumados con loureiro, de repolos ecolóxicos ou, mesmo, de nécoras ou centolas da ría; sei ben que unha parte dos urbanos prefire os produtos da terra, aínda pagando un chisco máis; pero tamén sei que outra parte importante dos urbanos entra nas grandes áreas comerciais ou nas tendas de roupa sen lembrar que as nosas compras son os os nosos empregos. Boa parte da crise do ingreso na Unión Europea resolverase cando a cesta da compra en Galicia sexa solidaria. Quen comigo gaña un peso, non virá pedirme cinco.

---

<sup>98</sup> En Lisboa din *Ter cara de saloio*. Saloios son os habitantes da zona rural próxima a Lisboa (Cascais, Estoril, Mafra, Sintra, etc.) Saloio é o paseo que por esas terras fan ordinariamente tódolos turistas que visitan Lisboa. Esperteza saloia é esa mestura de desconfianza, precaución e prudencia con que o rural se defende da arrogancia metropolitana (CARVALHO COSTA: *Ibidem*; 419-420).

<sup>99</sup> No Tío Marcos da Portela (15.7.1877; p.213) criticábase a mala crianza da xente da vila (que levaba lambita) que lle falaba ti por ti ós que levaban monteira, anque fosen máis vellos. Cando hoxe un universitario se dirixe a un profesor que traballa e se relaciona en galego, algunha vez ten pasado outro tanto.

<sup>100</sup> Pode ser que esa sexa a intención de ditos como *¿Déixame de pantrigadas!* ("¿Non me veñas con parvadas!", que se di en Cospeito).

## 1.9. LINGUA, ESTÉTICA E ECONOMÍA

Os ditos espellan tamén a estética. *Ter pernas de cabra* é, polo tipo de animal que se utiliza como referente, expresión dun defecto; e na Mezquita din *Ter patas de galo* por "te-las pernas coma fíos". Quero dicir que te-las pernas delgadas é un defecto na estética tradicional que crea e sustenta a fraseoloxía. O cancionero testemuña que as mozas trataban de oculta-lo defecto:

*As mozas de Caritel  
non é unha que son todas:  
usan dous pares de medias  
pra face-las pernas gordas.*

Os portugueses din que as pernas delgadas, todo óso, son boas para cabos de coitelos. Os coitelos tradicionais portugueses teñen o mango de óso. E por iso dunha muller que ten as pernas delgadas din que *não pode passar em Guimarães*<sup>101</sup>, que é onde está a industria forte da cubertería portuguesa.

A xente da cidade gasta unha chea de tempo e de diñeiro no verán en se poñer morena. O aprecio desa cor da pel posiblemente dependa da consideración social que recibe quen pode permitirse pasa-lo tempo sen facer nada, sen traballar, tumbado ó sol. Na aldea, en cambio, ser moreno é un defecto, como indica o dito *Mouro coma a terra*, porque quen ten que traballar na aldea, de seu está moreno; de modo que a morenura na aldea é indicio de vida escrava, mentres que a palidez é indicio de estar á sombra, de vida folgada. O concepto aldeán neste caso é o que xa aparece nos textos relixiosos antigos do oficio das vésperas da Virxe, 3ª antifona: *Nigra sum sed formosa, filiae Hierusalem* ("Son morena pero bonita"), *ideo dilexit me rex et introduxit me in cubiculum suum*<sup>102</sup>.

Como ven, detrás dunha estética está a economía ou, se queren, a funcionalidade. No tipo de vida campesiña tradicional unha muller precisa componse-la gracia das súas formas coa fortaleza dos seus músculos e por iso unha modelo de pasarela non sería modelo, porque sería incapaz de erguer un feixe de herba. Polo tanto,

---

<sup>101</sup> CARVALHO COSTA: *Ibidem*. Vol. II; 1983; 286.

<sup>102</sup> Chamáchesme moreniña /chamáchesme moreneira,/chamáchesme moreniña:/ éche do sol que me queima (Cantigueiro popular da Limia Baixa 67). E as brañegas dicían con retranca ¡Teñen medo que as gale o sol!, cando vían as señoritingas tornando o sol con paraugas (NORIEGA VARELA: *Ibidem*; 59).

a delgadeza urbana é antiestética no campo. E por iso, aínda que *estar moi fina*, na súa primeira acepción de "te-la pel branca" aproxímase ó ideal (bonita bonita, no ideal aldeán, é a moza *coloradiña da cara*), na súa segunda acepción de "estar moi fraca" é un achaque estético e laboral. En cambio, *¡que gordiña está!* é un piropo estético e laboral.

Cambiando a economía, cambia a estética e a fraseoloxía que a expresa, de xeito que esta, perdendo motivación, faise arcaizante e tende a desaparecer. A cambios de economía debemos que hoxe resulten arcaicos ditos como *Estar mantido a ostras*, por "ser un morto de fame". E aínda me dicían hai unhas semanas que en Ferrol pervive a locución *¡Vai comer nécora!*, como fórmula de expulsión dun impertinente. Pero, non sendo xa hoxe as ostras e as nécoras comida de pobres, como eran en tempos, haise que preguntar por canto tempo seguirán en uso esas locucións<sup>103</sup>.

A economía é hoxe un turbillón que está máis lonxe daquel *O tempo dáo Deus de balde* ca daqueloutro *Time is money*. Por iso van esquencendo ditos como este de Narón, *Poñerlle un puntal á casa* ("nacerlle a un un fillo"), que ten o seu correlato nestoutro de Tomiño, *Caerlle un esquinal da casa* ("nacerlle unha meniña"), ditos nos que, para min, sería erróneo ver marcas lingüísticas de antifeminismo, e non espello dunha economía distinta da actual.

---

<sup>103</sup> En Portugal dicían, e disque pola mesma razón xa se esvae no uso, *Pra quem é, bacalhau basta* (CARVALHO COSTA: *Ibidem*. 352-353).

## II

### A VIDA DOS DITOS

#### 2.1. EVOLUCIÓN DAS LOCUCIÓNS

No estudio aínda superficial da nosa fraseoloxía parecen albiscarse posibles evolucións: **evolucións do significante** (como vimos, ó falar de *Somos galegos e non nos entendemos* ou de *Xan do Outeiro*); de *Ir coma un rei nunha cesta* "ir ben e salvarse dun grave problema", como xa expliquei, naceu *Ir coma un rei nunha cesta e a cesta rota /e a cesta polo río abaixo* "estar en grave perigo". Pero tamén hai **evolucións do significado**. Xa vimos isto falando de *Pasa-la Cruz de Ferro*, *Mandar recado*, *¡Vai chorar a Cangas!* *Vaiche na misa*, *Xan do Outeiro* ou de *Empreñar do aire e parir do vento*. Velaí vai outro caso: *o veranciño de san Martiño*, eses días cálidos que disque manda Deus polo 11 de novembro, en premio por compartir san Martiño a capa cun pobre, pasaron a significar tamén os amores serodios dos vellos, suave calor case no inverno da vida.

A creatividade non esmorece e así dunhas locucións nacen outras. En Moraña dise *Face-lo Andrés* co mesmo significado de *Facerse o inglés*<sup>104</sup>, que quere dicir "desentenderse, non facer caso do que din outros", e, se cadra, de aí vén *Máis xordo ca un inglés* ¿Pode vir este do anterior?

Do antigo berro de socorro, aínda vivo en certos lugares, *¡Ah, de Dios!* nace o dito *Meter á de Dios*, vivo polo menos en Moraña, que quere dicir "berrar moito, coa desesperación ou coa dor".

De *¡Un pé aquí e outro alá!*, que quere dicir "ir a un sitio e volver con toda a velocidade posible", nace por ironía o dito *¡Un pé aquí e outro tamén!*, que quere dicir que non se quere saír do sitio ("¿Ti queres marchar? Si, un pe aquí e outro tamén").

De *Andarlle encima da pluma a alguén* ("perseguido") naceu *Andarlle encima da matrícula*, onde a imaxe da constante observación dunha díscola ave, voadora ou de

---

<sup>104</sup> Llópez rexistra *Facerse de Angrois* que é aldea próxima a Sar, en Santiago de Compostela, pero que está do outro lado do monte e que non ve a cidade. Angrois foi, en tempos, en Santiago o símbolo (inxustificadamente) do atraso social e cultural (¡Pareces de Angrois!). ¡Ai, eu son de Muros! (por aquilo de *Somos todos galegos, menos o patrón que é de Muros*). En Catoira din *Chamarse de Cobas*. En Monforte din *¡Eu son de Verín!* E en moitos lugares *¡A min plin, que son de Lalín!* (En Marín din que son de Marín).

corral, transmútase en constante observación das posibles infraccións ó código de circulación por parte dun conductor. O significado é o mesmo.

De *Non morrer de cornada de boi*, que quere dicir que un anda lonxe dos animais que traballan e que, polo tanto, foxe do traballo, que é un preguiceiro e un lacazán, nace por hipérbole a locución *Non morrer de cornada de burro*, animal que aínda simboliza máis o traballo escravo pero que xa nin sequera ten cornos.

*Chámalle X* é unha expresión matemática que entrou na fala común co valor de "pouco importa o nome que lle deas, porque o que estamos a comentar é o mesmo". Uns alumnos de ensino medio utilizaron esta expresión como cabeceira dunha revista de estudantes, con ilustracións ousadas, quizais aludindo ó valor sensual da letra x na clasificación das películas.

De *Estar en Babia* ("estar distraído, absorto, nos biosbardos") é ben probable que nacesse *Ser un babilonia* ("ser persoa que anda sempre despistada").

Algúns ditos incluso crean palabras compostas. *Andar coma un boi cando vai á mea* ("andar en parella") leva á creación da palabra *amea* (*hai que mercar un boi para unha amea* dise en Caritel, de onde tamén é o primeiro dito). E pode ser que por aí vaia tamén *Se-lo doe-doe dun* ("se-la muller amada"). Pode ser que a palabra *Varela* co significado de "home dominado pola muller" teña que ver con aquel refrán de resignación que di *En Caritel tódolos homes son Varelas: non mandan eles; mandan elas*<sup>105</sup>.

## 2.2. DITOS QUE XA SÓ USAN OS MAIORES DE 40 ANOS

Os novos teñen aínda un acceso limitado á lingua. A lingua vaise aprendendo pouco e pouco e isto espéllase en tódalas estatísticas. O galego é lingua de adultos.

Pero hai un aspecto que quero salientar, porque ten que ver coa fraseoloxía. Ditos e refráns séguense aprendendo por tradición oral, o que explica que o uso marque para os refráns unha barreira nos 35 anos. Cos ditos pasa igual. A mocidade urbana, que tende a abrevia-la fala con apócopes (*profe, mates, pa e ma*) conténtase con dicir *baixo, contento* ou *mallárono*, mentres a seus pais réinalles dicir *Baixo coma un pote, Contento*

---

<sup>105</sup> En Caritel herda a casa a muller máis vella dos irmáns. En Portugal hai algo parecido pero de significado radicalmente oposto: Em casa do varão manda ele, e ela não. Em casa do varela manda ele, e mais ela. Em casa do varunca manda ele, e ela nunca. Cfr. CARVALHO COSTA, *Ibidem* IV, 175.

*coma un rulo* ou *Mallaron nel coma nun centeo verde*. A idade sempre foi escola de lingua. E por iso non me sorprende que os mestres de escolas rurais detecten que os nenos das aldeas, que, ó revés dos das vilas, na escola son, máis ben, calados, cando están entre eles falan moito e *falan coma velliños*, aludindo a ese dicir expresións que parecen reservadas ós avós cos que eles conviven (fenómeno polo que os chamamos *revellos* ou *milhomes*).

Esta anécdota evidencia que dentro da fraseoloxía hai unha parcela reservada ós adultos. Sospeito que desa parcela forman parte, coma tal, os incisos de cortesía ou piedade que se usan cando se cita a persoa xa defunta (*,Deus o descanse, / ,que Deus ten, / ,Deus llo perdoe,*). A lembranza dos mortos é máis frecuente e sentida nos adultos, non só porque tivemos máis tempo para experimenta-la soidade en que nos deixan senón por termos máis próxima a propia morte. Por esa razón é raro oír en bocas infantís e xuvenís semellantes incisos. Sen embargo, existe neles sensibilidade. Son numerosas as cabeceiras das revistas estudiantís dos Centros Públicos de Ensino Medio de Galicia que consisten nalgunha locución<sup>106</sup>.

### 2.3. ¿MORREN OS DITOS QUE SE FAN INMOTIVADOS OU ARCAICOS?

Como xa indiquei falando da crise da agricultura, a transformación social vai escurecendo a motivación dalgunhas expresións e pode volvelas arcaicas. Un primeiro efecto disto é que paseniñamente vaian desaparecendo da boca da xente nova, porque os vellos aínda manteñen viva a memoria da sociedade que viviron na súa mocidade. É o caso de *Pasa-la Cruz de Ferro*, de *Pasar máis fame ca un mestre de escola*<sup>107</sup> e de *Comer coma un cura*<sup>108</sup>. Outro tanto podemos dicir de *Andar coma a gaita na festa*

---

<sup>106</sup> Véxanse, coma tal, ¡Arre Demo! (IESP de Gondomar), Bulebule (IB S. Paio de Tui), Dálle á lingua (IB de Melide), E dálle (IB Castrelos-Bead, Vigo), E eu que sei (IB Moncho Valcarce das Pontes), ¿E logo? (IFP Losada Diéguez da Estrada), Pan de mestura (IFP Fraga do Eume de Pontedeume), Pousafoles (IB G. Ancochea da Pobra de Trives), Santa Compañía (IB R. Cabanillas de Cambados), O Galo Millarengo (IB S. Tomé de Freixeiro, Vigo). Hai outros sintagmas fixados na vida escolar como *Moi Deficiente* (IB da Guía, Vigo), *Matrícula viva* (IES Romero de Lema de Baio-Zas ou Chámalle X (IB Zalaeta, no que da fórmula matemática se pasa ó carácter sensual que a esta letra se lle asignou na filmografía dos anos setenta). Non che hai outra (IF M. de Suanzes de Ferrol).

<sup>107</sup> A. COSTA RICO: *Escolas e mestres*. A Educación en Galicia: da Restauración á Segunda República. Xunta de Galicia. Servicio Central de Publicacións, Santiago 1989; p. 39. Ofrece datos de como os mestres galegos tiñan os salarios máis baixos de España, que xa eran moi baixos. A situación actual (¡e o demo sexa xordo!) é felizmente distinta.

<sup>108</sup> O pasado 21.1.1996 o arcebispo Barrio Barrio declaraba a *La Voz de Galicia* que en 1995 os sacerdotes cobraron unha nómina de 60.000 pesetas que se complementou con aranceis por actos litúrxicos que, sumados a esa cantidade, deben aproximarse ás 80.000 pesetas e sen maiores gastos de vivenda. Aínda que na poboación laica o gasto por vivenda detrae unha parte importante do salario, este parece porcentualmente superior ó do clero, polo que hoxe o sacerdote non destaca dos feligreses polo seu nivel de benestar como debeu de ser en tempos.

("ser famoso") ou *Ser tan certo coma gaita na voda*, xa que, por máis que na derradeira década do século XX asistamos a tan espectacular renacemento da gaita, que quizais nunca houbera en Galicia tantos e tan novos gaiteiros, mesmo así aínda é inusual que a música dunha voda sexa música de gaita; e, se *gaita* aquí for sinónimo de "música e baile en xeral" (valor que tiña en Moraña na miña infancia), a expresión tamén sería arcaica, porque ese valor deixou de ser común. Semellante é o caso de *Buscar un de capa negra en Santiago* ("busca-lo que dificilmente pode acharse por imprecisión dos datos", hoxe xa arcaico, referido ós tempos nos que había moitos curas e eles e mailos estudantes levaban capa negra).

Noutros casos a comparanza pode resultar exótica unicamente para aquel lector ou oínte que careza doutra experiencia vital que non sexa a urbana. Para quen descoñeza o mundo rural resultarán opacas locucións transparentes como

*Coñecido coma a ruda* ("moi coñecido")

*Nun vírame a monteira* ("nun instante")

*Correr coma o sapo pola cinza* ("moverse lentamente").

*Amarelo coma a cera* ("moribundo").

*Non cantarlle o carro a alguén* ("estar forrado de cartos")<sup>109</sup>

*Ter millo no cabazo* ("ser rico").

*Non todo é terra chan* ("hai dificultades").

Este último en zona de montaña, empeza a ser arcaico porque cos automóviles, que tanto soben como llanean, estase perdendo a noción da dificultade que teñen as costas para quen, sempre a pe e ás veces cargado, ten que subilas e baixalas. Ata o extremo de que hoxe asistimos á sistemática elevación das pendentes en tódalas estradas eliminando as curvas que antes suavizaban as costas. ¿Canto tempo, nestas circunstancias, se vai percibi-la razón de que o dito *Non todo é terra chan* quere significar que, a pesar das aparencias, hai problemas nun determinado proxecto ou xestión?

Non se van perder expresións como *Branco coma o leite*, *Chupar máis ca unha esponxa*, *Duro coma unha pedra*, porque se manteñen vivos os referentes. Pero *Petar*

---

<sup>109</sup> Porque se supón que ten graxa con que unta-lo eixo do carro e, se ten graxa, é que matou porco, logo non lle vai mal.

*na porta* empeza a esmorecer conforme os timbres eléctricos e os video-porteiros substitúen os petadores mecánicos. *Estar na igrexa e non ve-los altares* empeza a ser opaco en moitas igrexas, trala reforma que supuxo o concilio Vaticano II moderando o culto ós santos e concentrando a liturxia nun único altar. Onte *Vestirse pola cabeza* era "ser muller ou cura", mentres que *Vestirse polos pes* era "ser home": hoxe vai desaparecendo, porque as mulleres xa levan pantalóns e os curas non levan sotana, co que se esborrou a realidade base.

Cómpre, sen embargo, advertir que, aínda que a motivación dun dito se escureza, este non desaparece do uso así polas boas: en Abadín aínda lle din *Paréce-lo sereno da Rúa Nova* a quen leva un fateixo de chaves no peto; e en Ferrol aínda se di, como fórmula de expulsión, *¡Vai comer nécora!* En tódalas linguas existen vellas expresións das que ninguén coñece o porqué pero que seguen vivas, porque a xente sabe o que significan, que é o importante. Algunhas linguas dispoñen de eruditísimos dicionarios que explican (e algunha vez inventan) o porqué dos ditos. Pero, mesmo se non sabemos por que se di *Estar coma tres nun zapato*, seguirémolo dicindo, mentres saibámo-lo que queremos dicir, mentres saibámo-lo que significa esa expresión. A etimoloxía é útil e amena pero non é imprescindible para falar con propiedade fraseolóxica.

Disque cando o raposo entra nun galiñeiro non ataca á primeira, senón que empeza a andar arredor da galiña mirando ben dereito para ela, e que esta, aterrorizada, non quere perdelo de vista, co que a coitada empeza a virar sobre si mesma ata que, mareada polas voltas, cae ó chan: ese é o momento no que o raposo a ataca. Disque, tamén, cando o raposo ten medo, vai varrendo o chan co seu rabo longo para borralas súas pisadas, e que é quen de face-lo morto durante moito tempo para fuxirilles ós cazadores ó menor descoido. Eu nunca lle vin andar con tales mañas ó raposo, pero teño oído, e comprendido, *Arrodear coma o raposo ás galiñas*<sup>110</sup> e confeso ter usado a expresión *Ter máis mañas ca un raposo*.

Hoxe eu sei que a figueira é árbore que escacha en canto lle poñen peso e teño amigos que, por colle-los mellores figos, teñen levado grandes tombos. Hoxe eu sei que o pau da figueira arde con moito fume. Pero xa antes oíra e comprendera que a xente compara as falsas aparencias coa leña de figueira, recia de fume, fraca de madeira.

---

<sup>110</sup> Semellante a aquilo, que cita Llópiz, de *Ter máis intenzón cá dun raposo axexando unha pita*.



Xa comentei como en Caritel aínda se segue dicindo *Buscar mantas no hospital* co valor de "buscar inutilmente algo onde non hai tal cousa", a pesar de que iso xa non corresponde á atención hospitalaria de hoxe.

O que si é certo é que quen botou toxo ó lume e comprobou a labarada que arma e como trisca no lume, comprenderá mellor que *botar toxo ó lume* signifique "avivar un problema" e ten máis posibilidades de usalo.

Coñece-lo significado dunha expresión é imprescindible para que esa expresión sobreviva. Coñece-la etimoloxía, non.

## 2.4. DITOS EFÉMEROS

Se moita é a riqueza dos ditos, moita é tamén a que se perdeu. Compróbase cunha superficial ollada ás notas lexicográficas do P. Sarmiento ou do P. Sobreira. Parte das expresións de hai 200 anos xa non corren entre nós. De por parte, a vida hoxe está tan acelerada, quedan tan rapidamente obsoletas as modas, os avances técnicos e incluso as fronteiras, que tamén os ditos participan desta fugacidade. Ós nosos ollos vemos nacer ditos que collen unha forza extraordinaria e andan na boca de todo o mundo a toda hora e, sen embargo, ós poucos anos desaparecen<sup>111</sup>.

Así, o brillo da popularidade televisiva, que converte certos humanos en heroes paradigmáticos no campo do deporte, da arte, da política, é tan fugaz que, cando eses personaxes desaparecen da pantalla e das revistas, deixan de ser paradigmáticos e o dito desaparece do uso. Tal é o caso de

*Tranquilo coma Amancio*

*Máis mala que Ánxela*

O primeiro referente é Amancio Amaro Varela, xogador do Deportivo e do Madrid, con sona internacional nos anos sesenta e setenta. A segunda é Angela Channing, personaxe malvado da serie americana *Falcon Crest* a mediados dos oitenta. *Máis malo que Ánxela*, durou pouco máis do que durou a serie *Falcon Crest*. Despois esquenceuse.

---

<sup>111</sup> Aí atrás Felipe Oñate lembraba frases que a TVE fixo populares en toda España: ¿Como están ustedes?, do pallaso Fofó; Estoy hecho un mulo, de Tony Leblanc; La próxima semana hablaremos del Gobierno, de Tip e Coll; Yo sigo, de Joe Rigoli; ¡A jugar!, de Joaquín Prat; ou ¿Por que será?, de Fedra Llorente ("Frases que dan el golpe", El Semanal TV; 20.1.1996;10-11). Probablemente nada disto perdurará na lingua.

*¡Ai! ¡que homes ten Franco!*, tamén xa desaparecido, usábase para critica-la falta de valor dun neno ou dun mozo nun traballo que tiña algunha complicación. *Mandar aquí coma Franco en España* é "se-la única autoridade do lugar. Esta locución, posiblemente xa desaparecida, aínda a oín en Caritel no 1985.

*Iso téño superado* era común e insistente nos anos setenta. Nos oitenta quedou obsoleto e substituído por *Paso diso*. A expresión, claramente coloquial, en 1994 xa a vin en titulares dalgún xornal. Nestes meses lévase moito *Estar aí*, que é "facerse ver entre os primeiros, destacar, ser alguén con quen os outros teñen que contar".

## 2.5. DITOS MODERNOS

¿Xa non se crean ditos hoxe? ¿Estoulles aquí falando de algo que irremediabilmente desaparece? ¿Estoulles falando de fósiles lingüísticos?

Moita xente nova ten a impresión de que os ditos que herdamos dos nosos devanceiros son cousa dos vellos, fósiles lingüísticos. A impresión ten o seu porqué, xa que son construcións prefabricadas e inalterables de palabras, que se aprenden por repetición, leva tempo comprende-lo seu significado, leva tempo entender a que situación lle acaen, leva tempo ensaia-lo seu uso con éxito. E nesta aprendizaxe lenta e complexa os mestres son os vellos.

Sen embargo, a creación continúa, aínda que só a repetición, consolida un dito. Paréceme sorprender un acto de creación no *Tío Marcos da Portela* de 17.6.1877, p. 198, onde aparecen unha serie de locucións adverbiais co valor de "nunca": *Habemos de ir en ferrocarril -dise alí- o ano en que Xesucristo volva ó mundo, a tarde en que chovan papas, a hora en que se convirtan os pelouros en queixos de Frandes, a noite en que a lua apareza con dezasete cornos, cando a zorra deixe de roubar galiñas e cando se axuden os galegos us a outros*. Teñen estas expresións tódalas trazas de seren populares, sen embargo, mentres non as atopemos repetidas, cabe pensar que son unha creación abortada.

Repetidas, en cambio, son algunhas que lles quero referir e que son de recente creación por utilizaren como referente cousas da vida actual, como o automóbil, o tren, a radio, o fútbol, a electricidade, o teléfono, o cine e mesmo a informática.

O mundo da **bicicleta** e **da moto** dá expresións como *¡Vai por herba para a bicicleta!* que era frase de gusto do meu pai, cando unha proposta miña lle parecía un

disparate. *Chupar roda* é "aproveitarse do esforzo alleo" (aínda que máis dunha vez o teño oído co senso contrario de "traballar ó servicio doutro"). *¡Se miña sogra tivese rodas, eu tiña unha bicicleta!* é frase de Abadín, que se usa para dicir que algo nunca vai suceder. *Ser de agárrate que hai curva* é "ser ruín" (para dous que van nunha bicicleta ou moto o momento máis perigoso é unha curva en costa abaixo, porque, para venceren a forza centrífuga, teñen que se inclinar cara ó centro da curva os dous acompañados e, se se non o fan, o vehículo abanea e poden caer; a situación é ruín e, para acompañarse, o mellor é ir ben agarrados).

Tamén o **tren** dá expresións, como *Ir para o tren* ou *Ir colle-lo tren* que significan "ir correndo, camiñar con tal prisa que un non para a saudar a ninguén". *Estar no tren que vai a Carral* é o mesmo que *estar mirando para os labercos*, é dicir, "estar distraído". *Quedar coma unha vaca mirando para o tren* é "quedar estupefacto ante algo" e que se explica porque unha vaca ten unha carencia visual de, polo menos, vinte dioptrías. *Ser máis lento có tren de Varela* é dito santiagués, porque Varela era un maquinista moi dado, que paraba a coller xente en calquera sitio. Hai tamén dúas fórmulas coloquiais de disconformidade e expulsión: *¡Vaille dar cornadas ó tren!* (din en Narón) ou *¡Vaille dar couces / patadas no cu ó tren!* É tamén sabido que *Haber para parar un tren* é "haber en abundancia" e que xa en cantigas populares se designa o sexo feminino como *Máquina do tren*<sup>112</sup>, pola imaxe dos émbolos das vellas locomotoras de vapor

O mundo do **automóbil**<sup>113</sup> transformou a nosa vida e familiarizounos coa mecánica, mesmo ós de letras. É natural, polo tanto, que empece a dar metáforas da vida, como antes as daba a vaca, o can ou o cabalo. *Andar ben do motor* é "non padecer ningunha enfermidade, das que atende a medicina interna". *Achegarlle as galgas* é "frear". *Parecer un 600 coas portas abertas* é "te-las orellas para diante" (os primeiros 600 abrían as portas para atrás). E, se as operacións de mantemento como *Cambiarlle a auga ó motor* significan "ourriñar" e, sorprendentemente, *Ir cambia-lo aceite* é "ir a un prostíbulo" *Amaña-los baixos* é "realiza-lo acto sexual", e *Andar na reserva* é "estar fraco de mais", os fallos mecánicos, en cambio, son unha boa referencia para os achaques da vida. Así, a quen ó erguerse dun asento se queixa de que lle doen as xuntas e non se dá endereitado dicímoslle *¡Non arranques co motor en frío!* E quen ten

---

<sup>112</sup> María ten sete saias,/ as sete lle están moi ben;/ debaixo das sete saias/ ten a máquina do tren.

<sup>113</sup> Non me parece que se refira ó automóbil a expresión No coche de san Fernando, volta a pé e volta andando ("a pé").

problemas cos artellos e dificultades para moverse di que *Anda mal do chasis*. E *queda no chasis* quen mirra moito, quen queda moi fraco e debilitado despois dunha enfermidade ou accidente. E *ten o chasis torto* quen ten chepa. *Patínalle o embrague a* "quen está algo mal da cabeza"; *anda mal dun faro* "quen está mal dun ollo, quen está chosco". *¡Se non foran as rodas!* é queixa por andar mal das pernas, anque un do resto se atopa ben. A combustión e o escape son símil do funcionamento do aparato dixestivo e, polo tanto, dan pé a algunhas expresións escatolóxicas como *Perde-la compresión* ("non controla-los gases"). Se *tubo de escape* é o recto, compréndese que *Andar mal do tubo de escape* sexa "padecer de hemorroides". *Ter escape libre* é "ter unha chaqueta con corte vertical no fondo e centro do lombo"; tamén significa "non controla-los gases". E non falta tampouco a Garda Civil de Tráfico como referente: *Andarlle encima da matrícula a alguén* é "perseguido, vixialo". Recentemente oínlle chamar *Autopista do piollo* ó "carreiro do pelo despois de se peitear" e *Ser un minicrós*, en Monforte, é ser un paleta que anda facendo ostentación do que ten (moto, roupa e similares) pero sen sentido da oportunidade (*Xan é un minicrós, anda derrapando coa moto para que miren pra el. Ela tamén o é, que foi á misa das doce coa roupa da discoteca*). E non son de agora mesmo, pero son deste século, as expresións *Gorda coma un castromil* ("moi gorda") e *Mandar a Noia sen baixar do castromil* ("deixar en cero a outro nunha partida de cartas), *Cheguei no último castromil* (resposta tópica a quen nos pregunta sorprendido *¿E ti como estás aquí?*)<sup>114</sup>. E non podemos esquecer que *Darlle luz verde* a un asunto é locución que existe dende que hai semáforos.

*¡Outros tíranlles pedras ós avións!* é fórmula de crítica a propostas ou accións disparatadas, que xa metaforiza os **avións**.

As **conservas** deron, polo menos, este *Estar coma sardiñas na lata*, que é "estar moi apretados nun sitio moita xente".

O **futbol** deu tamén ditos como estes. *Casar de penalti* é "casar xa encinta unha moza". *Coller a un en fóra de xogo* é "pillalo nunha falcatruada, nunha contradicción, nun renuncio ou desatento"; alude á posición irregular dun xogador que anula a xogada

---

<sup>114</sup> Quero chama-la atención sobre o feito de que todas estas realidades tiñan xa tradicionalmente locucións que as expresaban con imaxes traídas do mundo rural. Así, mentres "estar achacoso un vello" dise no mundo rural ir perdendo ferro (imaxe, que ben explicou Xaquín Lorenzo, do carro que empeza a perde-los cravos que amarran as lamias da roda e despois perden a lamia e despois vaise desfecendo ós poucos o carro todo), agora, metidos no mundo doutro vehículo, dicimos que ese vello Está para o desguace: cambiou a imaxe, porque cambiaron os mundos, pero a creatividade mantense viva, por máis que sinalemos que desguace é un castelanismo innecesario por despezamento ou desmantelamento.

que poida facer. Unha cousa moi boa, da mellor calidade, é unha cousa *de primeira* (a primeira división do fútbol é onde están os mellores equipos<sup>115</sup>). Xa citei o dito efémero *Tranquilo coma Amancio*. O mundo do fútbol creou a súa fraseoloxía, aínda que non tanto coma no Brasil, onde é un auténtico fenómeno sociolingüístico, como ten estudiado a profesora Leite de Oliveira<sup>116</sup>. Na Amaía, Ramón Lorenzo recolleu nos anos sesenta<sup>117</sup> estas expresións referidas ó fútbol que demostran creatividade a partir dun deporte de introducción recente: *Tirar un barracallazo* é "disparar moi forte á porta contraria". *Levar lume* dise dos disparos á porta feitos con enorme potencia (*solta uns chupinasos que levan lume*). Meter un gol é *Empotrar un gol*, *Encañonar un gol*, *Encasquetarlle un gol*. En cambio, *Quedar sen ela por chupón* é "perde-lo balón por querer face-la xogada enteira sen pasarllo ós compañeiros" (*ela*, neste caso, é a pelota); e o meu fillo, que xa anda á espreita dos ditos, detectou *¡ponlle un pau!*, crítica ó xogador chupón, que alude a eses caramelos que se chupan mangados nun paociño. *Facer un estiradón* dá Franco Grande como denominación do voo dun porteiro e tamén dá *Non acada-lo chute*, que é non dar parado un balón, cando lle meten un gol. *Facer un túnel* é mete-lo balón por entre as pernas do contrario. Dun mal xogador dise que *é un torcebotas* e tamén se di dun dianteiro ineficaz que *non lle mete un gol nin ó arco da vella*. Quero lembrar tamén que a locución exclamativa común *¡Hai que roelo!*, que expresa a resignación ante unha adversidade inevitable, transformou o seu significado nos anos setenta, cando a adoptaron como distintivo os siareiros do Pontevedra, ó subiren de 3ª a 1ª, ata o punto de que o *¡hai que roelo!* xa evoca o mundo futbolístico de Pontevedra<sup>118</sup>. Falarei máis en diante destes desvíos da fraseoloxía que tanto agradan á publicidade.

O mundo da **electricidade** xerou ditos como *O foco dos pobres* (que é como lle chaman á lúa en Abadín). *Ser eléctrico* é "ser persoa que se incomoda facilmente polo que lle din". *Estar eléctrico* é "estar moi nervioso, irritable, histérico". *Cruzárselle os cables a alguén* é "actuar de maneira inesperada unha persoa maiormente por efecto da

---

<sup>115</sup> Coido que de primeira refírese ó fútbol, porque teño oído que, en tempos, nas procesións da Semana Santa fan uns disciplinantes que se daban uns xostrazos de primeira.

<sup>116</sup> Mª do Carmo LEITE DE OLIVEIRA: Fútbol, fenómeno sociolingüístico. PUF. Rio de Janeiro.

<sup>117</sup> Ramón LORENZO VAZQUEZ: "Contribución al léxico gallego: palabras de Amaía y aledaños (I)", Cuadernos de Estudios Gallegos XXIV, MCMLXIX, 172-193.

<sup>118</sup> Tódolos sacerdotes da arquidiocese compostelá menores de 65 anos lembrarán que no léxico seminarístico do fútbol (actividade que alí tiña enorme importancia) denominábase cachatoria o xogo informal do fútbol, é dicir, o xogar simultaneamente varios partidos no mesmo terreo de xogo. A estraña palabra, segundo Xesús López Fernández, naceu dun dito, Cacha-la roda, que, á súa vez, naceu dunha frase que dentro daqueles muros era proverbial: Esa roda tamén a cacho eu. A frase díxeraa un seminarista acabado de chegar dunha aldea, cando viu por vez primeira xogar ó fútbol alí dentro.

ira". E non pensen que o máis moderno é a fórmula pontevedresa de despedida *Se non nos vemos, que sexa por culpa de FENOSA* (é dicir, porque marche a luz que vende FENOSA, non porque non queiramos vernos ou porque un dos dous morra)<sup>119</sup>. A min parece que o máis moderno é a evolución do dito *Meter un enchufe* ("conseguir un aprobado ou un posto de traballo, mediante unha recomendación"); refírome ó dito *Meter un trifásico*, que é o mesmo ca *meter un enchufe*, pero sendo de tal categoría o recomendante, que quen decide non pode resistirse. Digo que é moderno porque o dito é de Cospeito, onde a electricidade trifásica é de introducción recentísima.

**Radio, cine, televisión e video** tamén crearon ditos. Hai xa anos que *Radio Macuto* é sinónimo de run-run, de rumor. A expresión é posiblemente común co castelán; pero exclusiva nosa, e co mesmo significado, é *Radio Disque*. No mundo rural, cando alguén está á escoita do que din outros ou do que se di por aí (maiormente dun mesmo) dise que *ten oídos de porca parida* pero o dito moderno é *Te-la antena posta*. Non precisa explicación o dito *Falar máis cá radio*. En cambio, *Poñer música de fondo* é "interromper con continuas impertinencias a conversa doutra xente". *Ser de cine* unha cousa é "ser marabillosa". *Chover coma nas películas* é chover a caldeiros. A min parece que para baixo de Galicia non sabe chover: esa choiva momentánea e brutal é unha descortesía climática que obriga a paralizar toda actividade, que impide camiñar e que destroza; en Galicia, en cambio, disfrutamos desa choiva miúda que aman os botánicos e xardineiros, que case non se ve e que pode durar horas e días sen coutar plenamente ningunha actividade; esa chuvia é unha forma ecolóxica de chover e unha maneira civilizada de mollar. Esa chuvia, xa se dixo, é arte. Pero, como esa finísima chuvia non sae na fotografía, con frecuencia (como disque pasou na rodaxe de *Los gozos y las sombras*) os directores de cine contratan uns bombeiros que fan caer sobre os actores chorros inmisericordes de auga para que os actores se vexan ben mollados. Cando chove así, ás cuncas, dise agora que *chove coma nas películas*. *Ser máis vago có xastre de Tarzán* ou *Ser un Robert Redford* véñennos do mundo de Hollywood<sup>120</sup>. *Chupar cámara* é "facerse o protagonista, gustarlle moito a un aparecer a fronte de traballos colectivos". En Abadín, cando un se queixa por unha ferida recente, coma tal, entalar un dedo nunha porta, e lle preguntan inxenuamente se lle doe, responden: *¡Non,*

---

<sup>119</sup> Este dito é resposta a ¡Deica que nos vexamos! O dito, que oín en Pontevedra e en Caldas, está vivo tamén en Guntín.

<sup>120</sup> O proceso non é no fondo distinto de chamarlle lulú, en Cambados, ó cansiño, arte de pesca máis pequeno có can para andar á ameixa dende as planeadoras.

é un anuncio! ou ¡Non, é unha película! E o máis recente que oín é este: *É tan parvo, que, baila a música do telexornal*. O video deu xa a expresión, frecuente na mocidade, *Espera que rebobine* ("Déixame facer memoria").

O **teléfono** deu *Ser un poste de teléfono*, que é "ser un preguiceiro" e tamén "estar no medio parado, sen facer nada e estorbando". Pero estean atentos, que non han tardar en aparecer ditos cos inalámbricos.

O mundo da **banca** e do **diñeiro** deu *Ir morrendo a prazos*, que é "padecer unha serie de achaques consecutivos que van minando a saúde". *Te-la conta en números roxos* é "estar coa menstruación unha muller". Os modernos documentos e garantías de aparellos adoitan ter en letra miúda as cláusulas do contrato, nas que o vendedor limita a súa responsabilidade canto pode; non ler esa letra miúda dá pé a que un se sinta estafado. Por iso *saber moita letra miúda* é "ser precavido e astuto". *Ter máis caras ca un saco de pesetas* é "ser moi informal, ser infiel ás amizades". *Moverse máis cós prezos* é "ser un bulebule". *Toca-la lotería* úsase en sentido irónico para dicir que sempre lle acontecen a un as peores cousas, que lle toca o peor en tódolos repartos<sup>121</sup>.

No mundo do **sexo** tamén apareceron cousas novas, como as denominacións *Calcetíns de viaxe* (preservativos) e *Sesións de ximnasia rítmica* (coito).

**Cousas da casa moderna** deron ditos como o eufemismo *Ir falar con Roca*, que é "ir ó cuarto de baño, onde é frecuente encontrar porcelana sanitaria da marca *Roca*". *Te-las persianas abertas* é "non dar durmido". *¡Veña butano!* (exclamación para pedir máis viño). *¡Cambia de disco!* é expresión para esixir a outro que pare de repetir insistentemente o mesmo.

**Personaxes modernos** tamén deron ocasión de novos ditos, como *Facer unha charlotada*, "organizar un acto cultural e resultar grotesco por mala preparación, por convidar xente inadecuada ou por desviarse os que interveñen do nivel previsto"; deriva de Charlot, de quen recolleu R. Lorenzo na Amaía *Andar escharlocado*, que é "andar desaliñado, desgarbado, desastrosamente vestido". Estoutro tamén nos veu da América: *Foi a dalas e levounas*, que significa "levar un chasco, saír lle a un as contas furadas"; este dito, se non naceu daquela, colleu nova vida cando John F. Kennedy, presidente dos Estados Unidos, caeu asasinado na cidade de Dallas, á que varias veces declinara ir.

---

<sup>121</sup> O proceso non é no fondo distinto de chamarlle Sofico (nome dunha inmobiliaria) a un cabaliño de mar (porque aquela o utilizaba como anagrama).

A **política** deu, entre outros, *Ser coma a Fiscalía* (que se refire á antiga *Fiscalía de Tasas*, tan agresiva cos labregos galegos). *Estar soviético*, que na Golada é "estar borracho". *Darlle o pasaporte* ("expulsalo, botalo dun sitio, matalo"), *Colle-lo pasaporte* ("morrer").

A **escola** deu, polo menos, *Te-lo mapa do Ribeiro*, que, en Santa Comba de Ourense, significa "estar borracho". Ou aqueloutro de *Xa se len os carreiros*, por "xa agroman as ringleiras do millo nos campos".

O mundo da **informática** tamén xa deu expresións. Lembro esta, efémera, dos anos oitenta: *Parecer unha IBM* ("ter moita memoria e lembra-lo que ós máis lles esquece"). Incluso aparecía esta forma de excusa, *¡Seica pensas que son unha IBM!*, que se usaba cando alguén nos esixía máis coñecementos dos que podíamos ter. O xénero feminino (*unha IBM*) revela que, no momento en que se acuñou, aínda falabamos de computadoras, non de ordenadores; e a marca que se cita, fala dunha época de case monopolio do chamado *xigante azul*, que xa non corresponde ó mundo de hoxe; cadra isto coa extinción da locución. Sen embargo veñen outras detrás: *Ter mal o disco duro* ("esquencerlle a un o que ten que facer ou dicir"); *Ter poucos megas* ("ter pouca memoria unha persoa"); *Cambiáronlle o disquete* téño oído para expresa-los radicais cambios de opinión, é dicir, o que antes expresabamos con *Cambia-la chaqueta*.

Se cousas modernas espellan realidades de sempre, reciprocamente, realidades antigas espellan cousas modernas. Por veces é un dito, con todo o seu requinte metafórico e rural, o que formula unha lei do márquetin. En certa ocasión, na referencia televisiva dun congreso internacional de economía, vin como un conferenciante formulaba como unha das leis básicas dos investimentos a de *Non poñe-los ovos todos na mesma cesta*, é dicir, que todo inversor debe espalla-los investimentos en sectores distintos, para non perdelo todo dun golpe, se un sector entra en crise<sup>122</sup>.

---

<sup>122</sup> Non podemos esquencer que cousas modernas levan nomes populares de cousas de sempre. Coma tal, chamarlle cascuda ó popularísimo Volkswagen dos anos 40 e 50. Os portugueses chámanlle Boca de sapo ó Citroën que en castelán levou a denominación popular de Tiburón. Non conto aquí os híbridos mariñeiros do inglés, como estar 'stand by', que se usa en Camariñas para dicir "estar á espera" e similares. Nin estaría de máis falar aquí de certas denominacións compostas eufemizantes, como chamarlle Clínica do calzado a unha zapatería, como ás veces ocorre (Fariña Jamarco Co sorriso nos beizos, 245).



## 2.6. A CRISE NA LITERATURA

Coa creación de novas metáforas por parte do pobo contrasta a mingoa do uso da fraseoloxía na nosa literatura actual. A nosa lírica medieval utilizaba a tradición oral, que daquela chamaban *verbo antigo*, como estudiou Filgueira Valverde<sup>123</sup>.

Tirso de Molina, que viviu en Galicia, debeu de coñecer aquí contos populares e romances coma o de Don Galán, nos que aparece a figura do seductor incorrizable e do banquete fúnebre expiatorio; con eles, segundo demostrou Said Armesto<sup>124</sup>, deu á luz o Don Juan Tenorio, unha figura tan definida coma D. Quixote, Otelo ou Fausto e que inspirou, por esa razón, a múltiples artistas. Rosalía de Castro, que en *Cantares Gallegos* glosa cantares e refráns, en *Follas Novas* vai máis aló, porque condensa nun refrán o senso dun poema; así: *Vivir para ver*, ou *Eu por vós e vós por outro*, ou *As cousas no seu tempo e as feras no seu tobo*; ou *Ánimo, compañeiros, toda a terra é dos homes*: é dicir, Rosalía de Castro encontraba a súa inspiración nesa mesma tradición, como fixo a boa literatura de tódalas linguas <sup>125</sup>. Outro tanto facían os músicos nacionalistas coma X. Montes ou P. Veiga, como o facía Rimski-Kórsakov ou como, máis atrás, fixeran Haydn e Mozart.

Consecuentemente, os escritores menores do XIX e principios do XX, mesmo se for discutible a súa calidade literaria, asollan o tesouro dunha riqueza fraseolóxica espectacular que por veces xa se ve no título<sup>126</sup>. A súa lingua estaba moi próxima á lingua falada no mundo rural e mariñeiro, porque a experiencia da natureza era para eles

---

<sup>123</sup> X. FILGUEIRA VALVERDE: "A inserción do verbo antigo na literatura medieval galego-portuguesa" no Boletín Auriense VI, 1976, 355-366.

<sup>124</sup> Víctor SAID ARMESTO: La leyenda de Don Juan. Orígenes poéticos de "El Burlador de Sevilla" y "Convidado de Piedra". Espasa Calpe, B. Aires-México 1946.

<sup>125</sup> O estudio das fontes realizado por Menéndez Pidal e María Rosa Lida demostra como a tradición oral está presente na literatura castelá. Fidelino de Figueiredo pon como exemplo a Lope de Vega a quen -di el- amou tanto o pobo, porque entre autor e público había a unión subterránea do romanceiro; engade que esta práctica fixo que esa literatura fose unha literatura para o pobo, en contraste coa literatura portuguesa que el, portugués, califica como de inclinación lírica e aristocrática. (La lucha por la expresión. Espasa Calpe, Madrid 1947;70).

<sup>126</sup> Aparecen, maiormente no paso do século o XIX ó XX, sintagmas fixados nos títulos dalgunhas obras ou poemas. Eis algúns: ¡A roda, roda!, de M. García Paz; O Arco da Vella, poema de Barcia Caballero; ¡Boa feira!, Catro cousas, O conto das mil mentiras, de Benito Losada; Bodas de Ouro, de Galo Salinas; Caldo de grelos, de Armada Teixeira; Fume de palla, de Nan de Allariz; ¿Eu que lle vou facere...?, de Carmen Prieto Rouco; Ir por lan, de M. Lugrís; Maio longo, de Baldomir; Mari Castaña, de Cuveiro; ¡Miña casaña! ¡Meu lar!, de Celso Emilio; ¡Miña xoia!, de Carré Aldao; ¡Terra a nosa!, de Rodrigo Sanz; Terra nai, de Gómez Ledo; ¡Vaites!... ¡Vaites!, de Frade Giráldez; Vento mareiro, de Cabanillas. Recórdese que na literatura castelá entre os séculos XV-XVIII hai polo menos 152 títulos que son refráns.

de primeira man<sup>127</sup> e porque buscaban ese tipo de lector pouco letrado, co que conectaban gracias ó uso das creacións e do estilo da tradición oral.

Os escritores de hoxe, en cambio, baixaron o grao de riqueza e de pureza fraseolóxica, por máis que subisen o grao de técnica literaria a niveis internacionalmente homologables. Se Castelao, entre outros, aínda mantiña o clima antropolóxico galego e o clima fraseolóxico que un vive entre labregos e mariñeiros, hoxe non se leva aquel recoller e elabora-lo popular, que converteu o Don Galán do noso romance popular nun mito da arte universal. A crise da fraseoloxía enxebre pode ser só un síntoma dunha patoloxía máis ampla.

¿Por que este cambio? Eu vexo catro factores. O primeiro é a mocidade dos escritores de hoxe. Aínda que a mocidade é sensible á fraseoloxía e xoga con ela, a aprendizaxe da fraseoloxía é lenta porque depende da transmisión oral (enténdese e incorpórase ós propios recursos a poder de oíla repetir) e ademais porque, sendo tantísimos os ditos, non é posible oílos todos nin oír sempre os mesmos. Sorprenderse cada día oíndo ditos novos é máis doado ca reter na memoria activa varios ditos cada día. Por todo iso, o corpus de ditos que unha persoa usa é proporcional ó número de anos que leva vividos. A fraseoloxía (coma o humor) quere o seu tempo e, en cambio, non son moitos os escritores que superan os cincuenta anos.

O segundo factor é que o escritor hoxe busca un lector urbano e, como unha parte da fraseoloxía remite a cabalos e vacas, a carballos e galiñas, a millos e arados, a bubelas e a mallas, a redes e gamelas, é dicir, a un contexto cultural que xa non lle parece actual porque non é aquel no que viven os seus presuntos lectores, coida que se arrisca a usar expresións que lles resulten opacas.

Hai algo de certo nisto. A cidade é outro mundo, case outro Estado, ten outra estética e outra mitoloxía, outro ritmo e outro desafío. As cidades galegas, aínda teñen a aldea a dez minutos do centro urbano e os estranxeiros que nos visitan ven nelas formas de relación e ritmos humanizadores; pero todo iso está en perigo porque a crise aguda do mundo rural fixo medrar de súpeto neste século as nosas vilas con xente que se sente *fluxida do campo*. Esta psicoloxía explica que na vila se perciba non só unha inxenua asunción das regalías e das eivas do urbano, coma se só nel fose posible a modernidade, senón tamén, algunhas veces, unha artificiosa fuga da lingua galega. ¿Non lle pegaría

---

<sup>127</sup> Véxase, como proba, a descrición do xogo infantil de andar ós niños que fai M. García Barros en *Aventuras de Alberte Quiñói* (Edicións Castrelos, Vigo MCMLXXVI; 71-72).

este ambiente a unha parte da nosa literatura esa alerxia ó campo, como tema, como escena ou como clima antropolóxico e léxico? ¿Explicaría isto que a nova moda literaria substituíse o costumismo rural por un costumismo urbano, no que o drogadicto, o ladrón e o policía señorean agora milleiros de páxinas, coa súa desmesura de asasinatos, coa estudiada ración de sexo para tirar polo lector e coa súa fala esquelética? Máis dunha vez, teño pasado varias páxinas sen que narrador e personaxes usasen unha expresión figurada galega tradicional; e non poucas, en cambio, calcadas do argot vallecano.

A ese factor do lector urbano, xa elevado a teoría<sup>128</sup>, engádeselle un terceiro, moito máis primario pero, para a miña idea, máis efectivo. No mundo literario galego empezan a ter peso escritores urbanos que carecen da experiencia rural ou mariñeira, matizada de traballos e festas, de animais e plantas que, ano por ano, repiten ante os nosos ollos, oídos, tacto, olfato e gusto un ciclo variado que dá pé a innumerables feitos que son paralelos doutros tantos aspectos da vida humana e que se converten en espello e metáfora deles. Se ter escritores urbanos e conquista-la literatura urbana é un triunfo para a nosa lingua, perde-lo campo sería unha derrota. Se o propio escritor é fillo do asfalto e do cemento, no que a chuvia sempre se considera unha agresión, no que a experiencia da natureza se reduce a xardíns que a caricaturizan ou está mediatizada pola televisión e polos libros ¿como vai ser posible que use a expresión *Te-lo muíño picado* ("ter moita fame"), se non sabe que a pedra do muíño moe mal, cando está alisada polo uso, pero que, se a repican, volve moer ben? ¿Como lle vai vir de seu á idea a un autor urbano a expresión *Durmir cos ollos abertos coma a lebre*, cando quere dicir "ser precavido"?

---

<sup>128</sup> A urxencia de dar, tamén na cidade, a batalla da lingua galega levou algúns escritores a sentírense incómodos co peso do rural na nosa literatura menor de final do século XIX e principios do XX, que denominan enxebrista. Pero cargar de negatividade a palabra enxebre, coma se enxebre significase simplemente te-lo cuarto de durmir á par da lareira e da corte das vacas e estar dominado polos caciques, sería unha caricatura inxusta con aquela literatura, que, se for tecnicamente menor, foi, en xeral, socialmente progresista, combateu o caciquismo, optou polos pobres. Enxebre, para min, é a conxunción do antropolóxicamente tradicional, co tecnicamente ecolóxico e co socialmente progresista. Por iso, admitindo que a batalla da lingua e da cultura galega hai que dala hoxe tamén nas cidades, porque a estas emigrou unha parte importante da xente do campo, non me parece, sen embargo, que debamos mata-la palabra enxebre; cómpre revitalizala, descubriendo que o seu significado é máis amplo. Temos que redescubrir que tanto rurais coma urbanos, igual que, sen sentilo, levamos dentro o cerebro, tamén levamos dentro un algo autóctono e patrimonial que nos distingue, como galegos, doutras colectividades: un conxunto de símbolos, mitos e ritos que dan forma á nosa maneira de ve-lo mundo, de estar nel e de protexernos psiquicamente do ventimperio da vida. Iso, a enxebreza, é o que nos pode salvar do proceso de uniformización acelerada que hoxe vive o planeta. Salvar, digo, porque este proceso, por antinatural, está previsiblemente destinado a amplia-los sufrimentos humanos, como veñen avisando os nosos antropólogos, xa que destroza sen recambio axeitado a nosa forma de estar no mundo e porque, coido eu, certos adiantos técnicos urbanos, aínda que representan unha mellora puntual da calidade de vida, xeran residualmente novos problemas técnicos e, sobre todo, xeran un home tecnicamente feliz pero espiritualmente desesperado. A ruptura radical co pasado, á que a urbanización nos empuxa alegremente, non queda impune no psiquismo dos humanos de Galicia. Véxase tamén A. TARRÍO VARELA: "El enxebrismo en la literatura gallega de los siglos XIX y XX", en *Casticismo y Literatura en España. Cuadernos Draco nº 1*. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz 1992;207-235).

Podía ser, se, polo menos, os galegos tivesemos dicionarios fraseolóxicos temáticos, alfabéticos e bilingües; pero non os temos aínda. Este é, para min, o cuarto factor da crise fraseolóxica: a normalización do galego avanza a máis velocidade cá nosa capacidade de nos dotarmos das ferramentas necesarias. A fraseoloxía non forma parte explícita do plan de estudos de ningún nivel da lingua galega, o que, nunha situación de contacto de linguas coma a nosa é particularmente arriscado, porque nos leva a escribir atoutiñando e a meter de matute fraseoloxía allea.

Confírmanme na miña opinión dous feitos. O primeiro, que non vexo esa fuga da enxebreza lingüística e mesmo da sensibilidade do propio pobo noutras literaturas, nas que, pola contra, percibo un crecente interese por reduci-la distancia entre lingua oral e lingua literaria (mesmo no ámbito paraliterario da publicidade, como habemos ver). O segundo feito é que tamén noutras culturas se detecta un empobrecemento léxico nas cidades<sup>129</sup>. Volvo así ó de antes: o esencial parece se-la mocidade e o espírito urbano do escritor.

Vale así para outras literaturas o que algunhas conductas literarias suxiren que non vale para a galega. A falta de conciencia do problema explica que as discusións lingüísticas dos escritores galegos de hoxe case sempre se reduzan a cuestións ortográficas ou morfolóxicas mais nunca sintácticas nin fraseolóxicas, coma se estas fosen irrelevantes.

Cómprenos equilibra-la destreza literaria coa destreza lingüística, porque nos arriscamos a perde-la sintaxe e a música da lingua.

¿É irreversible esta tendencia? Eu, tamén aquí, négome a ser pesimista. Primeiro, porque para o pobo galego a fraseoloxía é algo esencial e por iso a segue usando (e recreando), mesmo se os ditos corresponden a mundos claramente pretéritos (*os tempos de María Castaña*), mesmo se son ditos dos que xa só pouca xente coñece a explicación etimolóxica (*a carabina de Ambrosio; estar en Babia, Mandar a un a Noia*): en 1989 oínlle a un mozo de quince anos de Marín a expresión *Hai coma liño* ("hai en abundancia"), e aínda que non nego que alguén poida acordar en Marín o cultivo do liño, comprobei que o tal mozo nunca vira diante unha planta de liño<sup>130</sup>.

---

<sup>129</sup> O pasado 9.11.1995 Emilio Alarcos queixábase na prensa de que a xente que vive nas cidades de Castela perdeu toda a riqueza, precisión e claridade con que fala a xente do campo e atribuíao a que nas cidades hai menos necesidade de comunicarse e ó pragmatismo que leva a non ler nada.

<sup>130</sup> Anos antes xa Rivas Quintas detectara en Bueu a expresión *Ter* (sapatos, xoguetes, bolas...) coma liño. ¿Foi abundante o liño alí ou é algún termo mariñeiro?

Segundo, porque a idade dos escritores medra cada día, e cada día todos nós oímos, aprendemos e usamos un galego máis rico.

Terceiro, porque o amor ó País e á lingua galega é o que fixo escritores a unha boa parte dos nosos escritores, que son conscientes da transcendencia que para a vertebración do noso pobo ten o traballo literario deles.

Cuarto, porque mesmo en Galicia empeza a observarse que a clase media alta vive un innegable proceso de regreso á aldea, coas contradicións que se queira, pero que verosimilmente acabará chegando á clase media baixa que aínda ten aldea; e non podemos excluí-la posibilidade de que este reencontro coa natureza, coas árbores, os animais e as estacións, actualice o que parecía arcaico e revitalice a fraseoloxía que en tempos pasados a natureza xerara.

Quinto, porque a uniformidade niveladora é un artificio que sempre acaba sucumbindo ante a tendencia natural e incoercible do home á variedade: e isto é así, mesmo en cuestións de lingua.

Sexto e último, porque o estudio da fraseoloxía medrou de forma vistosa nestes últimos decenios en todo o mundo occidental e isto debe ter eco nas literaturas, que encontrarán orixinalidade e exotismo nas súas propias raíces culturais.

Sería inxusto, sen embargo, ignorar que, tamén en galego hai hoxe escritores que, coma Castelao, son fraseoloxicamente impecables, ou que algunha vez deron introducido na fala común sintagmas por eles creados. Por veces un verso ou un hemistiquio adquire tal popularidade que chega a funcionar coma se fose unha locución. Tales son, de Rosalía, *Viúdas de vivos*, que en si xa inclúe unha certa desautomatización<sup>131</sup>, ou *Toda a terra é dos homes*, que deu título a libro sobre a diáspora migratoria galega de Luís Menéndez. Tal é o título do poemario de Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*, que hoxe é sintagma de uso común entre a xente de centroesquerda para designa-lo período en que gobernou España o xeneral Franco. Xa falarei de como se chegou a *¡Cousas da vida, por Castelao!* E, se por veces un escritor titula unha obra co nome dunha sección xornalística (*Crónica de Sucesos*, de Ramón Caride), os xornais con frecuencia fan outro tanto coas obras literarias: deste xeito, *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, converteuse nunha sección fixa de *El Correo Gallego*, que no *Correo Galego* se denominou *O aplauso* e *A vara verde*.

---

<sup>131</sup> A min paréceme ver un eco antitético no título Mulleres de mortos, xa citado, de Marcial Gondar.

A creatividade non morreu. Vexan como Antón Reixa denomina *Bulebule* o seu programa de radio que cambia a gran velocidade de tema e de interlocutor (ó que lle chama *cambio de parella* evocando os xogos no baile); ou como o en tempos topoderoso e despois defenestrado Xosé Luís Barreiro Rivas denomina o seu, *Camiño de volta* (coa pretensión de regresar á vida pública por outro camiño); ou como unha publicación de humor satírico independente de todo poder económico ou político se chama *Can sen dono*; ou como unha marca galega de paraugas se anuncia co eslogan *¡Que chova!*

## 2.7. EXPORTACIÓN DE DITOS

Unha visión superficial ou acomplexada da nosa realidade leva, en múltiples facetas, a supoñer que toda concordancia entre o noso e o alleo é sempre influxo do alleo no noso. Esa actitude, que levou, entre outras desgracias, ó extravío da nosa literatura medieval, leva a non entender como Galicia puido acumular tamaña riqueza arquitectónica, escultórica ou musical obra de artistas galegos, fillos de galegos, ou a ignorar que polo mundo adiante hai múltiples ecos de Compostela e de Galicia<sup>132</sup>.

Volvendo ós nosos ditos, haberá que recordar que noutras linguas corren expresións galegas, estruturalmente heteroxéneas, como *Tarde piache* (da que se chegou a escribi-la barbaridade de que era italianismo<sup>133</sup>); *No tempo de María Castaña*; *Habelas hainas*; *A min plin que son de Lalín*; ou *Vender a detallo* ("vender por peza, por miúdo", o contrario de "por xunto"), que se reproba no castelán do XIX como galicismo, e do que Nicandro Ares viu a existencia en galego en 1207; temos, ademais, *Vender a retallo*<sup>134</sup>. Todo iso sen contar coas innumerables expresións que no castelán de Galicia corren traducidas dunha maneira literal, como *¿y luego?* ou *¡y luego!*<sup>135</sup>

---

<sup>132</sup> Véxase V. Almazán: *Gallaecia Scandinavica*. Introducción ó estudio das relacións galaico - escandinávicas durante a Idade Media. Galaxia, Vigo 1986. E de varios autores e referido a Alemaña, Seis ensaios sobre o Camiño de Santiago. Edición de V. Almazán. Galaxia, Vigo 1992. Ou os Catálogos das Exposicións realizadas en 1993 Santiago, camiño de Europa (Culto e Cultura na Peregrinación a Compostela); Galicia e América; Santiago e América.

<sup>133</sup> Nace dun conto no que un miñado colle un ovo dun niño e, cando o pitiño lle pía na gorxa, di ¡Tarde piache! O conto tivo a súa evolución en Portugal, onde parece que o miñado se converteu primeiro en miñoto e despois en galego. Pero en portugués, coma en castelán, a gramática esixe piaste.

<sup>134</sup> "¿'Vender a detallo' en 1207? Unha cuestión histórico-lingüística, Grial 90, 509-511.

<sup>135</sup> C. GARCIA: "Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano". Revista Española de Lingüística 6,329-343.

N. VÁZQUEZ VEIGA, C. FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ: "Un caso de interferencia lingüística: la forma y luego en el castellano de Galicia", en *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*. Universidade da Coruña 1996; t. II,714-733.

### III

## DESAUTOMATIZAR EXPRESIÓNS FIXAS

### 3.1. DESAUTOMATIZACIÓN E LITERATURA

Elemento esencial da fraseoloxía é a fixación, é dicir, que esa combinación de palabras sexa inalterable, coma se as palabras estivesen xa soldadas. Sen embargo, existe, tanto na fala coma na publicidade e na literatura, un xogo consistente en alterar algún dos elementos da unidade fraseolóxica buscando efectos sorprendentes<sup>136</sup>. Isto é o que se chama *desautomatizar* ou *desconstruír unha expresión fixa*.

Balzac, por poñer un único caso francés, nunha obriña breve, *Un début dans la vie*, xa desautomatizou 39 refráns<sup>137</sup>. Na literatura castelá destacan no uso deste mecanismo Bécquer, Blas de Otero, Tono, Gil de Biedma, Ángel González ou Antonio Gala<sup>138</sup>. O fenómeno é moi común na fala viva<sup>139</sup>, e os escritores, introducindo a oralidade na escritura, fan explícito o seu desexo de fidelidade á lingua popular, ó xogo de citar, deformar, triturar ou descolocan-las expresións que o lector coñece ben, para logra-la complicidade del na reflexión sobre unha idea vella que é nova ou para darlle un aire novo á expresión vella<sup>140</sup>.

---

<sup>136</sup> Pódense ver C. BOUSOÑO: "Un ensayo de estilística interpretativa (Ruptura de un sistema formado por una frase hecha)", en Homenaje universitario a Dámaso Alonso. Gredos, Madrid, 1970, 69-84.

M. GARCIA-PAGE: "La ruptura del 'discurso repetido' en poesía", en Scripta Philologica In honorem Juan M. Lope Blanch. México, UNAM, 1992,3, 231-244.

"Sobre los procesos de deslexicalización en las expresiones fijas", Español Actual 52,1989,59-79.

"A propósito de la ruptura del sistema formado por una frase hecha", Notas y Estudios Filológicos 6,1991,71-101.

"Lengua y estilo del Refranero: creación y (re)creación", Anuario de Letras 30,1992,89-131.

"Texto paremiológico y discurso poético (el ejemplo de Gloria Fuertes)", Paremia 1, 1993,45-53.

A. IGLESIAS OVEJERO: "Las expresiones fijas hoy: vigencia y decadencia del refranero", en Actualités de la recherche en linguistique hispanique. Actes du Colloque de Limoges. 1990.

F. VIGIER: "Quelques exemples de manipulation littéraire des proverbes dans le 'Retrato de la Lozana Andaluza' de Francisco Delicado", Paremia 2,1993,97-102.

C. BUEZO: "El empleo paródico de refranes y frases proverbiales en la mojiganga dramática", Paremia 2,1993,109-115.

<sup>137</sup> F. NAVARRO DOMINGUEZ: Análisis del discurso y Paremias en H. de Balzac. Universidad de Murcia, 1994.

<sup>138</sup> Cl. LE BIGOT: "La desconstrucción de la frase hecha en algunos poetas sociales (Blas de Otero, Ángel González, Jaime Gil de Biedma)", Paremia 2,1993,151-155.

<sup>139</sup> G. GARCÍA MÁRQUEZ: "Frases de la vida", El País 18.VIII.1982.

<sup>140</sup> F. DUBOSQUET LAIRYS: "Dictons et cronique", Paremia 2,1993,139-143. Pode verse tamén L. ALONSO SCHÖKEL: La formación del estilo. Libro del alumno. Sal Terrae, Santander 1962; 108 ss.

### 3.2. MECANISMOS DE DESAUTOMATIZACIÓN

Para desautomatizar unha expresión fixa hai procedementos gramaticais e hainos léxicos, segundo as modificacións, permutacións, insercións, substitucións ou conmutacións xoguen con fonemas, morfemas, coa sintaxe ou ben xoguen con palabras ou co significado das palabras.

Deixo o tema para persoas máis competentes, pero no que xa dixen da evolución dos ditos vimos exemplos de desconstrucións consolidadas. Calquera entende que detrás de *Pupilas gustativas* (grupo de fotografías, escultoras e pintoras galegas) están as consabidas *papilas gustativas* pero con intencionado desvío do pracer do gusto ó da vista. Detrás de *Estamos dando moito que ler* (eslogan de Xerais) está *Dar moito que falar* (eslogan, por certo, da nova tarxeta da Telefónica); que detrás de *Vamos a 140 por agora*, eslogan co que a RENFE publicitou hai seis anos a inminencia do tren de alta velocidade, estaba o sintagma *140 por hora* (xa sorprendente pero non tanto); que detrás de *O que sabe, Saba estaba O que sabe, sabe*. O barbeiro que me falou hai uns meses dos *xuíces das silveiras* estaba manipulando o vello dito *avogado das silveiras* para crear un novo.

Quero, en cambio, sinalar brevemente que moitas transformacións xogan coa semántica. Unha delas consiste en que, cambiando un dos elementos, pode **resultar real o que sempre se di en sentido metafórico**. Poñámo-la frase *¡Que frío vai! Estáseme a poñer carne de galiña!*<sup>141</sup>: boten de conta canto vai de que o diga eu a que o diga un galo nunha fábula. Ou supoñan estouta *gustaríame estudar dereito*: pensarán que me veu un interese serodio pola carreira xurídica; pero, se esa frase a poñemos en boca dun camelo, colle un contido gracioso, porque inmediatamente pensamos no lombo engorrobado do camelo. Se eu digo que *teño a vida pendente dun fío*, todos entenderán que estou nas últimas ou que, polo menos, estou correndo un perigo grave; pero, se unha araña nunha fábula di que *ten a vida pendente dun fío*, todos entenden que

---

<sup>141</sup> O 10.2.1996 Arsenio Iglesias, novo adestrador do R. Madrid, foi xogar a Barcelona e, para farrea-lo Barça, aludiu a unha sonada confusión fraseolóxica do adestrador holandés dese equipo, J. Cruyff, dicindo que se lle poñía a galiña de pel indo xogar a Barcelona. Perdeu o Madrid e poucas semanas despois tiña que vir xogar a Santiago; entón o xornalista santiagués Diego Bernal, aludindo a que se coñece cariñosamente o adestrador do Compostela, Fernando Vázquez, como O Galo de Castrofeito, mandáballe a Arsenio a seguinte mensaxe: ¡Teña coidado coa galiña, cando veña xogar co equipo do Galo! (e, por certo, non deu gañado en Compostela). Eis, tamén, algúns titulares do Correo Galego: ...para conseguir unha victoria que lle poñía pé e medio na UEFA (3.3.96); Ajax e Nantes xa meteron practicamente os dous pés na semifinal (7.3.96); Lady Di: "Buckingham está xogando ó pimpón comigo" (2.3.96); Por poder xogar daría mesmo as lentes de contacto (por daría todo, 6.3.96); Dous rapaces cometen un asasinato de película (11.3.96); Ler a destempo o que sempre se está a tempo de ler (10.3.96); O Albacete caeu afogado (por caeu derrotado) ante o Rayo Vallecano (11.3.96). Como se ve, o xogo das desconstrucións está na rúa e na prensa.



utiliza en sentido literal unha expresión figurada, feito que nos choca porque constitúe unha transgresión. O mesmo pasaría, se a expresión *Estou suando tinta* a digo eu agoniado co traballo, ou a di, un supoñer, nun conto unha lura. Cando Darío Xohán Cabana describe a Manuel Díaz como home que pensaba que nunca ía morrer, remata *A morte sorprendeuno (e moito) cando contaba oitenta e tres anos*. En *Sorprender a un a morte* o verbo *sorprender* significa só "acontecer, sobrevivir"; pero a paréntese chama a atención sobre a súa utilización en sentido real, que no caso de Manuel Díaz era pertinente. Nesa paréntese está para min a gracia toda do conto. Cando Curros pon en boca de Deus a expresión galega *¡Se este é o mundo que eu fixen, que o demo me leve!*, no poema *Mirando ó chau*, para indicar que o Creador non recoñece como seu este noso escalazado mundo, a curia eclesiástica de Ourense aproveitou ese verso para ter un incidente con el: efecto cruel de tomar como real o que é fraseolóxico.

Outro mecanismo é o **aproveitamento da bivalencia**. Xa de vello se utilizou a polisemia dos ditos. Supoñámo-lo valor de *correr* aplicado á moeda. Está presente neste refrán *Redonda é a moeda, para que rode e corra e vaia e veña*. Parece claro que *corre-la moeda* significa "pasar sen dificultade no comercio" e tamén "haber abundancia de diñeiro en circulación". Sen embargo ese non é o único significado do verbo *correr*: o seu participio *corrido* ten tamén o significado de "avergoñado, burlado". Aproveitando esa polisemia naceu o vello dito *¡Corrido te vexas, coma a moeda!* onde o significado de *corrido* non é o que ten na locución *corre-la moeda*. Galicia, *Pórtico da Gloria* é recente eslogan turístico no que a obra de Mateo asume tamén baixo o seu paraugas semántico tanto unha exquisita mariscada coma o canón do Sil. En definitiva, unha das fontes de innovación das locucións é a de usalas cun significado distinto do esperado, do significado que ten algún dos seus elementos cando entra a formar locucións<sup>142</sup>. Publicitariamente é eficaz.

Outro mecanismo é o **insinuar un dobre sentido real nunha frase de sentido único**. *ONCE: Nos gustaría verte feliz*. A frase pasaría desapercibida, porque a publicidade utiliza moitas expresións cariñosas que, por interesadas, resultan falsas. Pero non pasa desapercibida, porque a ONCE é unha organización de cegos. O efecto

---

<sup>142</sup> Cando ti vas, eu Volvo: non precisa explicación. A Renfe tivo para o nadal de 1991 un eslogan precioso que puxo en antena a primeiros de decembro: *Compre ahora su billete o estará vendido*, aludindo a que á última hora moita xente non dá atopado billete, porque están todos xa vendidos (sentido literal) e, claro, o viaxeiro que se despistou queda vendido (sentido metafórico: "queda envolto nun problema que non pode resolver porque a solución depende doutros"). Esta polisemia (por unha banda, estar xa vendido algo que un desexa e non podelo mercar, e, por outra, estar un metido nun problema e totalmente desamparado) é sorprendente e chama a atención dúas veces sobre a mensaxe.

psicológico do xogo *verte feliz/verte* é unha compaixón que impulsa a devolve-lo cariño mercando a lotería dos cegos. A expresión reactualízase<sup>143</sup>.

Entre os mecanismos de desautomatización só vou mentar outros dous. Un, a **alteración da orde de palabras** que altera o significado (se eu dixer que *Deus aperta pero non afoga*). Outro, a **descontextualización**, como fan moitos grupos artísticos do mundo enteiro denominándose con unidades fraseolóxicas: *Modestia aparte*, *Status quo*, *Peor imposible*. Véxase que lonxe chega a vida destas expresións, tradicionalmente esquencidas polos filólogos.

A creatividade popular aproveita calquera ocasión para dispararse<sup>144</sup>. Nun Colexio unha profesora advertiulles ós seus alumnos de EXB que quería os deberes *feitos como Deus manda*. Cadrou que daquela había un anuncio de galletas na TV que dicía *Campurrianas: las galletas hechas como Dios manda*. E alí mesmo recibiu para sempre o alcume de *A Campurriana*. Por infantil que pareza ese proceso, é tan complexo coma as máis requintadas elaboracións artísticas ou publicitarias, poñamos por caso, aquela pola que Thompson xogou coa locución adverbial *sin ton ni son* (*No compre un televisor sin ton ni son. Compre un Thompson*) ou aqueloutra coa que Pikolín transformou a locución galega, xa documentada no XVII, *A min plin, que son de Lalín* en *A mí plin: yo duermo en Pikolín*.

### 3.3. EFECTOS DA DESAUTOMATIZACIÓN

A desautomatización dun dito produce en nós, polo menos, tres efectos. Cando detectamos unha transgresión, primeiro sorpréndenos: isto **augmenta a atención**, de xeito que o que agora se di non pasa desapercibido, e **fai nítido o perfil semántico do dito orixinal** (reflexión metalingüística). Xa non é pouco para un comunicador.

O segundo efecto é a **conciencia, por contraste, da innovación gramatical ou léxica**. Unha fulgurante reflexión detecta a carencia ou a presenza de algo inusual e define o novo perfil semántico que resulta da innovación e admira a intención ou o

---

<sup>143</sup> Algo semellante houbo hai uns anos nun titular de La Voz de Galicia, no que se dicía La CEE puede hacer polvo la leche gallega, no dobre sentido de destruí-lo noso mercado e de forzarnos a converter en pó o noso leite para vendelo para outros usos fóra de España.

<sup>144</sup> Pénsese en como circularon paremias modernas como ¡Menos Franco y más pan blanco! (da oposición antifranquista); Sexamos realistas: pidámo-lo imposible (maio do 68); ¡Corta, Blas, que no me vas! (referido a Blas Piñar). Pénsese en frases proverbiais que se atribúen a certos políticos, sen que conste nalgún caso rigor desa atribución, coma El que se mueve no sale en la foto ou No me pises que llevo chanclas (atribuídas a Alfonso Guerra, a segunda dirixida ó andalucista Pedro Pacheco que o acusara de soplapollas). La calle es mía (atribuída a Fraga Iribarne, sendo ministro do Interior). Puedo prometer y prometo (atribuída a Adolfo Suárez).

xenio con que está feita. É coma se fixesemos unha dobre lectura<sup>145</sup>. Pero isto pode ter un efecto secundario. O mexicano que transforma o refrán *Lo cortés no quita lo valiente* en *Lo Cortés no quita lo Cuautémoc* fabrica unha expresión luminosa e preñada de mensaxe (a busca e defensa da mexicanidade, *Cuautémoc*, compatible coa aceptación da cultura cristiá dos conquistadores, *Cortés*); e esta nova frase, por breve, pode correr de boca en boca suxerindo moito máis do que longos discursos. É o que Zuluaga denomina **Connotación da expresión fixa**<sup>146</sup>.

Pero o efecto máis importante, para a miña idea, é que **fixa na memoria esa innovación con tal intensidade, que, cando en calquera situación nos cadre de oí-la mentada expresión**, ben na forma normal, ben na forma innovada, **recordaremos con toda nitidez o momento en que alguén realizou a transgresión**. En calquera situación que oíamo-las expresións *Sin ton ni son* ou *A min plin*, aínda que nada teñan que ver co contorno desas marcas comerciais que as manipularon na publicidade, inevitablemente volven á nosa memoria esas marcas e os produtos que simbolizan. Non preciso insistir na importancia que isto ten para a publicidade: chega con dicir que isto converte con premeditación a calquera cidadán que lle cadre de usar esa expresión en anunciante gratuito da tal marca e con tanta máis eficacia, canto que isto acontecerá nun ambiente que, por non ser publicitario, é publicitariamente máis eficaz.

Ben mirado, quen dá introducido unha desautomatización na cabeza dos falantes, aprópiase dunha parte da lingua, privatízaa. *¡Hai que roelo!* é expresión común que adoptaron como distintivo os siareiros do Pontevedra, cando subiu da Terceira División á Primeira, ata o punto de que o *¡hai que roelo!*, que antes era neutro e extensible a situacións moi diversas, agora evoca en primeiro lugar o mundo futbolístico de Pontevedra: e non quita que, se algúns falantes novos oen ese dito noutro contexto, teñan a sensación de que se está extrapolando do particular (o Pontevedra) ó universal; e eu xa teño oído máis dunha vez *¡hai que roelo, coma o Pontevedra!*. Experiencia semellante é a que fixo Castelao titulando *Cousas da vida* a súa colaboración de humor gráfico no *Faro de Vigo*, que ó apareceren seguidas da indicación do autor da ilustración e do seu pé, transformou a locución en boa parte da provincia de Pontevedra en *¡Cousas da vida, por Castelao!*

---

<sup>145</sup> A desautomatización é o máximo de filigrana e presupón que o lector coñece ben a unidade fraseolóxica orixinal e que é quen de facer esa dobre lectura. Pero ¿que pasa co traductor? ¿Que lles pasará ós lectores dentro de douscentos anos? Moi probablemente precisarán notas a pé de páxina que expliquen ese virtuosismo.

<sup>146</sup> A. ZULUAGA: *Ibidem*; 232, n.2; 95-98.

*Os tempos son chegados.* Con este lema iniciou o PSOE a campaña para as autonómicas do 93. Alguén lles debeu advertir de que era abusivo apropiarse partidariamente dun verso do himno galego (porque cando cantasémo-lo himno, ó chegarmos a aquel verso, viría á nosa cabeza inevitablemente a imaxe de Antolín Sánchez Presedo que aparecía na publicidade á beira do eslogan); tiveron sentido e cambiaron por estoutro eslogan: *Tempos mellores.*

Marcial Gondar, describindo os cambios na mendicidade galega, fala de como os tradicionais *Pobres do saco* están sendo substituídos nas cidades polos *Pobres do trapo*, que non falan e teñen escrito nun trapo a súa situación e a petición de esmola.

Fagamos aquí algún experimento. Todos vostedes coñecen a expresión *Cabeza de vento* ou *cabeciña de vento* ("persoa insensata"). Boten de conta agora que novas imaxes ou conceptos veñen á nosa cabeza cunha simple conmutación de fonemas ou sílabas desta expresión. ¿Que lles suxiren *cabeza de escarmento* (*escarmentar en cabeza allea*), *cabeza de talento*, *de catavento*, *de piollento*, *de cemento*, *de convento*, *de fento*, *de famento*? Todas elas son transgresións que inmediatamente evocan a forma orixinal e esperable, *cabeza de vento*, pero por contraste gravan intensamente na nosa fantasía e na nosa memoria a nova e sorprendente imaxe.

Se eu describo a un covarde como a persoa que sempre *tira a última pedra*, todos desmontan o meu artificio e traen á memoria a expresión bíblica de *Tira-la primeira pedra* pero no instante repensan a nova expresión. Con isto eu amarrei con dúas lazadas a atención de todos vostedes.

Se a quen me está tratando de convencer dunha mentira eu lle digo que *envío pedras de azucre pero non de muíño*, a eficacia da consabida expresión queda reforzada. Collamos, se non, o dito *Botarlle un xerro de auga fría* e observemos que imaxes novas e inesperadas suxire algunha transformación:

*Foi coma se lle botasen un xerro de auga bendita*

*Foi coma se lle botasen un xerro de auga mel*

*Foi coma se lle botasen un xerro de augardente*

*Foi coma se lle botasen un xerro de auga de colonia*

Isto estase a facer por aí en poesía, en prosa, en publicidade. ¿Por que tan pouquiño en galego?

### 3.4. DESAUTOMATIZACIÓN EN GALEGO

Xa falei das *Pupilas gustativas* e pode ben ser que o popular o *¡Árdelle o eixe!* sexa unha evolución do *¡Arde Troia!* de raíz clásica. Non sei de ninguén que repasase a nosa literatura, na procura de desautomatizacións que ten que haber. Pero na medida en que para os máis dos galegos no século XIX o *Catecismo de la Doctrina Cristiana* do P. Astete era libro de coñecemento obrigatorio, e de coñecemento ó pé da letra, ese texto funcionaba como un referente constante tal coma se fose parte da tradición oral. Ben, pois Lamas Carvaxal desautomatizou ese libro enteiro, tecendo o seu *Catecismo do Labrego*.

#### CATECISMO DO P. ASTETE

*-Bienaventurados los pobres de espíritu, porque de ellos es el reino de los cielos.*

*-Bienaventurados los mansos, porque ellos poseerán la tierra.*

*-Bienaventurados los que lloran, porque ellos serán consolados.*

*-Bienaventurados los que han hambre y sed de justicia, porque ellos serán hartos.*

*-Bienaventurados los misericordiosos, porque ellos alcanzarán misericordia.*

*-Bienaventurados los limpios de corazón, porque ellos verán a Dios.*

*-Bienaventurados los pacíficos, porque ellos serán llamados hijos de Dios.*

*-Bienaventurados los que padecen persecución por la justicia, porque de ellos es el reino de los cielos.*

#### CATECISMO DO LABREGO

*-Benaventurados os probes, porque serán tratados como bestas d'arrieiro.*

*-Benaventurados os mansos, porque tod'o mundo mallará n-eles.*

*-Benaventurados os que choran, porque mamarán.*

*-Benaventurados os que teñen fame e sede d'a xusticia, porque os fartarán de presidio.*

*-Benaventurados os misericordiosos, porque os amolarán canto podían.*

*-Benaventurados os limpos de corazon, porque tamén estarán limpos de faltriqueira.*

*-Benaventurados os pacíficos, porque todos lles farán a guerra.*

*-Benaventurados os que padecen persecución pol-a xusticia, porque ademais de ir â cadea pagarán as costas.*

Que este fose o libro de maior éxito da nosa historia literaria, cando aínda non había a estrutura comercial das editoras de hoxe, débese, probablemente, a que os lectores facían a lectura contrastiva, propia da desautomatización, e gravaban mellor ca de ningunha outra forma a orixinalidade da nova mensaxe.

Algunha desconstrucción vemos tamén xa nos títulos. *Arredor do Non*, de Camilo Gonsar, evoca e desconstrúe o *Arredor de si* de Otero Pedrayo. Ursula Heinze

titula un libro *Arredor da muller en 18 mundos*, evocando tanto o *Arredor de si* coma *A volta ó mundo en 80 días* de Verne. *Contos interruptus*, de Manuel Forcadela, transforma o consabido *coitus interruptus*. O propio *Cantos rodados para alleados e colonizados* de Manuel María xoga coa polisemia da palabra *cantos*. *Máquina de vapor*, título de narración erótica, evoca o xa visto *máquina do tren*. *Vixia os sables ao chegar febreiro*, de Daniel Pino, xoga a facer pensar no intento de golpe de Estado en febreiro; pero os sables son peixes. *Dieste non toca o teatro de orella*, é título dun traballo de Manuel Guede, que xa de entrada indica que non "escribe teatro sen coñecementos técnicos específicos". *Crítica da razón galega*, de Marcial Gondar, evoca a *Crítica da razón pura* de Kant.

Tamén entre as mentadas revistas estudiantís hai casos de suxerentes desconstrucións. Unhas xogan ás antíteses, como *Resesoporcocer* (IB Valle Inclán de Pontevedra); outras xogan con siglas, como *BOI* ("Boletín Oficial do Instituto" Val Miñor de Nigrán), ou *RIP* ("Revista do Instituto Politécnico" M. de Suanzes de Ferrol), ou *Efepé* (IFP de Vilalba); outras xogan a modifica-la ortografía, como *Dxeneración 92* (IB Marta Guisela do Barco de Valdeorras), *Pa'kital'o es3* (IB Os Rosais de Vigo), *Fontiñas' Nius* (IB das Fontiñas, de Santiago); e outras, a transformar palabras con evidentes alusións a cousas amadas polos adolescentes: *InstiMutante* (que os alumnos do IB Salvador de Madariaga da Coruña definen como "Revista Estimulante do Instituto Salvador de Mutariaga", aludindo ás tartarugas mutantes), ou *Punkivedra* (IB A Xunqueira 2 de Pontevedra), ou, evocando a institución do *Valedor do Pobo*, crean esta cabeceira *O capador do pobo* (IB de Carril). Todo isto son faíscas dunha creatividade que parecía morta.

Se non encontrei aínda moitos casos de uso da fraseoloxía na publicidade en galego, é seguro que nos anos vindeiros vai habela, porque un recente estudio de mercado acaba de demostrar que en Galicia véndese mellor en galego, porque aquilo que se vehicula en galego merece máis confianza, resulta máis noso, máis da casa<sup>147</sup>.

### 3.5. POSIBLES SUXERENCIAS

¿Podemos facer algunha suxerencia a modo de exemplo, que axude a clarificalo que dicimos? Velaí uns poucos exemplos de sintagmas fraseolóxicos, uns

---

<sup>147</sup> Lidio Jesús FERNÁNDEZ: "Texto, discurso y relato en el anuncio publicitario", *Paremia* 2,1993,257-265.

desconstruídos, outros só descontextualizados, que ben poderían servir para campañas publicitarias diversas:

Plan de Pensións: *Gañar cos dentes pra comer coas enxivas.*

Póliza de funeraria: *Aforrar das risas prás choras.*

Praia nudista: *Como Deus te trouxo ó mundo. Onde a nudez queda desprovista de toda connotación morbosa e mesmo santificada.*

Augardente: *Para molla-la palabra. Para mata-lo bicho.*

Técnicas de Estudio: *Non o teñas na punta da lingua.*

Alternativa electoral do poder: *Volve polos teus.*

Alternativa electoral da oposición: *Páralle o carro. Non digas amén a todo. ¡En que mans estaba o pandeiro!*

Alternativa electoral libertaria: *Guinda o xugo.*

Campaña de captación de socios: *Métete onde te chaman.*

Publicación crítica: (subtítulo) *A lingua que fura sete paredes.*

Roupa deportiva: *Para andar ó devalo, ó teu aire. Para andar como che peta.*

Paraugas: *¡Deixa chover! Coma quen oe chover. ¡Que chova ata que afoguen os peixes!*

Axencia de viaxes: *Cambiar de aires. Andar mundo.*

Tertulia de actualidade: *Falando ó caso.*

Publicación de humor: *Area de sal. Sal fino.*

Música celta: *Mar por medio* (É sabido que na costa luguesa dise das terras que testan co mar que *testan con Irlanda* (ou *con Inglaterra*) *mar por medio* e con esa fórmula figuran nos testamentos).

## IV

### CÓMPRE RECUPERA-LA FRASEOLOXÍA

#### 4.1. A FRASEOLOXÍA É UNHA RESERVA LÉXICA E ESTILÍSTICA

O conxunto da fraseoloxía galega merece a denominación de *Tesouro*. Nel, a pureza léxica é total e mesmo constituínte, porque unha palabra queda nela acreditada.

A creatividade popular ten enigmas, como a conservación de **latinismos**. Así, na expresión *Aquí hai mácula* (que se di dando a entender que un desconfía: *macula* é unha palabra latina); *Ser xente* (coma cando no *Catecismo do Labrego* se ironiza sobre o sacerdocio dicindo que serve para que os fillos dos labregos *chegan a ser xente: gentem* é en latín a palabra que designa "a estirpe" e tamén "a nobreza, a aristocracia"). *Ser da mesma igualdá* (lémbrenos que en latín *aequalis* é o que é dos mesmos anos ca min).

A creatividade maniféstase na creación de palabras que só aparecen nos ditos, **palabras únicas ou idiomáticas**. *Estar nas Quimbambas* ou *nas Carnufias* é "estar moi lonxe". *Pasar ris con ras* é "pasar ou andar moi xusto". *Nun tris* ou *Nun tristrás* é "nun momento". *Contar todo tin tin por tan tan* é "relatar con todo detalle". *Pensar en xalundes* é "estar distraído". *Do trinque* "novo e aínda sen usar". *Collerlle o tintimán a algo* "entendelo, aprender a manexalo". *Se-lo doe-doe dun* é "se-la muller amada".

A creatividade popular elaborou **preciosismos estilísticos**, coma o xa comentado do señor Manuel da Costa. Vexan con que exactitude e precisión se buscan imaxes lonxanas que sirvan para describir unha realidade cercana, cando na Amaía se di que *está feireada unha moza*, cando xa tivo moitos mozos e non acaba de casar, talmente coma a vaca que xa foi a moitas feiras pero aínda non ten comprador. *Pito cairento* é "persoa esfarrapada, con cara de fame e de non ter familia" (os pitos cairos ou cairentos son os que andan abandonados pola nai, con mala pluma, con pinta de fame e de pouca saúde e buscando a calor da lareira) *¿A onde vas con ese pito cairento?* -díselle a unha moza que acompaña a un mozo de moi malas trazas (e tamén se lle chama *pito cairento* a quen vén coa roupa mollada e cheo de frío e se achega á beira do lume). *Andarlle ben a roda* dise en Laza de quen ten sorte nas cousas e semella dito creado por afiadores.

Se quen inventa unha locución é un ser humano nun instante de xenio, quen a repite no momento xusto é persoa de fina sensibilidade, porque hai que **observar moi finamente**



**a natureza** para comprende-la xusteza de expresións como *Onde canta o cuco* ("lonxe"). *Deitarse canda as galiñas* ("deitarse cedo"). *Mamar polas tetas de diante* ("gañar máis por estar en posición de privilexio": é sabido que os leitóns que maman por esas tetas son máis fortes e van mellor alimentados). *Ter oídos de porca parida* ("Estar sempre escoitando a ver se falan dun"). *Oír coma os cochos* ("ter oído moi fino"). *Te-lo muíño picado* ("ter moita fame"). *Degolarlle xa a cabeza* (dise cando unha persoa xa vai indo cara abaixo na vida). *Bota-las cabras ó monte* ("deixar unha nai ir para fóra os seus fillos para non aturalos na casa, darlle liberdade de máis"). *Ata-lo carneiro* ("casar un fillo que non se daba comprometido"). *Duro coma un sapo* ("ser resistente ós ataques e malos tratos", porque o sapo, aínda que o pisen, pode sobrevivir). *Ter máis sono ca unha cobra en xaneiro* ("ter moito sono"). *Andar coas vinte uñas* ("estar encinta"; para as vinte uñas cóntanse tamén as dos peños da criatura que leva dentro). *Botarlle toxo ó lume* ("encerrar, facer ou dicir algo que irrita a outro máis do que xa está"). *Mirar para a sombra* ("presumir". *A túa filla xa empeza a mirar prá sombra*). *Quencéronlle as orellas* ("falaron o que non lle gustou"). *Ser un fode mansiño* ("ser persoa que fai as cousas pola calada"). *Andar con dous ó lombo* ("Ser persoa hipócrita"). *Te-la risa falsa* ou *Ser moi riseiro* ("sorrir cortesmente pero con hipocresía").

É moi fina a observación de quen inventou a expresión *Gañar cos dentes pra comer coas enxivas* con valor de "traballar de novo para poder vivir ben de vello".

Vemos **descricións palpitantes** en expresións como *Anda sempre buscando o que perdeu onte* ("coa cabeza baixa"). *Están coma tres nun zapato* ("inquietaos, incómodos"). *Te-la lingua grossa, Pesarlle a cabeza máis cós pes, Estar coma unha uva* é "estar bébedo". *Estar lambendo orballo* é a situación dun cargo importante a quen defenestran e queda sen prestixio nin responsabilidade ningunha. Lambe-lo orballo é posible só para quen ten a boca ó nivel do chan (oído en Portonovo).

O falante, mesmo iletrado, ten sensibilidade literaria se espontaneamente fai transposicións deste tipo cando alguén lle di que non atopa unha cousa, coma tal as chaves, e responde: *-Seguro que marcharon á festa*; ou cando lles chama *Bombo de sardiñas e Pandeireta de sardiñas* ás caixas mediana e grande de sardiñas.

É sempre sorprendente **a naturalidade**, índice de mestría, **con que xogan á polisemia** (*Ser máis rara ca unha criba*, onde *rara* se aplica nun sentido á persoa e noutro á criba); **ou como xogan ás metáforas**, mesmo para partir de cousas prosaicas

como a corte do gando, cando din que *Durmiu mal estrado* quen vén con moi mala cara da cama, síntoma de que durmiu mal. Ou cando fan transposicións **da escola á aldea**, dicindo: *Xa se len os carreiros* ("agroman as ringleiras de millo") ou cando un traballador manual di que *Mañá é día de escola* ("día solto, día de traballo"); ou viceversa, **da aldea á escola**: *Este meniño non garda o rego* ("o neno aínda escribe con carreiros tortos"). Ou **da infancia á madurez**: *Eu xa como pola miña man* ("xa son economicamente independente"). Ou **dos animais ós humanos**: *A paso de boi* ("lentamente"). *Ser da mesma niñada* ("ser irmáns"). *Estar de escorna cabra* ("estar furioso e agresivo"). Ou **dos humanos ás cousas**: *Poñer cartos a medro* ("emprestalos a privado ou a banco para cobra-los xuros") ou **das cousas ós humanos**: *Caer en saco roto* ("desoír un consello ou unha invitación"). *Machacar en ferro frío* ("insistir inutilmente"). *Ir soltando ferro* ("ir vello e aumenta-los achaques e diminuí-las forzas", xa explicado na n. 113). *Non fumegarlle ben a cheminea* ("estar un pouco tolo"). *Estar sen gonzos* ("estar sen ánimo, sen forza": os gonzos son as bisagras que sosteñen as portas e permiten que abran e pechen con rapidez e perfecto axuste). *Estar un que arde* ("estar furioso").

Os que xa van alá deixáronnos **hipérboles** do tipo *Ter sarrío na garganta* (sarrío é o que crían as doelas dos bocois por cristalización dos depósitos do viño). *Fumarlle as tripas a un can* ("fumar moito"). *Ter un preito co bacallau e gañalo* ("estar moi fraco"). *Arrincar pedras cos dentes* ("Facer grandes esforzos"). *Non caberlle as mentiras na boca* ("contar moitas mentiras"). *Facer chora-las pedras* ("producir moita compaixón, conmover"). *Comer lume* ("estar moi irritado"). *É mellor un niño de avésporas no marco da porta que caer na lingua del(a)* ("Ser obxecto de murmuracións por parte de xente despiadada e viperina").

Deixáronnos tamén expresións nas que claramente se **designa a parte polo todo**, como en *Lingua que fura sete paredes* ("persoa hiperocrítica"). *Lingua de sete palletas* ("persoa que fala moito")<sup>148</sup>. E hainas que **describen mediante a causa ou o efecto**: *Ser de bo dente*, que é "ser persoa que come moito ou que come calquera cousa". En cambio, *Persinarse no medio da cabeza* é "estar calvo". *Estar coa esquerda ó frente* é "estar borracho" (parece que habitualmente botamos por diante a dereita). *Váiselle o tempo nos camiños* ("ten os eidos lonxe da casa"). *Papa xornales* ("sexo da muller", en Bolaño). Por veces designamos algo **pola suposta causa**: *Comeulle a lingua o gato*

---

<sup>148</sup> Lingua de sete palletas, onde non te chaman non te metas, din en Santiso (A Coruña).

("non dá unha fala, non responde") ou **polo suposto efecto**: *¡Pecha a porta, que escapa o gato!* (cando vai frío e está a porta aberta). *¡Hante come-las denonciñas!* (díselle a quen vai vestido todo de encarnado).

Deixáronnos ditos que describen **pola capacidade que se supón**, en hipérboles do tipo *Pesca-los gaios vivos* ("ser moi vivo"); ou **polo inicio da acción**, en *Molla-la palabra/palleta* ("beber"); ou **polo instrumento da acción** en *Xustiza do carballo* ("vinganza, talión, castigo a un ofensor sen espera-la actuación de quen ten a misión de facer xustiza"). Ou din algo negativo con frase afirmativa, creando unha especie de **lítote semántica**, cando se di *Da-la palabra do mudo* ("non falar").

Moitos outros preciosismos hai na fala popular. Coma tal, as **antíteses** do tipo *Parece un morto vivo, Ir romeira e volver rameira* ou *Darlle a man e colle-lo brazo*. Ou o **falar en clave para que algúns dos oíntes non entendan**, como cando se di *¡Hai roupa ó sol/estendida!* (advertencia de que hai menores escoitando). *¡Hai zocas alleas debaixo da cama!* (advertencia de que hai xente de fóra da casa escoitando).

Ou, coma tal, nese requintado xogo de intelixencia, que consiste en que falantes exquisitamente precisos, xoguen coa **imprecisión intencionada**. Voulles citar só catro exemplos. *Ser daquela maneira* significa "non ser bo", "ter algún defecto coñecido, que non se explicita pero que todo o mundo coñece" e que se aplica a persoas e cousas, situacións, procedementos e métodos que son informais, incorrectos, inxustos ou case con calquera outro defecto; e no caso de *Andar daquela maneira* o significado é "estar unha muller coa menstruación".

O primeiro *Diccionario* da Real Academia Galega<sup>149</sup> define *Unha carreiriña dun can* como "unha distancia curta", mentres que para Eladio Rodríguez é unha "camiñada grande, distancia grande a pé; o que falta para chegar a un sitio, que o mesmo pode ser un ou dous quilómetros, ou sete ou máis".

Lembren aquela cantiga

*Esta noite no muiño  
ha de habe-lo que ha de haber;  
a filla do muiñeiro  
ha de ir ó río a beber.*

---

<sup>149</sup> Diccionario Gallego-Castellano por la Real Academia Gallega da autoría de Florencio Vaamonde Lores que se publicou na Coruña por fascículos entre 1913 e 1928 e quedou interrompido na palabra cativo.

A frase xa provebrial *Aquí pasou o que pasou*, que xa citei, pode ben ser que no fondo signifique "aquí non pasou nada", porque hai outras expresións como *Prometeu montes e moreas e despois fixo o que fixo; deu o que deu*, onde obviamente quere dicir, "non deu nada".

Esta imprecisión, por intencionada, ten as súas regras, que esperan por alguén que as estudie. A análise estilística da fraseoloxía dá para varias boas teses de doutoramento.

#### 4. 2. A ORALIDADE É O PATRIMONIO GALEGO DOS SÉCULOS ESCUROS

Estamos afeitos a denominar *séculos escuros* ese tempo de silencio literario e documental que corre entre as últimas producións literarias medievais e as novas publicacións do Rexurdimento. Para a miña idea, ese concepto precisa matizacións. Non o digo porque no XVIII Sarmiento compuxese o *Coloquio dos vinte e catro rústicos* e antes Feixó de Araúxo redactase o *Entremés famoso sobre da pesca no río Miño*, nin polas *Décimas ó Apóstolo Santiago* ou algún soneto. Non o digo tampouco porque estamos obrigados a ser cautos antes de rexeitar *a priori* a posible aparición de obras en galego dos tales séculos escuros, tendo en conta que aínda hai pouco deixaron de ser tamén *escuros* os séculos XII-XV: un cambio de estética e algún outro factor<sup>150</sup> chegaron para extraviar durante catrocentos anos toda a lírica profana medieval (incluso nun país normalizado como Portugal) que foi reaparecer centos de anos despois en Italia, Lisboa, Madrid, Berkeley. Pode ser que algún día veña unha xeración de galegos que estimen os papeis vellos e xurdan cousas, maiormente dese século XVIII, farturento en arquitectura e escultura realizada por escultores e arquitectos galegos.

Pero non. É outra a razón que me fai considera-los *séculos escuros* como un silencio literario parcial. A concentración monástica operada nos séculos XVI e XVII pechou mosteiros galegos para que as rendas pasasen íntegras a financialo funcionamento de grandes centros de Salamanca, Valladolid, Madrid e mesmo para crea-lo sé episcopal de Valladolid. Pechados mosteiros e prioratos galegos desapareceu boa parte do ensino que neles se facía e o analfabetismo debeuse de facer masivo en Galicia. Sabemos ademais que entre o analfabetismo integral e a alfabetización moi alta

---

<sup>150</sup> G. TAVANI: A poesía lírica galego-portuguesa. Galaxia, Vigo 1991; véxase o capítulo II "Historia e problemas da tradición manuscrita". E aínda en pleno século XX extraviouse o preciado Pergamiño Vindel.

(a que permite todo tipo de experiencias en relación coa lectura e escritura) hai varios graos de alfabetización baixa (coma o analfabetismo funcional que só permite poñer o nome e ler algunhas mensaxes elementais). Como é inverosímil que as grandes masas tivesen un alto nivel de alfabetización e como sabemos que o analfabetismo aínda deixou de ser maioritario en 1930<sup>151</sup>, temos que abri-los ollos a unha realidade esquencida de máis: toda literatura, por ser escrita, tivo que ser ata tempos ben recentes produción de elites dirixida a unha minoría moi restrinxida: e isto, en Galicia ou no mundo grecolatino. Por sorprendente que esta perspectiva pareza, non me parece irreal. É dicir, que eu supoño que aquel laio de Rosalía no prólogo de *Follas Novas (as multitudes dos nosos campos tardarán en lêr estos versos, escritos a causa d'eles, pero sô en certo modo pra eles)* non é por escribir en galego (aínda que ela o pensase así), senón por vehicular por escrito as súas creacións.

E agora chego a onde quería chegar. As masas iletradas, non por iletradas e dominadas, deixan de ser conxuntos de seres humanos, seres naturalmente creadores. Fose ou non analfabeto o Homero autor da *Ilíada* e da *Odisea*, é case seguro que esas longas obras mestras transmitíronse oralmente centos de anos ata o tempo de Pisítrato. O ser humano analfabeto, non por iso é un ser descerebrado, silencioso, *voz do seu amo*. Non creo que as ideas dominantes sexan sempre as da clase dominante, nin creo que a estabilidade social implique a identificación de tódolos cidadáns cuns únicos valores e símbolos. Aí están os mitos, os ritos, os contos, as parodias, as adiviñas, as cantigas, os refráns, os ditos: un conxunto de creacións artísticas que corre de boca en boca, que, polo tanto, é incontrolable polo poder e que evidencia unha visión paralela (e algunha vez subversiva) da sociedade. E, se a esa arte da palabra en lei dereita non lle podemos chamar *literatura*, porque non corre no vehículo das letras, teremos que crear un neoloxismo e chamarlle *oratura*, porque se transmite oralmente; pero non lle podemos nega-la condición de arte, porque un refrán é unha creación aparentemente humilde pero ben complexa; unha adiviña ten en miniatura tódolos elementos dunha novela; e non falemos dos romances, contos ou lendas. Non lle podemos negar á tradición oral a condición de forma autónoma de coñecemento e de arte independente da cultura escrita, da que moitas veces é fonte e estímulo. Xa se ten descrito como, dende presupostos

---

<sup>151</sup> En 1887 afectaba ó 71'51 da poboación española (61'48% nos homes e 81'16% nas mulleres); aínda en 1900 afectaba ó 74% e só en 1930 baixou do 50% (46'81%). Cf. COSTA RICO: *Ibidem*. pp.38; 388. Para Galicia ofrece datos algo inferiores á media española, que, separados por homes/mulleres, son: en 1900: 70'28/53'90; en 1910: 64'62/49'44; en 1930: 45'73/35'86; e en 1940: 34'39/29'78.

teóricos moi dispares, pódese coincidir no esquencemento da tradición oral, que vive en paralelo a esoutra cultura de elite que elabora e disfruta a minoría dominante, e na cegueira que impide ver que aquelas creacións artísticas populares chegan, estas si, a toda a sociedade<sup>152</sup>.

Vouno dicir redondamente. A fraseoloxía é unha parte esencial da cultura oral que os galegos crearon, disfrutaron e transmitiron e que nos compensa, para min abondo, desa inactividade das plumas nos chamados *séculos escuros*. Coido que desta compensación xa falou o P. Sarmiento nalgún lugar. E aínda me atrevo a afirmar que quero mellor atopar vivos na boca de tódolos galegos adultos os requintes e virtuosismos da fraseoloxía galega e mailas incontables lendas, contos, ritos, cántigas, adiviñas e refráns, ca que agora aparece un Góngora galego inédito, se pasou sen incidencia ningunha na elevación cultural deste noso País.

#### 4. 3. A FRASEOLOXÍA É UN TRAZO DISTINTIVO DA LINGUA GALEGA

Algunha xente ten mágoa de que o galego se pareza moito ó castelán. Cadrarán conformes comigo en que o galego pode ser pedestremente normativo e faltarlle a orixinalidade e a gracia que ten calquera vello de calquera aldea cando fala. Pero, cando se di que o galego e o castelán (ou que o galego e o portugués) son moi parecidos estase dicindo unha media verdade; polo tanto, tamén unha media mentira. Porque un galego enxebre, é dicir, puro non é simétrico co castelán nin co portugués. Nunca dúas linguas son paralelas, coma as vías do tren. Rara é a frase na que non son converxentes ou diverxentes. Escoiten fala-la xente da aldea e nos ditos dela atoparán unha lingua abondo distante para ser lingua.

##### 4.3.1. AS LINGUAS SON ASIMÉTRICAS, MESMO SE SON PARENTES

Ignora-la asimetría das linguas pode levar a situacións cómicas. Tal é o caso daquela señora compostelá que, falando castelán, usou a expresión *Hacer el amor* co significado de "cortexar, estar namorado de, ser mozo de", que ten en galego *Facerlle o amor a*

---

<sup>152</sup> Uns, marxistas, por partiren de que as ideas dominantes son as ideas da clase dominante. Outros, funcionalistas - estruturalistas, por partiren de que a estabilidade da orde social se fundamenta na existencia dunha cultura común, uns valores compartidos, un consenso moral e un universo simbólico común. Véxase JUAN CASCAJERO: "Oralidad e historia antiga: una nueva motivación para el estudio del universo paremiológico", *Paremia* 4,1995,105-116 e tamén os outros traballos deste mesmo autor que alí cita sobre oralidade, escritura e ideoloxía e sobre loita de clases e ideoloxía nas fábulas, publicadas na revista *Gerión*.

*unha moza*. Dunha vez, para contarlle a unha neta que ela, de moza, tamén tivera moitos pretendentes, díxolle: *cuando era como tú, me hacían el amor tres chicos a la vez*. A boa da avoa dispoñía doutra locución sinónima, *Falar con*, pero na súa inocencia foi botar man da máis comprometedora. Sirva este exemplo para comprender que casos destes, con menor ou igual gravidade, danse a centos, sen que haxa hoxe abonda sensibilidade sobre o problema.

*De seu* é en galego locución adxectiva co valor de "propio" (*Ter casa de seu* é "tela en propiedade"). En castelán existe *de suyo* pero é locución adverbial co valor de "naturalmente" ou "sen axuda allea" e nos anos setenta no castelán de Galicia significaba "en rigor". Viceversa, para dicir en galego "realmente" preferimos repetir verbo ( ó Xanuco *dar deulle* vergoña, pro tivo que chorar tamén<sup>153</sup>). E para dicir "en rigor" preferimos dicir *Ben mirado* ou *En lei dereita*.

Nin están lonxe disto certas asimetrías que atopamos nas perífrases verbais. Coma tal, *Houben de ir alá* é que "estiven a piques de ir alá pero que acabei non indo". Mentres que *Hube de ir allá* é que "non tiven máis remedio que ir e fun". *Vai a durmir* é, en galego, equivalente de "vai durmindo" e, polo tanto, nada ten que ver co castelán *Va a dormir* que significa "está a punto de quedarse dormido" ou mesmo de "va a acostarse".

Hai quen di *\*Vou dentro dun ratiño* (operación ben difícil, por certo, esa de meterse dentro dun rato), cando o que quere dicir é *vou axiña, vou de contado*.

Eran as oito da mañá e chegabamos á casa duns amigos. Os que ían comigo pensaron ó mesmo tempo a mesma cousa: o mozo dixo en castrapo *¿\*Teranse erguido xa?*; a muller de corenta díxoo máis enxebre: *¿E eles andarán a pé?*

Entre dicirlle a un fillo pola mañá, mentres almorza, *apura que vas perde-lo autobús* e dicirlle *bule, que vas quedar en terra* hai a diferenza de pensar en castelán ou pensar en galego.

Supoñámo-la expresión castelá *¡Ojalá...!*. Se o desexo é positivo (*¡ojalá venga!*), o galego prefere *¡Deus queira que veña!*, que é o mesmo pero en cristián (*Deus* frente a

---

<sup>153</sup> M. GARCÍA BARROS: *Ibidem* (p. 261) Outros exemplos: il levaría a carabela á feira ou morrería no camiño. (...) Pousar, pousou en cantos sitios veu a xeito, pro non morréu no camiño (136)// Albertiño non podía aseguralo, pro díles, polo menos, parecer parecíalle o mesmo que il vira na ilesia pousado na mesa do altar (30)// O cura miróuno cunha sonrisa bondadosa:-Pero, dar déronche todos, ¿non si? -Sí, señor- respondúlle o Alberte-; pouco, moito, dar todos diron (76). //o que lle ofrecéu ó santo foi un real, que ela mesma llo levaría se lle rompía o carafuncho. Tardar inda tardóu, mais o carafuncho rompéu (93).

Alá). Pero, se o desexo é negativo (*¡Ojalá revientes!*), o galego dirá *¡Así estoupes!* ou *¡Inda estoupes!*

Moitas veces o galego prefire unha locución onde outras linguas prefiren unha soa palabra. Diga o castelán *desnudo* que o galego preferirá dicir *en coiro*. Diga aquel *necesariamente*, que nós diremos *por forza*. E así a frase castelá *El necesariamente habrá de integrarse en Suíza, porque es meticuloso como ellos* resultará en galego: *El por forza hase dar ben cos suízos, que é curioso coma eles*.

Outras veces é ó revés. Preferirá o galego unha palabra e o castelán unha locución. Di o castelán: *Fue ella la que tuvo la idea* ou *es poco serio*. E o galego dirá: *ela foi a actuanta*; ou *é un paxareiro*.

Miren a asimetría destas frases *Puse la olla al fuego y coció sola / Puxen a pota ó lume e ferveu polas súas*. Ou estoutra: *Ese señor desconfía / ese home está de pé atrás*.

*Yo en tu lugar, iría en días alternos, porque en rigor no estoy obligado a ir tódolos días*. Un alumno principiante substituiría cada palabra castelá por unha galega pero iso non daría galego enxebre. En galego sería *De min a ti, eu ía día si, día non, porque, en lei dereita, non teño que ir a cotío*.

Se entro nunha tenda ás sete da tarde en novembro un castelán dirá: *¡Buenas tardes!*; no Norte de Portugal tralo solpor xa é preceptivo dicir: *Boa noite!*; a esa mesma hora en París téñenme dito aínda *¡Bon jour!* e en Roma *¡Buon giorno!* Xaquín Lorenzo ensinounos<sup>154</sup> e a práctica rural demostrao aínda, que o galego ten un sistema propio de saúdo que prescinde de *días*, *tardes* e *noites* e que consiste en interesarnos polo que vén de facer, está facendo ou vai facer a persoa que atopamos.

Mentres nós falamos do *aforro do pirixel*, como nos recordou Alonso Montero, os casteláns falan de *el chocolate del loro*.

Mentres nós dicimos *calado coma un peto* ou *coma a misa*, os franceses din *coma unha carpa* (*muet comme une carpe*), e os ingleses *coma unha ostra* (*dumb as an oyster*).

Mentres nós dicimos *Máis vello que Matusalén* os ingleses din *Máis vello cós montes*. Mentres nós dicimos *Non me tóme-lo pelo*, os ingleses din *Non me tires pola*

---

<sup>154</sup> J. LORENZO FERNÁNDEZ: "Sobre algunos saludos en gallego", Revista de Dialectología y Tradiciones Populares XXXII,1-4,1976; 275-280.



perna (*Don't pull my leg*). Mentres nós dicimos *Chove ás cuncas*, os ingleses din que *Chove cans e gatos* (*It rains cats and dogs*). Mentres nós dicimos *Non é trigo limpo*, os ingleses din *Ten un esquelete no armario* (*to have a skeleton in the cupboard*).

Mentres nós dicimos *Face-la gata* ou *face-la mica* (e tamén *gatar* ou *micar*), os casteláns din *hacer novillos* e os peruanos din *hacer vaca*.

Mentres nós dicimos *Impórtame un pito*, os casteláns din *me importa un bledo* (tamén se dicía en tempos de Sarmiento en Galicia *un beldro*), e en Colombia e Venezuela *Me importa un chorizo*.

Mentres nós amonestamos irónicamente *¡Durmídevos ben nas pallas!*, os casteláns din *¡No os durmáis en los laureles!*

Era interesante descubrir que hai detrás de que nós falemos de *bo tempo* cando os franceses falan de *tempo bonito* (*beau temps*) ou que, mentres nós *sabémo-las cousas de cabeza*, os franceses as saiban *par coeur*, ou que, mentres nós dicimos *¡Deixa andar/ir!* ou *¡Deixa que corran as cousas!*, os franceses din *deixa facer* (*laissez faire*).

Todo isto abre ante nós un campo practicamente inexplorado, que é o da tradución das expresións do galego a outras linguas e viceversa. Como proba do difícil que é establecer equivalencias, sométtolles á consideración os seguintes cadros nos que un atento exame pode descubrir en cada columna matices de significado, de rexistro ou de nivel que non sempre hai na expresión que na columna do lado se dá como equivalente.

CASTELÁN	AGALEGADO	GALEGO
Voy dentro de un rato	Vou dentro dun ratiño	<i>Vou axiña, Vou nun pouco/chisco / miga. De aquí a pouco</i>
Pensar en las musarañas	Pensar nas musarañas	<i>Pensar nos biosbardos /paxariños preñados</i>
Aún está en pañales	Aínda está en pañais	<i>Aínda a misa vai no credo. Está bravo/ verde</i>
Estar en ayunas	Estar en aúnas	<i>Estar enxebre</i>

Yo en tu lugar	Eu no teu lugar	<i>De min a ti</i>
Lágrimas de cocodrilo	Lágrimas de crocodilo	<i>O pranto do herdeiro</i>
¡Toca madera!	¡Toca madeira!	<i>E o demo sexa xordo</i>
Irse por los cerros de Úbeda	Irse por los cerros de Úbeda	<i>Marchar polos picos dos Ancares</i>
Ser un gorrón	Ser un gorrón	<i>Se-lo can das merendas</i>
Es conveniente	É convinte	<i>É ben, era ben, cómpre</i>
Andar con dimes y diretes	Andar con dimes e diretes	<i>Andar con díxomedíxomes</i>
Comer a dos carrillos	Comer a dous carrillos	<i>Comer a dúas faceiras /dous carriños</i>
Ponerlo como chupa de dómine	Poñelo como chupa de dómine	<i>Poñer a un a pan pedir</i>
Sin rechistar	Sen rechistar	<i>Sen dar un chíó</i>
De boquilla	De boquiña	<i>Da boca para fóra</i>
¡Mejor no meneallo!	¡Mellor non menealo!	<i>¡Deixémo-la conta así!</i>

Ou ben estoutras que, aínda sendo galegas, quedan mellor en contextos informais na forma que vai en cursiva.

CASTELÁN	AGALEGADO	GALEGO
¡Buenos días!	<i>¡Bos días! / ¡Bon día!</i>	<i>¿E logo? ¿Como lle vai?</i>
Por si acaso	<i>Por se acaso</i>	<i>Polo si ou polo non</i>
Estar acostumbrado	<i>Estar acostumbrado</i>	<i>Estar afeito</i>
En rigor	<i>En rigor</i>	<i>En lei dereita</i>
Afortunadamente	<i>Afortunadamente</i>	<i>Bendita sexa a hora</i>
Eres gafe	<i>Es gafe</i>	<i>¡Ollo mau! / ¡Tes mal ollo!</i>
¡Es el colmo!	<i>¡É o colmo!</i>	<i>¡É o que lle pon o testó á ola!</i>
Te has de tirar de los pelos	<i>¡Vaiche pesar!</i>	<i>¡Hanche doe-las enxivas!</i>
Jugar sin revancha	<i>Xogar sen revancha</i>	<i>Xogar a cara de can</i>
Aún está la pelota en el tejado	<i>Aínda está a pelota no tellado</i>	<i>Aínda está o capador sobor da porca. Non botes aínda o peixe ó mar</i>

Observen o problema que crea a dispoñibilidade de formas figuradas, que o uso informal tende a preferir a outras non figuradas, pero plenamente galegas.

CASTELÁN NORMAL	GALEGO NORMAL	GALEGO FIGURADO
Provocar	Provocar	<i>Mete-los cans na bouza</i>
Impacientarse	Impacientarse	<i>Querer ve-lo día antes de nace-lo sol</i>
¡No exageres!	¡Nos esaxeres!	<i>¡Quítalle toros ó congro!</i>
No es esa la cuestión	Non é eso	<i>Non vai por aí o gato</i>

¿Ven como aparece aquí a complexísima cuestión de niveis e rexistros? As formas equivalentes non o son en tódolos niveis. Un químico, que no laboratorio provoca unha reacción, non pode denominar esa acción como *mete-los cans na bouza*.

O dito para a traducción galego-castelán vale para a traducción de ou a calquera outra lingua. Hoxe empeza a haber xa conciencia de que non podemos importar expresións de ningunha lingua, incluído o portugués, sen atentar contra a pureza da nosa<sup>155</sup>.

Xa aludín na n. 93 á *cortesía do galego* (tamén denominada *requisito e vergoña*), que en portugués se chama *Cerimónias do Cunha, cerimónias dos Cunhas* ou *Honra de Veiros* (en Lisboa pídese que alguén apague a luz, para que non se vexa quen colle ese bocado). Tamén aludín a como *ter pernas de cabra* ou *ter patas de galo* se di en Portugal *ter pernas de canivete* ou *não poder passar em Guimarães*. Ou como, mentres nós dicimos que algo *é unha América* ou *unha Habana* ("un gran negocio"), os portugueses din que *É um Brasil* ou *um negócio da China*. E teñan coidado con dicir en Portugal *Facer trampa* (que en portugués se di *Fazer batota*), xa que *Fazer trampa* é "facer porquerías, defecar". *Facer unha estafa* dise *Fazer vigarice*. *Ter unha cousa na punta da lingua* é "non darse lembrado de algo que un sabe" pero *Saber uma coisa na ponta da lingua* é "sabela moi ben, seguida e salteada". *Volvendo ó conto* (ou *ó fío do conto*) dise en portugués *Voltando á vaca fría* e, en francés, ós nosos carneiros (*Retournons à nos moutons*). Aínda que non neguemo-la relativa proximidade do galego e do portugués, unha busca sistemática e exhaustiva (que aínda non fixo ninguén), deparará sorpresas tamén no campo da fraseoloxía. A min algúns recontos, non

---

<sup>155</sup> X.M. GÓMEZ CLEMENTE: "Fraseoloxía galega e portuguesa: O verbo andar como núcleo de expresións fraseolóxicas.I". *Viceversa* 1,1995,119-144. M. GONZÁLEZ REY fixo a análise comparativa de trinta expresións en galego, español, francés, inglés e italiano ("Unha proposta didáctica para o ensino das expresións idiomáticas en lingua estranxeira", *Revista Galega do Ensino* 6,1995,161-173). Véxase tamén X. GRAÑA NÚÑEZ, X.: Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega. *Ir Indo*, Vigo 1993; 141-151.

exhaustivos, feitos sobre dicionarios de fraseoloxía portuguesa non me dan como común a portugués e galego máis dun 30% <sup>156</sup>.

#### 4.3.2. FALSAS SIMETRÍAS

Pero non só temos asimetrías, senón tamén aparentes simetrías (iso que se deu en chamar en lingüística *falsos amigos*), que poden levar a importantes confusións. E nisto a proximidade xenética do galego co castelán e co portugués tende outra rede tentadora. Quen pense que as nosas diferencias son só minucias gramaticais ou ortográficas tenderá a lanzarse alegremente a establecer equivalencias, que, sendo máis dunha vez falsas, vano arrastrar a situacións divertidas ou mesmo incómodas para os interlocutores. Ás numerosas falsas equivalencias de palabras súmanselle outras no campo das locucións.

Mentres para nós *facer unha África* é "facer unha falcatruada", para os portugueses é "facer unha proeza, unha fazaña" ou ben sinónimo do noso *Facer unha América*. Mentres en castelán *Poner una pica en Flandes* é "dar feito algo vencendo grandes obstáculos" e alude ás dificultades que en tempos de Felipe IV había para conseguir soldados que fosen a Flandes coa súa pica (en 1655 disque había tercios que só tiñan 28 soldados), os portugueses din *Meter uma lança en África*: esta locución disque alude a que estando Nun'Álvares nas varandas do Carmo en Lisboa, preguntáronlle uns amigos en que circunstancias volvería a colle-las armas; e que el colleu unha lanza e guindouna ata a praza do Rossio e engadiu que, se a patria o precisaba, aínda era quen de mete-la lanza non no Rossio senón en África. Podíamos pensar que o dito morañés de *Poñer unha lanza en París* é algo semellante a todo isto; pois non: significa "meter unha boa recomendación".

#### 4.4. É IMPRESCINDIBLE COÑECE-LAS EXPRESIÓN FIXAS

Se nós imos a Londres ou a Paris traducindo ó pé da letra *Vaiche na misa en Conxo*, deixámoslos sen saber que lles queremos dicir. Se imos a Segovia dicindo *¡Quien te diera!* (calco do galego *¡Quen che dera!*) en vez de *¡Que más quisieras tú!*, poida que

---

<sup>156</sup> G.A. SIMÕES: Dicionário de expressões populares portuguesas. Publicações Dom Quixote, Lisboa 1993. A. NOGUEIRA SANTOS: Novos dicionários de expressões idiomáticas. Edições João Sá da Costa, Lisboa 1990. Véxase tamén GÓMEZ CLEMENTE: *Ibidem* 141-143.

non digamos moito. Se imos a Burgos e traducímo-lo noso *¡Vaiche boa!*, por *¡Te va buena!*, poida que non adiviñen que queremos dicir *¡Hace mucho tiempo (de eso)!*

Do mesmo xeito, se un inglés, falando en galego, di *Non me tires pola perna (Don't pull my leg)*, déixanos pamos, sen sabermos a que se refire. O mesmiño ca se nós traducimos literalmente ó inglés o dito *¡Aquí hai gato encerrado!* Xa aludín no empezo ás frecuentes consultas dos tradutores, porque hai expresións de valor figurado que lles resultan opacas como *una mujer de campeonato, una mentira como una catedral*; ou que lles parecen incoherentes: en *salta a la vista* parecíalles raro que fose o obxecto e non a vista a que saltase; a unha finlandesa non lle colle na cabeza o dito *el alma se le cayó a los pies, coma se* algo incorpóreo puidese caer; ou que nunha conversa entre mulleres unha exclame *¡Hombre, pues es verdad!*<sup>157</sup>. Nunha universidade estranxeira, despois dun ciclo de conferencias, quixeron despedir cortesmente a un académico aquí presente dicindo *Se va con la música a otra parte*.

Temos que perde-lo medo a recoñecer que o dominio da fraseoloxía é o máis alto nivel de dominio de calquera lingua. Descoñecela pódenos levar a entender do revés o que nos din ou escriben ou mesmo a que unha mensaxe nos resulte incomprendible de vez.

Voulles contar dous exemplos médicos. Un contoumo pola radio unha muller de Lavadores (Vigo) e refírese a esa fórmula viguesa de felicitación, cando algo sae moi ben *¡Xa podes tomar un carneiro!* Foi o caso que tivo un grave accidente e xa non contaban con ela pero a pericia médica deulle salvado a vida. Cando o médico lle transmitiu que estaba inesperadamente fóra de perigo, ela exclamou *¡Xa puedo tomar un carneiro!* O médico, pensando que ela lle preguntaba por unha dieta, insistiu *¿Que di, señora?* Ela respondeu *Que xa puedo tomar un carneiro*. E o médico aclaroulle con toda a boa fe. *Ai, vostede pode comer de todo*.

O outro teno contado o Dr. García Sabell. Disque os enfermos galegos non lle damos ó médico os síntomas da doenza, como fan os enfermos casteláns, senón o autodiagnóstico e que moitos diagnósticos galegos teñen denominacións que designan a enfermidade mediante unha metáfora. Só sabendo que *non cocerlle a un a comida* encobre o autodiagnóstico dunha úlcera de estómago, pode un médico empeza-la súa exploración e darlle co mal. E o que se di dos médicos, pódese dicir de calquera outra profesión.

---

<sup>157</sup> J.M. GIRONELLA: Ibidem.

Se a distancia entre o galego e o castelán e entre o galego e o portugués permite, en niveis elementais de lingua e en ambientes de recíproca cordialidade, conversas bilingües, é tamén incuestionable que as recíprocas diferencias e a vontade popular de identificarse con estándares distintos son suficientes para falarmos hoxe de tres linguas distintas. Se textos que usan unha terminoloxía abstracta ou técnica (polo tanto case universal) e unha máscara ortográfica lles permiten a algúns soñar que son irrelevantes (ou que non existen) as diferencias fonéticas, morfosintácticas e léxicas que atrancan a recíproca comprensión oral entre un veciño de Moraña e un veciño de Évora, a fraseoloxía constitúe un novo elemento distanciador tanto do castelán coma do portugués, aínda que ata agora non se tivese en conta nas discusións sobre a identidade da lingua galega. Polo tanto, no menosprecio (ou na omisión) da fraseoloxía enxebre xogámo-los galegos un factor da nosa orixinalidade.

O desigual contacto de linguas que se vive en Galicia crea interferencias recíprocas. A incorporación ó uso do galego, nos últimos 20 anos de familias que perderan o galego hai tempo, fixo que os profesores de galego buscasen corrixi-los fallos propios de quen pensa en castelán: sintagmas como *\*Cho digo eu* ou *\*había dito* ou palabras como *\*a leite*, *\*o martillo* ou *\*convinte*. É dicir, buscouse purifica-la gramática e o léxico. Ben feito. Pero agora cómpre dar un paso máis: temos que desterra-los castrapismos fraseolóxicos *\*por si as moscas*, *\*desde fai pouco tempo*, *\*é convinte facer*, *\*dá igual* e recuperar *polo si ou polo non*, *de pouco pra acá*, *era ben facer / cómpría facer*, *tanto ten*.

Salvada nos pasados vinte anos a pureza morfosintáctica e léxica, cómprenos salvar nos vinte vindeiros a pureza fonética e fraseolóxica, porque, como dixeran, os ditos son construcións prefabricadas e dispoñibles para novos actos de fala, e por iso forman parte da lingua coma a gramática e o léxico. Cómpre, polo tanto, que o estudo práctico da fraseoloxía entre dunha vez nos plans de estudio da lingua dos que ata o momento está ausente, sen explicación posible<sup>158</sup>.

Era ben que os galegos que traballan nos problemas verdadeiros da nosa lingua, inclúsen no seu saco de preocupacións as cuestións da recuperación da fraseoloxía enxebre. ¿É posible recuperar na cidade anónima as formas de saúdo aínda vixentes nas

---

<sup>158</sup> Se no inglés, por exemplo, existe tradición de aprendizaxe escolar dos idioms, nas linguas románicas todo isto parece seguir dependendo da aprendizaxe oral extraacadémica. Véxase, para o español, M. GARCÍA-PAGE: "El 'modismo' en la enseñanza del español", *Analecta Malacitana* 16.2, 1993, 347-363.

vilas e aldeas? ¿Poden os compadres volverse a tratar de *vós*? ¿Ou xa se van dar como únicas formas galegas de saúdo as paralelas doutras linguas *Bos días, Boas tardes*?

Neste sentido en Galicia temos aínda moito monte por rozar e moito camiño por facer.

#### 4.5. A RECUPERACIÓN

Non son o primeiro en dicilo, que xa outros teñen manifestado a súa alarma ante a crise da fraseoloxía. Á parte dos que publicaron as súas recolleitas, a primeira que lembro é a de Franco Grande en 1970 na súa edición da obra de Leiras Pulpeiro<sup>159</sup>, e as máis recentes, as de Graña Núñez e de Gómez Clemente, que falan do alarmante empobrecemento do idioma. No medio debo lembra-lo estímulo de Ramón Piñeiro, de Filgueira Valverde<sup>160</sup>, pero sobre todo dos profesores Antón Santamarina e Constantino García, e a aportación entusiasta de dúcias de profesores de EXB e de compañeiros de traballo, ou de centos doutras persoas das que levo recollido milleiros de notas.

Pero os tempos van cambiando. Se en tempos parecía difícil entende-lo interese da recuperación fraseolóxica, hai xa algúns anos que o quincenario *Irimia* e maila *Radio Galega* lle abriron as portas. A Universidade de Vigo, que se preocupa explicitamente polos problemas da traducción, creou a revista *Viceversa* atenta ós problemas da fraseoloxía. E, para o aproveitamento didáctico da fraseoloxía, empezan a aparecer traballos, un de 1992 de Paco Rivas (*Expresións e ditos populares da área mindoniense. Unha proposta didáctica*)<sup>161</sup>, e os outros dous, da mesma man e publicados no mesmo ano 1995. Carme López Taboada publicou *Do falar e do escribir*<sup>162</sup>, e a mesma lexicógrafa en colaboración con María do Rosario Soto Arias publicou tamén *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*<sup>163</sup>. O primeiro, a partir dunha lectura chea de expresións, propón cinco series de exercicios. O segundo, tras unha definición de 4.628 expresións (sen contar pequenas variantes) sometidas a unha elemental clasificación temática, ofrece xa un repertorio de vinteseite series de exercicios, que cubren case tódalas áreas da lingua incluíndo moitas incursións na

---

<sup>159</sup> M. LEIRAS PULPEIRO: *Obra Completas. Estudio crítico de X.L. Franco Grande*. Galaxia, F. Penzol, Vigo 1970, passim, maiormente 72-76.

<sup>160</sup> Lembro, entre outros, o artigo "Homes e nomes", recollido no Segundo Adral. Edición do Castro, Sada 1981;52-55.

<sup>161</sup> Ed. Deputación Provincial de Lugo, 1992.

<sup>162</sup> Fontel Edicións, A Coruña 1995.

<sup>163</sup> Galinova, A Coruña 1995; 278.

estilística. Aínda que alguén sinalare algunhas graias na lematización ou definición (inevitables en toda obra que abre camiños novos), temos que aplaudir este traballo que non só enche un baleiro didáctico, que nos doía, senón que ofrece ferramentas que agora xa ningún profesor de galego pode deixar de usar. Penso, mesmo, que pode ser un material de certa utilidade para escritores e xornalistas. Sei tamén que medra o número de universitarios que se achegan á fraseoloxía para investigar os máis variados aspectos.

No Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias *Ramón Piñeiro* estamos reunindo o resultado de moitos anos de recolleita directa da boca da xente e de canto hai disperso en escritos publicados ou inéditos. O volume da información dispersa que había era moito maior do que pensabamos e permítenos afirmar que a fraseoloxía do galego non é menos rica cá de ningunha das linguas colindantes, sendo tal a personalidade do galego, que non precisa calcar expresións de ningunha outra lingua máis do que é habitual en préstamos necesarios. Se Deus nos dá saúde e se a Xunta de Galicia mantén a súa confianza neste proxecto, dándonos tempo e medios, nos anos vindeiros poderemos devolverlle ó pobo galego esta riqueza, ordenada en *Diccionarios fraseolóxicos alfabéticos, temáticos e quizais bilingües*, tal e como demanda a crecente presenza pública da lingua galega.

Poñámoslle o ramo a esta reflexión, longa, non pola fondura, senón pola miña incapacidade de dicir catro cousiñas en catro palabras.

¿Cantos millóns de horas tiñan que traballa-los nosos poetas, para crearen este tesouro fraseolóxico, se non o tivesemos xa feito? ¿Canto diñeiro custaría hoxe aprenderllos á xente ata conseguir oílos usados con xeito na fala espontánea de calquera cidadán? Ben, pois todo ese tesouro mítico e fraseolóxico de Galicia xa está aí, feito e activo. E, mentres aquí non se valoraba, houbo algún pillabán que pasou con el a raia seca do Padornelo e adornou a literatura castelá, dando por froito da propia fantasía o que é propiedade de tódolos galegos.

O repentino crecemento das vilas e cidades e o despoboamento do campo fai que para a lingua galega este noso tempo sexa un tempo apaixonante aínda que delicado. Podía significa-la perda de falantes ou de riqueza fraseolóxica, se o castelán (e o inglés) manifestaren máis vigor e a fraseoloxía galega só se modernizare con expresións calcadas desoutras linguas (*En cantidades industriais, Fóra de serie, Darse de baixa, En última instancia, Muller da rúa, Orde do día, Pirata do aire*). Pero, se o galego



mantén a súa vitalidade e os galegos a nosa proverbial capacidade de adaptación a situacións novas sen deixarmos de ser nós, pode tamén significala reconquista de ámbitos urbanos ou formalizados, secularmente inaccesibles. Nese caso a lingua medrará tamén con creacións fraseolóxicas autónomas, do tipo *Chover coma nas películas*, *Te-las persianas abertas*, *Ter poucos megas*, *Paréce-lo sereno da Rúa Nova*, ás que xa aludín. Eu confío en que a Galicia urbana e a vida formalizada se van reconciliar coa nosa historia, coa nosa paisaxe, coa tradición galega que marca o noso ritmo cardíaco, porque a harmonía co entorno é fonte de serenidade e a falta de harmonía é fonte de sufrimentos, como veñen explicando e avisando os antropólogos. Eu confío en que a lingua galega sairá fortalecida do proceso urbanista, porque en trollos peores xa se viu metida. Certos pesimismo, fillos do amor á lingua, nacen da sensación de que chegamos tarde a todo. Non chegamos tarde a nada. O que pasa é que hoxe o proceso de normalización, como dixeron, leva xa tal velocidade que supera a nosa capacidade de dotarnos das ferramentas necesarias a esa mesma velocidade. Pero iso é síntoma de que a lingua tira xa por nós, non nós por ela.

A lingua é a nosa casa común; poida que a única propiedade común común. Todos estes primores lingüísticos defínennos, engalánannos, protéxennos. A lingua fainos alguén. Galicia non precisa disfrazarse de lagarterana nin de alentexana para ser alguén aquí e no mundo. Tamén falando da propia lingua resulta ridículo andar dicindo que se *ten moita terra na Habana*. Para falar de linguas debía ser obrigatoria unha reflexión ecoloxista: o que cómpre salvar é a diversidade biolóxica; o resto é imperialismo. Debe haber sitio no futuro para as linguas pequenas.

E haino. Cando os franconormandos perseguían o inglés na propia Inglaterra, o inglés era unha lingua pequena, acurrada nas aldeas entre vacas, coellos e galiñas; ninguén daba un peso polo futuro del; e mais chegou a se-la lingua internacional que hoxe é. Logo a recuperación tamén é posible para outras linguas. E, aínda que o galego non precisa aspirar a ser unha lingua grande, porque tódalas linguas grandes o son, por afogaren outras linguas, pode aspirar, en cambio, a seguir sendo a lingua dos galegos, aquí e onde haxa galegos, porque ten tradición, ten personalidade, ten vitalidade.

Esta lingua é a nosa e por iso ela é o noso futuro, se os galegos habemos ter futuro. Sen lingua galega non hai Galicia. Unha Galicia americana ou xaponesa podía, se cadra, manexar máis diñeiro, pero daquela era xa pura arqueoloxía ese corazón que bate no peito dos galegos en harmonía coa paisaxe, co Pórtico da Gloria, coa nosa

cociña, coas nosas tradicións e con estas palabras que nos definen. E aínda que algúns pensen que é inocuo deixa-la propia lingua, por unha ou por outra que sexa, non é así. Nada diso se fai sen grandes sufrimentos: Galicia ten na súa postración económica, e na amargura de séculos de emigración humillante e empobrecedora, e mesmo en defectos aniquilantes, coma a desconfianza, o escepticismo, a nugalla e sobre todos, a escasa autoestima, o resultado de que o Poder intentase arrincárno-la nosa lingua con tódolos medios imaxinables, con tódalas colaboracións posibles e co prazo abondoso de catrocentos anos.

Ben está que os galegos aprendamos outras linguas, que Galicia é terra aberta. Pero ninguén coma nós pode avalar coa experiencia e coa nosa lamentable posición económica no conxunto dos pobos de Europa a afirmación de que quitarlle a un pobo a súa lingua só serve para humillalo, dominalo, empobrecelo; nunca para que progrese, sexa feliz e reparta felicidade. Sen sermos nós, nós non temos futuro. Só a harmonía pode dáno-la saúde cultural, psíquica, económica.

E, se habemos ser nós, cumprirá recuperar con orgullo os primores desta lingua, que eu hoxe aquí só quixen insinuar. Aprendámoslles a falar con calidade ós nosos fillos e netos, porque a lingua, e todo o que a lingua trae consigo, fainos pobo, defínenos. *Cada quen fala coma quen é.*

Non era nada vulgar o vulgo que isto creou. Era sensible tamén quen oíu, aprendeu, repetiu a filigrana dos ditos, xoias que enfeitan a fala. Nesta Academia para o vulgo pido o aplauso de todos. Deixen que por gratitude as súas mans falen hoxe coa historia.

RESPOSTA

DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON

CARLOS CASARES MOURIÑO

Señores académicos:

Hai xa moitos anos, un día chuvioso do outono de 1967, moi preto do lugar onde hoxe nos atopamos, Ramón Piñeiro facía a súa entrada solemne na Real Academia Galega. No discurso regulamentario de resposta, interpretando acertadamente os sentimentos que embargaban á multitude enfervorizada que enchía o amplo salón do Círculo de Artesanos, Domingo García-Sabell trazou daquela un agudo retrato psicolóxico do novo académico. As liñas máis grosas daquel debuxo destacaban as virtudes e os valores morais que todos cantos tratamos intimamente a aquel home excepcional lle coñeciamos tan ben. Un destes valores era, sen dúbida, o da súa xenerosidade cordial.

Efectivamente, Ramón Piñeiro era un home xeneroso, extremadamente xeneroso, non só coas súas cousas materiais, que por non seren moitas incrementaban o valor da actitude desprendida e dadivosa do seu dono, senón tamén co seu tempo, que lles regalaba a mancheas ós amigos, incluso ós descoñecidos, en detrimento da súa propia obra intelectual, como dixo igualmente naquela ocasión Domingo García-Sabell. Piñeiro era así mesmo xeneroso coas súas palabras, sempre dispostas a recoñecer os aspectos máis atractivos e positivos da personalidade dos demais. Todos sabemos con que prodigalidade repartía Piñeiro o calificativo de “boa persoa” ou de “excelente rapaz” ou de “home entregado”.

Poucos saben, sen embargo, que esta xenerosidade sen reservas destinada a resaltar as cualidades morais da xente, convertíase en cautela, mesmo me atrevería a dicir que nunha certa prudencia precavida, cando se trataba de emitir xuízos ou estimacións sobre a capacidade intelectual das persoas. Aí, Piñeiro procedía sempre con responsabilidade. Efectivamente, dicir de alguén que é bo ou simpático ou xeneroso non compromete máis que ó propio corazón. Se un, ademais, tende a ver o mundo desde unha perspectiva optimista, da que se exclúe o mal como categoría moral, relegándoo á condición dunha simple anomalía psicolóxica, que era como o vía Ramón Piñeiro, destacar o mellor de cada persoa non é máis que o resultado desa actitude indulxente e cordial.

Coas cousas do intelecto, Piñeiro procedía de outra maneira. Como é sabido, ser ou non ser intelixente non ten significado moral de ningún tipo: é unha cualidade que, o

mesmo que se posúa que non, non afecta ó cerne da ética dos individuos. De aí que careza de transcendencia nese aspecto, por moi importante que sexa á hora de comprender e explicar o mundo desde unha perspectiva intelectual, filosófica ou científica. Por ese motivo, afirmar que un individuo calquera está dotado de intelixencia significa dar un dato, non emitir un xuízo de valor. Agora ben, se Ramón Piñeiro era un home xeneroso á hora de enxuizar ós seus semellantes, era ó mesmo tempo un ser humano profundamente honrado, o cal non lle permitía nunca manipular ou falsificar a realidade dunha maneira consciente ou deliberada.

Esa é a razón de que repartise prodigamente os calificativos destinados a exaltar as virtudes das persoas e fose en cambio moi xusto e exacto cando se trataba de describir a súa capacidade intelectual. Nestas cuestións, Ramón Piñeiro actuaba de xeito escrupuloso e con moito coidado. Mesmo tiña establecido unha xerarquía perfectamente graduada, chea de matices, que incluía máis ou menos os seguintes banzos ou categorías: “traballador”, “agudo”, “listo”, “brillante”, “intelixente”, “francamente intelixente” e “moi intelixente”. Escoiteille con bastante frecuencia os primeiros, incluído o referido á brillantez. En cambio, no uso dos tres últimos era moi parco.

Naquela época en que desde a famosa mesa camilla do piso de Xelmírez 15, en Santiago, Piñeiro levaba conta de todo canto sucedía no pequeno e difícil mundo da cultura galega, cada vez que eu o visitaba, falábame con entusiasmo do descubrimento ou incorporación dalgún converso á causa galeguista, o cal lle producía sempre unha alegría desbordada e contaxiosa. Foi nunha desas visitas cando escoitei por primeira vez o nome de Xesús Ferro Ruibal, o home a quen hoxe recibimos como membro de número na Real Academia Galega. Piñeiro díxome daquela que era un bo rapaz. “Un magnífico rapaz”, recalcou. Confeso que nin me sorprendeu nin me chamou a atención. Non mediando ningunha canallada polo medio, e ás veces nin sequera mediando varias, esa era a consideración que a Piñeiro lle merecía case todo o mundo. Pero de seguida engadiu: “E ademais é moi intelixente”.

Eso si que me picou na curiosidade e me fixo sentir o desexo de coñecer a aquel mozo. De maneira que saín daquela visita coa esperanza de encontrarme pronto con el. Se Ramón Piñeiro lle outorgaba o título de moi intelixente, estaba claro que era unha persoa que merecía a pena. Por sorte, non tardaría en comprobalo uns meses despois. A primeira vez que falei con Xesús Ferro Ruibal, ós poucos minutos da conversa que acababamos de encetar, advertín que non pertencía a esa clase de persoas que aceptan

sen máis, con pasividade ou indiferencia, o que escoitan, senón a esa outra, máis rara e infrecuente, de quen se dedican a interromper o discurso dos demais con preguntas, aclaracións e obxeccións. Este tipo de conducta, cando vai acompañada da cortesía obrigada, como no caso que nos ocupa, en xeral é propia de personalidades que á intelixencia unen tamén o sentido do rigor e a precisión.

Anos despois daquel primeiro encontro, un día recibín unha carta de Xesús Ferro Ruibal, que daquela vivía en Ferrol, onde exercía como catedrático de Latín nun instituto de Ensino Medio. Comunicábame o envío dun libro titulado *Dido e Eneas*, que me dicía que fixera con moita ilusión, pensando nos profesores e os alumnos de bacharelato, pero co horizonte do uso e a extensión da lingua galega como meta. Era un traballo exhaustivo sobre a xénese e a vida dos dous personaxes de Virxilio, elaborado co rigor propio dun especialista. Non me sorprendeu a seriedade e a fondura do estudio, pois xa tiña unha idea da personalidade do autor e imaxinaba cómo debía traballar. Chamoume a atención, en cambio, por novidoso, o seu entusiasmo pedagóxico, pois non é frecuente que os profesores sacrifiquen as súas ambicións para convertérense en sabios ou investigadores recoñecidos, en favor das tarefas domésticas que consisten en axudar ós seus alumnos e facilitarlles a aprendizaxe das materias que lles imparten.

Foi entón cando empecei a pensar que o outro calificativo que Ramón Piñeiro lle outorgara a Xesús Ferro Ruibal a primeira vez que me falou del, é dicir, que era un bo rapaz, adquiriría un significado real, máis alá da xenerosa consideración que ó noso querido amigo e mestre lle merecían case todas as persoas que coñecía polo simple feito de seren seres humanos. Efectivamente, ademais de intelixente, Xesús Ferro Ruibal era bo. Poñer o propio saber ó servizo dos demais, non en beneficio dunha carreira brillante, por lexítima que sexa, é un rasgo propio da xente que ten bo corazón; que é a mesma xente que constrúe ideais e que entende a vida non só como actividade individual, senón como concurso e cooperación en tarefas comúns en beneficio dos seus semellantes.

Outra proba desta maneira de proceder chegounos uns anos máis tarde coa publicación do libro de Latín que Xesús Ferro Ruibal preparou xunto con Antón Miramontes, Concepción Sande e Xosé Souto para os alumnos galegos de bacharelato. Tratábase dun libro humilde. Quero dicir que o moito saber que nel se encerraba non estaba destinado á adornar coas palmas da erudición ou a investigación especializada un curriculum académico de mérito, senón a facerlles máis fácil e atractivo ós estudantes a

aprendizaxe dunha asignatura tradicionalmente considerada como unha materia árida e inservible. Pero non se trataba só de ensinar latín, senón de descubrirlle ós rapaces, a través do estudio desa lingua, a súa identidade cultural como galegos.

Ese é o motor que move toda a actividade, múltiple e inesgotable, que leva a cabo con entusiasmo contaxioso e responsabilidade admirable Xesús Ferro Ruibal: Galicia e a lingua galega. O seu talento está enteiramente ó servizo desta causa. É unha sorte porque as causas nobres tenden a congregarse arredor unha masa moi grande de corazóns xenerosos, pero non sempre corazóns xenerosos e cabezas claras ó mesmo tempo. Os primeiros poñen o fervor e o entusiasmo, aínda que ás veces tamén o fanatismo e a intransixencia. As segundas son as que se encargan de que a nobreza das causas consiga a eficacia necesaria para que un día cheguen a ser causas realizadas, que debe ser o destino de toda causa orientada e dirixida por persoas intelixentes, ó revés do que sucede coas causas dirixidas por xentes de alma ardente, que a miúdo acaban convertidas en fogueiras.

Non pensedes, sen embargo, que Xesús Ferro Ruibal é un home frío ou sen paixóns. El mesmo ten contado cómo de neno, cando estaba no seminario de Santiago e os seus profesores burlaron a súa inocencia infantil facéndolle crer que falar galego era falar mal, anotou no seu diario un propósito tan heroico como equivocado: poñer un cilicio cada vez que tivera a debilidade de falar en galego. Tampouco vos confundades respecto da súa bondade e a súa tolerancia, que nada teñen que ver coa indiferencia. Hai anos, na revista *Encrucillada*, na que ten deixado moitas horas de traballo e de emoción, propuxo crear unha especie de cárcere de papel, como aquela popular sección que existía na revista *La Codorniz*, para encerrar nela de maneira simbólica a aquelas persoas ou institucións que se distinguían pola súa animadversión en contra do galego. O que sucedeu foi que el propuña que en vez de “cárcere de papel”, que sería un plaxio ou un remedo, se lle chamara o cuarto dos ratos de sor Julita, que era o lugar onde a tal monxiña pechaba na escola á que asistiu Xesús Ferro Ruibal ós nenos menos aplicados ou máis dísculos.

Esta firmeza, baseada nun fervor inocente no primeiro dos casos, aparece no outro tinguida de humor. E que, sendo como é, Xesús Ferro Ruibal non podía carecer de sentido do humor, esa forma de cortesía ou delicadeza capaz de disolver en amabilidade, en gracia ou en ironía, a gravidade das cuestións máis transcendentales. O humor está presente nos escritos de Ferro, como vós mesmos tivestes ocasión de

comprobar ó longo do fermoso discurso que nos acaba de ler. Non dubido que en parte ten que ver coas súas características intelectuais, pero en parte ten que ver tamén coa cultura da cal procede. Unha cultura na que dicimos dun mintireiro, como el mesmo nos acaba de ilustrar, que “por cada verdade que di, cáelle un dente, e aínda os ten todos” ou na que falamos da proximidade da morte como que “vai chegando o tempo de durmir fóra” ou rebaixamos as pretensións dos fatuos dicindo que “son señoritos ou señoritas de caldo á merenda”.

A estudar esa cultura ten dedicado Xesús Ferro Ruibal moitas horas de traballo ben feito. Xa no ano 1979 nos sorprende cun detallado estudio sobre “Oracións e ditos relixiosos en galego”, que en boa medida anticipaba o que ía ser o discurso que acabamos de escoitar. Daquela, Ferro laiábase dun feito que hoxe resulta fácil de comprobar: a tendencia progresiva no galego urbano a traducir ó pe da letra expresións usuais aprendidas en castelán por descoñecemento das equivalentes galegas, de orixe rural, que non pasaron á lingua que hoxe se fala nas cidades. Para dicilo cunha elocuente expresión do propio autor, moitas veces “botamos frases castelás nun molde galego e o bolo que sae do forno non sabe a galego”.

Este é o asunto que trata o novo académico no seu discurso. En primeiro lugar constata un feito: a fraseoloxía dunha lingua é o espello no que se reflicte o rostro dun pobo. En segundo lugar, demostra tamén que a fraseoloxía non é un proceso pechado ou morto, senón un movemento que non se detén, aínda que esa fonte de orixinalidade, extraordinariamente rica, non se utiliza en galego na vida moderna, ó revés do que sucede con outras linguas. Ata aquí, os feitos, que Xesús Ferro estudia coa exhaustividade que lle é característica. Se Ramón Piñeiro estivese presente hoxe aquí e o seu delicado sentido da cortesía lle permitira facer un comentario co seu veciño de asento durante a lectura do discurso de Xesús Ferro Ruibal, seguro que o seu comentario sería máis ou menos o seguinte: “Xa che dicía eu que era moi intelixente”.

Por esta vez probablemente calada o outro adxectivo, non porque non o pensase, que estaba claro que o pensaba, senón porque lle parecería redundante. Sobre todo, despois de comprobar o propósito real deste discurso: incitarnos a todos a iniciar un movemento de recuperación da fraseoloxía galega no ensino, na literatura, no xornalismo ou na publicidade. Porque non debemos esquecer que Xesús Ferro Ruibal non dedica as horas que consagra ó estudio, con tanto método e sabedoría, para converterse nun sabio cheo de glorias e de honras, senón para que esta causa fermosa na



que estamos metidos chegue un día ó destino que debe chegar. Para esa tarefa necesitamos moito corazón e moita intelixencia. Hoxe acabamos de asistir aquí a un acto no que non faltou un nin estivo ausente a outra.

Por eso nos sentimos contentos. Con esa alegría dámoslle a boa vinda ó novo académico a esta casa, onde desde agora vai axudar ós traballos que aquí se fan e que van contar en adiante coa súa colaboración inestimable. Afortunadamente. Ou mellor dito, para dicilo como a el lle gustaría: “Bendita sexa a hora”.